

TEXTOS
PARA O
DEBATE

O Eixo Atlântico: un territorio educador, unha comunidade educativa

Coordenadores da publicação
Coordinadores da publicación

María Belén Caballo Villar

Autores

José Antonio Caride Gómez
João Paulo Ferreira Delgado
Ana Paula Marques
Pablo Montero Souto
Américo Nunes Peres
Héctor Manuel Pose Porto

O EIXO ATLÂNTICO:
UN TERRITORIO
EDUCADOR,
UNHA COMUNIDADE
EDUCATIVA

O EIXO ATLÂNTICO:
UN TERRITÓRIO
EDUCADOR,
UMA COMUNIDADE
EDUCATIVA



Editor

Xoán F. Vázquez Mao

Director do Servizo de Estudos e Publicacións

Director do Servizo de Estudos e Publicações

Enrique José Varela Álvarez

Edición / Edição

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, Vigo

Comunicación e Publicacións / Comunicação e Publicações

Chus Torres

© 2009 Eixo Atlántico

© Os autores

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISBN: 978-84-613-3264-9

DL: C 2021-2009

COMISIÓN EXECUTIVA / COMISSÃO EXECUTIVA

LUIS FILIPE MENEZES

Presidente / Pdte. da Câmara Municipal de Vila Nova de Gaia

ABEL CABALLERO

Vicepresidente / Alcalde de Vigo

RUI RIO

Vogal / Pdte. Câmara Municipal do Porto

DEFENSOR OLIVEIRA MOURA

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Viana do Castelo

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES

Vocal / Alcalde de Pontevedra

XOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO

Vocal / Alcalde de Santiago de Compostela

ANTÓNIO MAGALHAES

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Guimarães

DOLORES GARCÍA

Vocal / Alcaldesa de Vilagarcía de Arousa

SERVIZOS TÉCNICOS – SERVIÇOS TÉCNICOS

XOÁN MAO

Secretario Xeral / Secretario Geral

AMAYA GARCÍA


Coordinadora – Galicia (España)

CLAUDIA ANTUNES

Coordenadora – Região Norte (Portugal)

Rúa Bolivia, 4
36203 VIGO
Tel. 0034 986 480 616
Fax. 0034 986 482 022

Av. Inferior á Ponte D. Luís 1, 55
5050 – 074 PORTO
Tel. 00351 222 019 937/8
Fax. 00351 222 019 939



BREVE RESEÑA DOS INVESTIGADORES

María Belén Caballo Villar

belen.caballo@usc.es

Doutora en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela (1997), coa defensa da Tese *Modelos organizativos da Administración local no horizonte da Cidade Educadora. Realidades e perspectivas no contexto español*. Desde 1996 forma parte de cadro docente e investigador do Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social desa Universidade, desenvolvendo o seu labor no seo do equipo de investigación SEPA-interea, Unidade Competitiva do Sistema Universitario Galego en Humanidades e Ciencias Sociais.

Na actualidade, e desde o ano 2003, é profesora titular de Pedagogía Social, impartindo docencia nesta materia e noutras vencelladas á acción socioeducativa nas administracións locais e á Pedagogía do lecer.

As súas publicacións e liñas de investigación céntranse, fundamentalmente, nas seguintes temáticas: políticas socioeducativas e desenvolvemento comunitario local, Cidades Educadoras, tempos educativos e tempos sociais, e Pedagogía do lecer.

José Antonio Caride Gómez

joseantonio.caride@usc.es

Doutor en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela, da que é Catedrático de Pedagogía Social no Departamento de Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social. Profesor visitante de diferentes Universidades europeas e latinoamericanas, o seu labor tense proxectado en mais de 300 publicacións, entre outras: *Las fronteras de la Pedagogía Social* (Gedisa, 2005) e *Educação e Desenvolvimento Comunitario Local* (Profedições, 2007).

As súas liñas de investigación atenden diversas temáticas: Educación Ambiental e sustentabilidade; Educación Social, Políticas Culturais e Desenvolvemento Comunitario; tempos educativos e sociais; Pedagogía Social e Cidadanía. Desde 2002 preside a *Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social* (SIPS). Dirixe o Grupo de Investigación SEPA-interea, Unidade Competitiva do Sistema Universitario Galego en Humanidades e Ciencias Sociais. En 2004 foille concedida a Orde ao Mérito Institucional do *World Council for Curriculum and Instruction*.

João Paulo Ferreira Delgado

jpfdelgado@iol.pt

Licenciado em Direito e Doutor em Ciências da Educação pela Universidade de Santiago de Compostela (Espanha), é investigador externo, vinculado ao Instituto da Criança da Universidade do Minho, a través de um Programa de

Bolsas de pesquisa do Ministerio de Educação e Ensino Superior de Portugal. Área científica principal: Infância e juventude; família, legislação social. A autonomia e a participação na organização escolar.

Área científica específica: O acolhimento residencial e o acolhimento familiar de crianças e jovens em risco. Resposta educativas perante a exclusão social.

Actividades profissionais e cargos desempenhados: Profesor Auxiliar do quadro da Universidade Portuguesa; colaborador externo da equipa SEPA-interea da Universidade de Santiago de Compostela desde setembro de 2005; vogal da Direção da Sociedade Iberoamericana de Pedagogia Social (SIPS), eleito para o período 2005-2008.

Ana Paula Marques

amarques@ics.uminho.pt

Professora Associada do Departamento de Sociologia do Instituto de Ciências Sociais da Universidade do Minho (UM). Licenciou-se em Sociologia pela Faculdade de Letras da Universidade do Porto, tendo concluído em 1996 o Mestrado em Sociologia pelo Instituto Superior de Ciências do Trabalho e da Empresa, Área de Especialização de Sociologia do trabalho. Doutorou-se, posteriormente, em 2003, com a tese intitulada *Entre o Diploma e o Emprego. A inserção profissional de jovens engenheiros*, tendo sido publicada pela Afrontamento (2006).

É investigadora permanente do Centro de Investigação em Ciências Sociais (CICS) da UM, sendo que as principais áreas de interesse são: i) trabalho, emprego e grupos profissionais; ii) inserção profissional e empreendedorismo; iii) relações de género e identidades profissionais. Coordena(ou), neste domínio, diversos projectos de investigação, e têm várias publicações individuais e em co-autoria.

Pablo Montero Souto

pablo.montero.souto@usc.es

Estudante de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela, está adscrito ao Programa de Formación de Profesorado Universitario do Ministerio de Ciencia e Innovación do Governo de España. Forma parte do Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA), Unidade Competitiva do Sistema Universitario Galego en Humanidades e Ciencias Sociais. Como Educador e Pedagogo Social tem colaborado con distintas redes científicas e sociedades profissionais. Na actualidade desenvolve o seu proxecto de investigación doutoral, dirixido polo profesor José Antonio Caride, arredor das realidades educativas e sociais da sustentabilidade urbana nas cidades españolas. Neste eido, a súa contribución máis recente

está publicada no estudo sobre o *Asociacionismo cultural na vida municipal da provincia da Coruña*, realizado no marco do *Proxecto interea*.

Américo Nunes

aperes@utad.pt

Professor Associado com Agregação em Educação Intercultural na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), Portugal. Doutor em Filosofia e Ciências da Educação e Doutor Europeu pela Universidade de Santiago de Compostela (Espanha).

É delegado do Reitor da UTAD Pólo de Chaves, membro do Departamento de Educação e Psicologia, Director do curso de mestrado em História e Problemas Actuais da Educação, Coordenador do curso de licenciatura em Animação Sociocultural e sócio fundador da SIPS e da RIA.

É autor de vários artigos publicados em revistas e livros sobre a formação de professores e animadores socioculturais, educação intercultural, pedagogia social, animação turística, tendo participado e organizado várias acções de formação e de animação sociocultural em congressos, jornadas e reuniões de âmbito científico, cultural e associativo.

Héctor Manuel Pose Porto


hector@udc.es

Doutor en Psicopedagogía pola Universidade da Coruña desde o 2005 onde defendeu a súa Tese de Doutoramento *A Acción cultural nas cidades: realidades e perspectivas das políticas culturais municipais na Galicia urbana*.

Participou tanto como investigador en diferentes estudos sociopedagóxicos, como relator en numerosos Congresos, Cursos e Xornadas sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural, así como publicou libros e artigos sobre políticas culturais locais, participación social, animación teatral e temas socioculturais en xeral.

Exerceu como Técnico de Educación e Cultura do Concello de Malpica de Bergantiños desde 1991 ao 2000. Actualmente imparte docencia na Facultade de Educación da Universidade da Coruña.

Foi responsable da área de edicións do proxecto *interea*, onde dirixiu a revista *interea visual*.



LIMIAR	17
1. EDUCAR NAS COMUNIDADES: O TERRITORIO E AS CIDADES COMO ESCENARIOS EDUCATIVOS NA PERSPECTIVA DAS CIDADES EDUCADORAS	23
1.1. Da cidade educativa á Cidade Educadora	23
1.2. Da cidade como proxecto educativo ao proxecto educativo de cidade	26
1.3. O territorio como contexto e axente educador	29
1.4. As comunidades e o comunitario como actores cívico-pedagóxicos	31
1.5. As cidades na traxectoria dos Congresos Internacionais	33
2. A EDUCACIÓN NAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS: MARCO NORMATIVO-LEXISLATIVO	41
2.1. Enquadramento legal das atribuícións dos municipios portugueses em matéria educativa	41
2.2. Enquadramento legal das atribuícións dos municipios galegos em matéria educativa	48
2.3. Perspectiva comparada entre o marco normativo-legislativo da Galiza e de Portugal	55
2.4. Desafios, riscos e propostas de actuación	57
3. O EIXO ATLÁNTICO COMO CONTEXTO TERRITORIAL E HUMANO	65
3.1. Dinâmicas e desafios docioeducativos no quadro da União Europeia	65
3.2. Enquadramento das Cidades do Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular	68
3.3. Contexto socioeducativo da Eurorregião	68
3.4. Principais desafios da Eurorregião	71
3.5. Algunhas liñas de actuación sociopolítica	76
	11

4. O EIXO ATLÁNTICO, UNHA COMUNIDADE EDUCADORA: REALIDADES E PERSPECTIVAS NO QUEFACER EDUCATIVO MUNICIPAL	79
4.1. Apuntes metodolóxicos	80
4.2. O quefacer educativo dos municipios do Eixo Atlántico. Unha análise a partir das perspectivas de responsables técnicos e políticos	83
4.2.1. Compromisos educativos formalizados en documentos	89
4.2.2. A colaboración municipal e intermunicipal	92
4.2.3. A coordinación educativa no municipio relacional	103
4.2.4. Iniciativas educativas nos municipios da Eurorrexión	115
4.2.5. Horizonte da acción socioeducativa local nos municipios do Eixo Atlántico	129
4.3. A proxección educativa na rede: unha análise das web municipais do Eixo Atlántico	137
4.3.1. Análise das web municipais do Eixo Atlántico en clave educativa	140
4.3.2. A dimensión educativa nas web de outras Eurorexións	148
4.4. As boas prácticas do Banco Internacional de Cidades Educadoras como referente	150
4.4.1. Banco Internacional de Documentos das Cidades Educadoras	151
4.4.2. Critérios para a selección dos projectos/experiencias educativas	154
4.4.3. Análise de doze “boas prácticas” educativas	156
4.4.4. Transferibilidade das experiencias para o contexto da Euro-regiao	199
5. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS PARA A ACCIÓN	201
5.1. Propostas de acción socioeducativa local para o Eixo Atlántico	205
5.1.1. Articulación e desenvolvemento da comunidade educadora Eurorrexional	206

5.1.2. Edición e divulgación de materiais	209
5.1.3. Investigación e estudos pedagóxicos eurorrexionais	210
5.1.4. Participación dos axentes educativos e sociais da Eurorrexión	212
5.2. Propostas de acción socioeducativa local para os municipios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	214
REFERENCIAS DOCUMENTAIS	221
ANEXOS	227
1. Glosario	227
ÍNDICE DE CADROS	
Cadro 1: Congresos Internacionais de Cidades Educadoras	34
Cadro 2: Marco normativo das competencias locais de educación no caso portugués	44
Cadro 3: Marco normativo de competencias locais de educación no caso galego	50
Cadro 4: Metas a lograr ata 2010 polos Estados Membros	66
Cadro 5: Comparación entre Portugal e España cara a media EU-27 (2006)	44
Cadro 6: Cidades do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular	68
Cadro 7: Indicadores das cidades do Norte de Portugal	69
Cadro 8: Principais liñas de actuación dos municipios do Eixo Atlántico en diferentes áreas de Acción Social (2004)	76
Cadro 9: Matriz DAFO da política educativa local na Eurorrexión	136
Cadro 10: Fortalezas e debilidades identificadas na observación da programación educativa dos municipios do Eixo Atlántico a partir da análise das súas páxinas web	143
Cadro 11: Áreas e subáreas temáticas dos proxectos/experiencias das Cidades Educadoras	153

Cadro 12: Dimensións e criterios para a selección de boas prácticas no BIDCE	155
Cadro 13: Boas prácticas (experiencias/proxectos) das Cidades Educadoras	157
Cadro 14: Temporalización das liñas de acción socioeducativas propostas	220

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1: Distribución do universo de municipios asociados ao Eixo Atlántico	87
Táboa 2: Colaboración municipal cos entes administrativos	93
Táboa 3: Colaboración con outras administracións	94
Táboa 4: Colaboración intermunicipal	97
Táboa 5: Previsión de desenvolver accións educativas intermunicipais	102
Táboa 6: Coordinación e/ou colaboración con distintos axentes do ámbito educativo local	103
Táboa 7: Coordinación e/ou colaboración con axentes da comunidade educativa local	106
Táboa 8: Reunións realizadas desde o ano 2007	125
Táboa 9: Experiencias municipais en funcionamento rexistradas nos concellos que integran o Eixo Atlántico	129
Táboa 10: Caracterización educativa común aos municipios do Eixo	133
Táboa 11: Especificidades educativas do caso de Galicia	134
Táboa 12: Especificidades educativas do caso do Norte de Portugal	135
Táboa 13: Resumo dos contidos educativos observados nas web dos municipios que integran o Eixo Atlántico	139
Táboa 14: Resumo dos contidos educativos observados nas web dos municipios galegos	144
Táboa 15: Resumo dos contidos educativos observados nas web dos municipios portugueses	145

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Compromisos asinados en materia educativa	91
Gráfico 2: A colaboración interadministrativa dos municipios	95
Gráfico 3: Colaboración con distintas realidades xeográficas e/ou administrativas	96
Gráfico 4: Proximidade da colaboración intermunicipal	98
Gráfico 5: Colaboración con distintas realidades xeográficas e/ou administrativas. Galicia e Portugal	100
Gráfico 6: Colaboración con distintas realidades xeográficas e/ou administrativas. Pequenos municipios e grandes cidades	101
Gráfico 7: Previsión de colaborar en accións intermunicipais	102
Gráfico 8: Grao de colaboración e/ou coordinación en materia educativa	107
Gráfico 9: Outros departamentos municipais	108
Gráfico 10: Outras administracións	109
Gráfico 11: Universidades	109
Gráfico 12: Sindicatos	109
Gráfico 13: Empresas	110
Gráfico 14: Entidades relixiosas	110
Gráfico 15: Asociacións de nais e pais	110
Gráfico 16: Entidades culturais e recreativas	111
Gráfico 17: Organizacións non gobernamentais	111
Gráfico 18: Corpos de protección e seguridade	111
Gráfico 19: Colectivos de renovación pedagóxica	112
Gráfico 20: Fundacións	112
Gráfico 21: Medios de comunicación	112
Gráfico 22: Centros de investigación	113
Gráfico 23: Círculos de colaboración municipal coa comunidade educativa	114
Gráfico 24: Experiencias municipais en funcionamento. Iniciativas ambientais	116
Gráfico 25: Experiencias municipais en funcionamento. Iniciativas educativas	118

Gráfico 26: Experiencias municipais en funcionamento. Iniciativas sociais	122
Gráfico 27: Concellos con Consello Educativo Municipal en funcionamento. Galicia-Portugal	124
Gráfico 28: Concellos con Consello Educativo Municipal en funcionamento. Pequenos municipios-grandes cidades	125
Gráfico 29: Experiencias municipais en funcionamento. Iniciativas de participación cidadá	126

A realidade territorial e humana do Eixo Atlántico non é allea ás dinámicas de urbanización que vive o planeta. As cifras demográficas presentadas por Nacións Unidas nos seus informes dos últimos anos indican que, na actualidade, a poboación urbana mundial sobrepasa -por primeira vez na historia da humanidade- á rural, e a tendencia é a proseguir nesta liña, prevéndose incluso un incremento das “megacidades” na próxima década. Os desequilibrios territoriais que este fenómeno produce (en clave demográfica, cultural, económica, ecolóxica, etc.), xunto coa incapacidade dos grandes núcleos urbanos para acoller a tanta poboación en condicións dignas de habitabilidade, fan imprescindible repensar estes espazos, ou, máis aínda, intervir neles con novas perspectivas e horizontes.

A cidade contemporánea precisa recuperar e ensanchar a súa vocación inicial de lugar de encontro, intercambio e convivencia, e para logralo necesita xerar as condicións necesarias, habilitando os medios e recursos que a tal fin se precisan; pois, sen dúbida, as cidades -tanto en canto inflúen en territorios que exceden con moito os seus límites- son os laboratorios nos que se está a xerar un futuro común.

Neste contexto, a Cidade Educadora, como lema e idea-forza que vertebra un amplo movemento de iniciativas e institucións de alcance internacional, desvélese como unha das posibles vías para acometer unha nova lectura das realidades urbanas e das alternativas que deberían melloralas, de xeito máis participado e cohesivo nos seus variados espazos. Ao respecto cabe lembrar que as Cidades Educadoras constitúen un referente fundamental para poñer énfase no desenvolvemento das comunidades locais en clave educativa; pois parten do suposto de que todo territorio é potencialmente educativo, pero só se converte en verdadeiro educador cando toma conciencia das súas capacidades e as organiza, promovendo dinámicas de reflexión compartida e de acción concertada.

Desde 1990, momento no que se crea a Asociación Internacional de Cidades Educadoras -á que se van sumando municipios de todos os continentes- son moitas as iniciativas desenvolvidas ao abeiro desta filosofía. Cómpre destacar que as experiencias, en liñas xerais, comparten distintos obxectivos e características, entre as que salientamos a contextualización nun territorio concreto, pero con vocación de universalidade e transferibilidade; a participación cidadá e a creación de redes de acción local en todo o proceso; a preocupación por xerar cohesión e identidade colectiva, atentos á redistribución dos recursos educativos e culturais; así como o traballo de sensibilización, toma de conciencia e compromiso compartido no quefacer educativo-social.

Se analizamos a filosofía de fondo e os elementos identificativos das liñas de traballo das Cidades Educadoras, comprobaremos que concorren, en grande medida, coas sete ideas centrais que articulan a Axenda Estratéxica do Eixo Atlántico para os anos 2007-2013 (Domínguez e Pardellas, 2007: 16):

1. Un modelo territorial equilibrado
2. Un sistema urbano sustentable
3. Unhas cidades con maior centralidade
4. O fomento da gobernanza e do partenariado
5. A aposta pola sociedade do coñecemento e da innovación
6. Un desenvolvemento duradeiro e creador de emprego
7. Un espazo cultural común

Dunha lectura máis detida pódese constatar que, aínda que en ningún momento se fai explícita nesta Axenda a Cidade Educadora, si é visible, especialmente, nas liñas que a continuación se detallan:

- Consolidar un sistema urbano sustentable, sobre todo nos aspectos referidos á elaboración dun programa de calidade de vida nas cidades do Eixo que contemplan, necesariamente, aspectos de educación ambiental, creación de espazos verdes, fomento de políticas de inclusión social, territorialización educativa, políticas culturais, etc. todos eles elementos de preocupación desde a filosofía de Cidades Educadoras. Aspectos nos que se alude na segunda liña estratéxica.
- Fomento da gobernanza e do partenariado, para a que se propoñen, entre outras medidas, a interacción entre as redes institucionais e as redes asociativas para a innovación na Eurorrexión; a participación da cidadanía na xestión do urbanismo municipal; a promoción de consellos consultivos, etc. Accións de novo concorrentes coas iniciativas que toman como soporte ás Cidades Educadoras, e que teñen o seu referendo na cuarta liña estratéxica.
- Aposta pola sociedade do coñecemento e da innovación, cuxo logro se concreta en medidas como a potenciación do uso das TIC, ou a implicación das comunidades educativas e dos agrupamentos escolares nos territorios de influencia do Eixo; tal e como se contempla na quinta liña estratéxica.
- Un espazo cultural común, ao que na sétima liña estratéxica se asocian medidas como a creación do produto turístico “lugares de memoria transfronteirizos”, que se concreta -entre outras- coa elaboración e actualización dunha guía de equipamentos e servizos culturais da Euro-

rrexión; ou o deseño do plan e campaña de sensibilización eurorrexional, con iniciativas vinculadas á posta en marcha das “semanas de cidades do Eixo”, ou a creación dun corpo de voluntarios da Eurorrexión.

En definitiva, a xeración e posta en marcha de iniciativas coordinadas e de estratexias compartidas entre as cidades da Eurorrexión semella unha liña de actuación principal -concorrente coa súa Axenda Estratéxica- para crear rede e identidade eurorrexional, así como para poñer en marcha políticas que, en perspectiva educativa, converxan nunha maior calidade de vida para todos os habitantes do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

Este é o marco de referencia da investigación que co título *O Eixo Atlántico: un territorio educador, unha comunidade educativa* se desenvolveu entre os meses de xaneiro e outubro de 2008 e do que se dá conta nesta publicación¹. Promovida polo propio Eixo Alántico, participaron no estudo profesores e investigadores das Universidades de Tras os Montes e Alto Douro, Minho, A Coruña e Santiago de Compostela, configurando un equipo internacional, interuniversitario e interdisciplinar que permitiu cubrir os aspectos sociolóxicos, pedagóxicos e político-lexislativos implicados na análise desta realidade, así como das alternativas que deberían permitir melloralas.

Nesta perspectiva, os obxectivos básicos do traballo encomendado poden sintetizarse en dous:

- Un primeiro, centrado na recompilación, sistematización e análise da documentación necesaria sobre a realidade local e interrexional do Eixo Atlántico, que permitise elaborar unha diagnose da situación educativa nos municipios que o integran, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- E un segundo, en clave prospectiva e propositiva, que avanza no deseño de directrices-guía para o desenvolvemento de actuacións compartidas e de estratexias coordinadas en materia de política socioeducativa municipal, consonte cos principios e finalidades das Cidades Educadoras.

A fin de acadar os obxectivos indicados, utilizouse unha estratexia metodolóxicamente plural na recollida e análise de datos, procurando diversificar as fontes para acceder a unha información rica e contrastada.

1. O título inicial do proxecto *O Eixo Atlántico: unha Comunidade Educadora. Directrices para o desenvolvemento de actuacións integradas nas políticas educativas municipais da Eurorrexión* foi madurando a medida que evolucionaba a dinámica de traballo. Ao longo dos meses nos que se desenvolveu o estudo, o equipo investigador foi constatando a necesidade de acuñar un lema que dese protagonismo aos territorios e ás comunidades; de aí o título que finalmente encabeza o informe *O Eixo Atlántico: un territorio educador, unha comunidade educativa*.

En función destas perspectivas, manexáronse os seguintes instrumentos e procedementos:

- Cuestionarios específicos dirixidos ao persoal técnico e/ou político que promove, en cada un dos municipios, iniciativas enmarcadas no proxecto de Cidades Educadoras, formando ou non parte da rede.
- Análise das páxinas web dos trinta e catro concellos que na actualidade integran a estrutura municipal de cooperación transfronteiriza do Eixo.
- Análise das boas prácticas de todos os municipios europeos recollidas no Banco Internacional de Cidades Educadoras (BICE), diferenciándoas por volume de poboación para exemplificar iniciativas de concellos de grande, mediano e pequeno tamaño, asimilables ás realidades locais da Eurorrexión.
- Fontes secundarias: busca de información complementaria en anuarios e informes, memorias de actividades dos departamentos municipais implicados, material divulgativo publicado polos propios concellos, etc.

Con base nestas achegas, organizouse o material en cinco grandes capítulos que, secuencialmente, van dando conta dos referentes teóricos, lexislativos, territoriais e humanos nos que se sitúa a reflexión en torno ao que supón educar nas comunidades para, posteriormente, adentrarse na análise das prácticas educativas dos municipios que integran o Eixo Atlántico, e finalizar coas conclusións e propostas de acción que se derivan do estudo.

De forma máis detallada, podemos avanzar que o primeiro capítulo revisa a literatura científica existente a cerca do territorio e das cidades como escenarios de educación, avanzando unha reflexión que asume como eixe vertebrador a natureza comunitaria do quefacer educativo e os territorios como contextos nos que concretar estes procesos, así como aos modelos, concepcións e liñas de actuación que se están a desenvolver en clave de Cidades Educadoras, comunidades de aprendizaxes, sistemas formativos integrados, etc.

O segundo dos capítulos chega ao lector á realidade normativa que regula as competencias educativas municipais, tanto no marco portugués coma no galego. Presenta unha perspectiva comparada entre ambas realidades, avanzando na concreción das posibilidades de acción ao abeiro da lexislación vixente nestes dous países.

En terceiro lugar preséntase un capítulo que sitúa as coordenadas xeográfico-territoriais, demográficas, sociopolíticas e educativas que dan conta

duns sinais de identidade común, pero tamén da grande diversidade que contén esta Eurorrexión. Son datos que axudan a enmarcar a posterior análise das accións educativas municipais e a valorar os condicionantes e potenciais para un desenvolvemento que asuma como motor a educación.

O cuarto capítulo recolle a análise e discusión dos datos recadados no traballo de campo contemplado neste estudo. Comeza por unha presentación xenérica do proceder metodolóxico que se detalla nos subapartados referidos a cada instrumento concreto. Así, explícase o proceso de construción do cuestionario, a secuencia de aplicación e os datos extraídos do mesmo -incluída unha análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)-; os resultados e recomendacións derivadas da análise das páxinas web dos municipios que constitúen a estrutura de cooperación transfronteiriza do Eixo; e o estudo das páxinas web das Eurorrexións existentes, analizadas na busca de experiencias de interese promovidas desde estruturas de cooperación transfronteiriza en Europa.

Péchase este amplo capítulo coa presentación, a modo de exemplo, de boas prácticas seleccionadas no BICE, atendendo a cinco dimensións principais:

- social, que formula criterios para concretar os principios e obxectivos que deben axudar a conseguir as boas e mellores prácticas (cohesión social e territorial, equidade, diversidade cultural, promoción e recoñecemento dos dereitos de cidadanía, etc.)
- política, que contempla cuestións como a democratización da sociedade e o seu liderado, enfatizando a transparencia dos seus procesos e unha activa participación social;
- organizativa, na que se consideran aspectos como a coordinación, a interdepartamentalidade, a cooperación público-privado, etc.;
- técnica, centrada en aspectos instrumentais e operativos ligados á innovación, á planificación estratéxica ou á interdisciplinariedade, entre outros;
- proxectiva, que atende ás repercusións institucionais e sociais das iniciativas locais, dimensionando espacial e temporalmente o seu alcance no territorio, nas persoas e nas comunidades.

O quinto último capítulo constrúese tomando como base os referentes teóricos, metodolóxicos e empíricos dos que se fai uso na investigación social

para chegar a ofrecer un elenco de propostas de acción orientadas, ben á estrutura de cooperación transfronteiriza do Eixo, ben aos municipios que a integran. No primeiro dos casos, agrúpanse en torno a catro liñas de traballo: articulación e desenvolvemento da comunidade educadora eurorrexional; edición e divulgación de materiais; investigación e estudos pedagóxicos eurorrexionais e participación dos axentes educativos e sociais da Eurorrexión. De todos xeitos, cómpre indicar que as accións propostas -todas elas con diferente grao de complexidade e alcance- oriéntanse na liña de posibilitar un avance corresponsable dos municipios do Eixo Atlántico cara a construción dunha Eurorrexión educadora.

Tras as referencias documentais, preséntase en anexo un glosario de termos básicos na política educativa municipal. A breve e sinxela descrición de cada un dos conceptos seleccionados achega ao lector os soportes conceptuais necesarios para ler e interpretar o marco deste informe, así como das propostas que nel están contidas.

Finalmente, cómpre indicar que os resultados da presente investigación aspiran a constituír un punto de partida para a posta en marcha de dinámicas de colaboración en materia educativa entre os municipios do Eixo, que cristalicen en iniciativas que axuden a socializarse na filosofía das Cidades Educadoras como unha das liñas vertebradoras da identidade desta Eurorrexión.

1. EDUCAR NAS COMUNIDADES: O TERRITORIO E AS CIDADES COMO ESCENARIOS EDUCATIVOS NA PERSPECTIVA DAS CIDADES EDUCADORAS

A Cidade Educadora é unha proposta integradora da vida cidadá que concirne a gobernos locais, pero tamén a todo tipo de institucións e asociacións públicas e privadas. O seu obxectivo é traballar conxuntamente con sentido educativo no desenvolvemento de políticas e actuacións que impulsen a calidade de vida das persoas, o seu compromiso co espírito de cidadanía e os valores dunha democracia participativa e solidaria.

A Cidade Educadora constitúe un proxecto para ser compartido polas autoridades locais e a sociedade civil que responde á actual necesidade de desenvolver políticas activas integrais de desenvolvemento persoal e colectivo.

(Asociación Internacional de Cidades Educadoras)

En: <http://www.bcn.es/edcities/aice/adjunts/ciudad-educadora-Es.pdf>

1.1. Da cidade educativa á Cidade Educadora

Contribuír a que as persoas sexan cidadás devolvéndolles a estimable e lexítima oportunidade de gozar plenamente dos seus dereitos, é desde antigo unha das aspiracións máis explícitas –e, ao tempo, máis desafiantes– da educación, en calquera tempo e lugar, nas diversas prácticas pedagóxicas que atesoura a posibilidade de formarse e aprender, desde a infancia ata a vellez.

En maio de 1972, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), a través da Comisión Internacional para o Desenvolvemento da Educación, proxectaba na obra colectiva *“Aprender a ser”*, liderada por Edgar Faure (1973), o que entón xa se nos mostraba como un verdadeiro presaxio dos devires polos que debería transitar a educación do futuro, nunha sociedade cada vez máis urbanizada e globalizada: a **cidade educativa**.

A expresión, na que se resumía a vontade inequívoca de abrir a educación e a sociedade a novas estratexias formativas, propón unha idea rectora para as políticas educativas que se adopten no futuro: *“todo individuo debe ter a posibilidade de aprender durante toda a súa vida”* (Faure, 1973: 265), poñendo énfase no sentido permanente da educación, non como un sistema nin como un sector educativo, senón como un principio global de toda educación, por moito que logo difiran as súas aplicacións. Na obra, diría Jaume Trilla (1990: 15), *“non obstante, pouco se falaba directamente de ‘cidade’.* *‘Cidade educativa’ era, en realidade, unha expresión metafórica mediante a cal se pretendía connotar unha serie de directrices prospectivas para orientar o desenvolvemento da educación”*. E, sen lugar a dúbidas, tamén daqueles desafíos –moitos deles emerxentes– que deberían afrontar as prácticas educativas en tempos de crecente incerteza e complexidade.

Con este antecedente, xunto a outros que viñan insistindo no rol da educación permanente na formación integral das persoas e das comunidades –por exemplo, a través das Conferencias Internacionais celebradas en Elsinor (1949), Montreal (1960), Tokio (1972), Nairobi, (1976), París (1985), Jomtien (1990)–, valorizando o papel da Educación Básica, da Educación Técnica e Profesional, da Educación para o Desenvolvemento Persoal e Cultural, ou Educación Social e participación cidadá..., case dúas décadas mais tarde, en Barcelona (España) emerxía unha variante léxica, conceptual e mesmo filosófica do potencial que-facer educativo das cidades, materializada no termo **Cidade Educadora**. E, con el, o desexo de refender o compromiso político, institucional, pedagóxico e social das cidades cos seus cidadáns, habilitando iniciativas e prácticas educativas mediante as que se posibilite unha convivencia mais harmónica e inclusiva.

Mais en concreto, aludimos a unha cidade, que segundo dirá Jacqueline Moll (2008: 225-226), sinte a obriga de reconceptualizarse nos seus camiños educativos, *"entendéndoa, no seu enmarañado de rúas, avenidas, prazas e edificios, como un territorio de múltiples historias e culturas e, por iso, de incontables posibilidades educativas"*. Esta reconceptualización, engade Moll, implica observar a cidade como *"unha rede de camiños educativos, nos seus espazos pedagóxicos formais (escolas, xardíns de infancia, facultades, universidades, institutos) e informais (teatros, prazas, museos, bibliotecas, medios de comunicación, locais públicos, igrexas, ademais do tráfico, do autobús, da rúa), nos que as rúas sexan pontes para a convivencia e a aprendizaxe e onde a intencionalidade das accións desenvoltas poida converter a cidade en territorio educativo e facer dela pedagogía"*. Unha cidade, en definitiva, que nas súas compoñentes materiais e simbólicas estea en condicións de recrearse a si mesma, en toda a pluralidade que o sistema de cidades admite, en cada realidade local e na súa dimensión planetaria.

Neste encadre dirase que a educación terá que ser contemplada como unha práctica cotiá que vai mais aló das familias e das escolas, aínda que as inclúe como soportes fundamentais da formación dos cidadáns, diante dos que debe ser consciente do alcance das súas propostas formativas (no tocante a valores, actitudes, coñecementos, destrezas, etc.), nas que están chamados a implicarse unha ampla gama de axentes e organizacións.

De aí que xa desde o seus inicios se insista en que a expresión "Cidade Educadora" parte dunha convicción indiscutible: que a cidade educa xa polo feito de ser cidade, fonte de educación en si mesma, desde múltiples esferas e para todos os seus habitantes.

É nesta perspectiva na que se asume que a "Cidade Educadora" conforma un novo paradigma educacional e cívico, no que o seu núcleo fundamen-

tal vén constituído polo coñecemento, a consciencia e o desenvolvemento de novas opcións para a educación-formación das persoas e a mellora da súa cotidianeidade. De aí que o concepto e as prácticas que se promoven en nome da Cidade Educadora estean directamente relacionados con outros procesos especialmente salientables para a vida en común: equidade, xustiza, tolerancia, cidadanía, inclusión, participación, sustentabilidade e paz.

Neste sentido, tal e como lembra Del Pozo (2008: 29-30), o fío condutor das Cidades Educadoras, nos vinte artigos ou principios que definen a súa Carta de 1990 –coa posterior revisión de 2004– remítese a tres ideas principais:

- a) O *dereito á Cidade Educadora*, no que presupón de recoñecemento e dinamización da capacidade dos habitantes de todas as cidades para redefinir a súa cidade en tanto que “educadora”, é dicir, “como dotadora das oportunidades de calidade de vida persoal e democrática e de mellora do espazo público onde desenvolver en plenitude a súa cidadanía”.
- b) O *compromiso da cidade*, que transcende a esixencia ético-política dunha administración e xestión democrática dos asuntos ordinarios por parte dos municipios, para reclamar unha “posición proactiva” do papel dos cidadáns no fomento práctico e efectivo do valor engadido que ten a educación cando se prolonga mais aló do puramente escolar.
- c) O *servizo integral ás persoas*, que aquí desexa concretarse no feito de que “cada persoa que vive na cidade se sinta de maneira efectiva punto de atención do conxunto da cidade e especialmente dos seus representantes democráticos”. E que, consecuentemente, debe poñer énfase na súa condición de suxeito de dereitos e deberes, coas garantías que a tal fin deben vir dadas polos principios de igualdade, xustiza social e equilibrio territorial.

A intencionalidade que debe ir asociada a estas tres vertentes da misión educadora das cidades non pode obviar os compromisos políticos que deben asumir, en primeiro termo, pola súa proximidade xeográfica e humana, os gobernos municipais, como instancias políticas representativas da vontade democrática dos cidadáns. Mais tamén, nun plano principal, pola “sociedade civil”, se verdadeiramente se pretende –como lembra Pilar Figueras Bellot, Secretaria Xeral da Asociación Internacional de Cidades Educadoras (AICE) a incorporación da educación “*como medio e como camiño cara a consecución dunha cidadanía máis culta, máis solidaria e máis feliz*”. Na súa opinión, tales compromisos descansan sobre tres premisas básicas: unha información comprensible posta ao dispor das persoas; a participación crítica, activa e co-

rresponsable dos cidadáns; e, finalmente, a avaliación continuada das necesidades, propostas e accións. No tocante a estas tres perspectivas de actuación, Figueras (2008) considera que *"para a Cidade Educadora, o gran reto do século XXI é profundar no exercicio dos principios e valores democráticos por medio de orientacións e actuacións adecuadas. Hai pois que introducir no ordenamento xurídico-político propio de calquera democracia, factores pedagóxicos que permitan utilizar a información, a participación e a avaliación como eixes de aprendizaxe e de educación, e de construción de cidadanía"*.

A concepción relacional na que se basea o pensamento e as prácticas que nortean as Cidades Educadoras, xa fora salientada pola profesora María Belén Caballo (2001), invocando a renovación e o protagonismo da cidadanía nos procesos de transformación social e de renovación da Administración Local, que tamén deberá ser –ela mesma– moito mais relacional. Neste sentido, apunta, a Cidade Educadora sitúanos ante oportunidades que suscitan unha relectura da educación e do cometido que lles corresponde asumir a diferentes axentes nas súas prácticas territorializadas: no fomento do asociacionismo, na participación da sociedade civil, no acceso aos recursos, na coordinación e descentralización das políticas, na organización e o desenvolvemento das comunidades, no traballo en rede, etc.


1.2. Da cidade como proxecto educativo ao proxecto educativo de cidade

Na perspectiva que vimos sinalando, coincidimos en salientar o interese da filosofía que inspira o *Proxecto Educativo de Cidade* (véxase representación gráfica), promovido polo Concello de Barcelona (1998) e reflectido no traballo compartido dun conxunto de técnicos, políticos e expertos en educación integrados no Consello Asesor constituído no seu Instituto de Educación. Un labor que pretende saír ao paso dos grandes cambios que se veñen producindo coincidindo coa transición do vello século ao novo milenio no ámbito da educación, non só como unha reflexión sobre a escola *"senón sobre a educación dos cidadáns e das cidadás. Todo aquel ou aquela que comparta a idea de que a mellora da educación é un elemento decisivo para conseguir unha cidade mais culta, mais cívica e con mais valores democráticos, está chamado a participar e a reflexionar acerca dos retos que significan as novas tecnoloxías da información e da comunicación, a urbanización a gran escala e a globalización da economía"*. Unha tarefa que segundo a entón Presidenta da Comisión de Benestar Social e Educación do Concello de Barcelona, Eulalia Vintró, debería permitir remodelar as relacións entre a educación e a cidade, logrando que *a corresponsabilización das e dos cidadáns na educación das novas xeracións sexa algo mais que simple discurso ou unha firme declaración de principios"*.

No documento elaborado e difundido polo Instituto de Educación (1998) faise explícito que calquera redefinición das relacións entre cidade e educación esixe articular todo *"un conxunto de iniciativas cidadáns nun proxecto común e promover un amplo pacto cidadán que permita facer da educación un instrumento de progreso, pero tamén de civilidade e cultura, de loita contra a exclusión social, de defensa dos valores de sustentabilidade, o respecto ás diferenzas e a convivencia e tolerancia entre as culturas"*. Ensinar e aprender a convivir non se poderá facer en abstracto, para o que se require de programas educativos específicos, nos que se tracen obxectivos, actividades, metodoloxías, etc. que induzan prácticas participativas, de coñecemento e interacción cos outros diferentes.

Proxecto Educativo de Cidade (PEC):

A educación como eixo estratéxico que guía o desenvolvemento da cidade



Fonte: Petit, Badosa e Mampel (2002: 209).

Sen dúbida, o desenvolvemento da noción de cidadanía concédelle un lugar especialmente relevante á problemática dos Dereitos Humanos e ao cometido que deben ter na súa salvagarda as Administracións e as políticas públicas. Unha tarefa que require contemplar a diversidade cultural e social que habita as cidades, non só nas súas perspectivas territoriais, demográficas, antropolóxicas ou psicosociais, senón tamén pedagóxicas, no que isto significa de mediar, educar, ensinar e aprender a convivir nas diferenzas, no múltiple e na mestizaxe.

Consideramos, tal e como xa reflectimos anos atrás (Caride, 1999), que a sociedade urbana non pode ser estimada tan só como un escenario no que se teñen concretado historicamente –ás veces de modo adverso– as diferentes traxectorias demográficas, culturais, organizativas, tecnolóxicas ou simbólicas que lle outorgan sentido aos modos de vivir que mais se teñen expandido no pasado século e nos inicios do actual. Ademais diso, e como proxecto de futuro, é unha sociedade na que as cidades encarnan unha determinada concepción do mundo e da existencia, que lonxe de ser homoxénea, tamén está caracterizada por unha gran heteroxeneidade. De aí que sexa preciso afirmar

que as cidades son distintas, singulares, incomparables..., pero con denominadores comúns, entre os que cabe salientar a súa estrutura física e a incidencia de tal estrutura na socialización dos seus habitantes.

A procura dun marco alternativo para a educación no medio urbano deberá sustentarse, polo tanto, na recuperación e consolidación do protagonismo das persoas nas cidades, tomando en consideración o respecto á súa pluralidade, ao benestar social e á calidade de vida, no que tamén implica de loita contra calquera forma de exclusión. Como ten expresado Harrison (1996), as cidades só poderán ser altamente educativas se son quen de ensinar e aprender facendo partícipes a todos os cidadáns en liñas de pensamento e acción plurais.

Trátase dunha misión que compete, inescusablemente, ás familias e ás escolas, máis tamén –por extensión e ampliación do seu labor– á representación imaxinaria do que acabou proxectándose nun novo modelo de educar e educarse colectivamente: as cidades educativas, ou con maior sentido as Cidades Educadoras. Isto é, as *"cidades que teñan a capacidade de satisfacer todas as necesidades dos seus habitantes, que propicien a construción e o desenvolvemento de persoalidades completas e complexas, que asuma na diversidade como un valor humano, e que non renuncien –nin política nin económica nin pedagogicamente– a combatelas desigualdades, a pobreza, a marxinalidade e a exclusión"* (Caride, 1999: 35-36).

Ezequiel Ander-Egg (2008: 20-21), nunha recente contribución como consultor de Política Cultural, realizada para a UNESCO, resumía a idea central das propostas que conforma o proxecto educativo de cidade no recoñecemento desta última como un ámbito de educación que presupón *"aprender da cidade e na cidade, considerada o contido e o espazo onde se realiza un proceso non formal de ensino/aprendizaxe"*. Sen que entremos a discutir a cuestionable identidade dos procesos non formais en educación, coincidiremos co autor en salientar que un proxecto desta natureza vén definido por unha serie de obxectivos estratéxicos, que se resumen en:

- Fortalecer a vida cidadá consonte a unha democracia viva, no só polo grao de participación das persoas senón tamén polo sentido crítico que deberán ter no intre de afrontar os seus problemas.
- Afianzar o tecido social, o asociacionismo e a toma de conciencia da xente, de modo que sintan a cidade como algo propio, que lles concirne directamente.
- Contribuír á renovación da vida cultural e á cohesión social, emprendendo accións educativas, culturais e sociais.

- Configurar unha cultura de paz e non violencia, no marco dun contexto pluralista de participación e convivencialidade. Neste caso, a convivencialidade alude á dimensión relacional que caracteriza o movemento de Cidades Educadoras poñendo en valor a diversidade cultural e a procura do benestar común.

No horizonte destes obxectivos son moitos os concellos que traballan en diferentes fronte de actuación educativa, diversificando as súas iniciativas e programas en contidos relativos á cidadanía, á ética pública e aos valores cívicos, no que presupón de promover a igualdade de oportunidades a través da aprendizaxe ao longo de toda a vida, a apertura da escola á comunidade, así como de todas aquelas accións que poñen a educación ao servizo da inclusión social, da equidade e dunha maior xustiza social.

1.3. O territorio como contexto e axente educador

Ao tratarse de iniciativas que amosan unha notable preocupación da educación polo desenvolvemento integral das persoas, son temas e problemas nos que a Administración Local debe asumir un papel activo, aproveitando as potencialidades que a tal fin ofrece a proximidade relacional e a natureza territorial-comunitaria do seu quefacer político. Porque tal e como lembra Jordi Plana (2007: 151), *“o goberno local atópase hoxe en día nunha boa posición para facer fronte a estas realidades. A súa clara consolidación como nivel de goberno o ten situado nun proceso de asunción de novas responsabilidades en diversos ámbitos da política pública. A educación é un deles, e é ao mesmo tempo un dos máis importantes para garantir a cohesión social dos territorios e o éxito das familias. Será sen dúbida desenvolvendo estratexias sostidas no tempo, de longo alcance, e lideradas cun forte compromiso político como se poderán conseguir os retos propostos”*. Ou, nunha perspectiva complementaria, Eulalia Vintró (2001: 50), ao reivindicar un maior poder político da cidade sobre a educación, que *“non se apoia unicamente no principio de subsidiariedade, senón tamén no recoñecemento de que os problemas educativos que deben afrontar as cidades son moi diversos e requiren solucións diferentes”*.

O territorio, tanto na súa perspectiva xeofísica como nas súas dimensións antropolóxicas, ten un papel clave nesta atribución de competencias aos poderes locais. Un territorio que non se esgota nas coordenadas físicas ou xeográficas, nas que vive unha poboación e se distribúen os servizos. Ademais diso, é un lugar antropolóxico no que, segundo Augé (2006), coinciden uns sinais identificatorios, relacionais e históricos; é dicir: un espazo vital, relacional e patrimonial, ao que é preciso observar como un soporte fundamental para a vida das persoas, do que non poden prescindir na relación que establecen co medio natural e construído.

- predomínio da preferência social pela frequência dos cursos gerais do ensino secundário, apesar dos esforços recentes de inverter esta tendência e de tentar atrair mais públicos estudantis; baixa qualificação da população activa que se apresenta, ainda, como factor crítico do desenvolvimento económico (realce para a medida governamental das Novas Oportunidades);
- crescente taxa de desemprego de jovens licenciados.

Em termos gerais, poder-se-á apontar que a procura social, individual e empresarial de formações qualificantes é, ainda, insuficiente e deverá ser potenciada, quer do lado da oferta com alterações curriculares no sentido de promoverem a diversidade de saberes e as modalidades de transmissão e de aprendizagem activas, quer do lado da procura que persiste em não reconhecer o conhecimento, a qualificação e a aprendizagem ao longo da vida como factores indispensáveis no jogo da competitividade e desenvolvimento organizacional. Tal poderá ser percepcionado se atendermos aos seguintes indicadores: taxas de desemprego juvenil nacional (15-24 anos) e, em particular, para os que têm apenas a escolaridade obrigatória: 16,6%; taxa de desemprego de população com ensino superior dos 25-64 anos: 6,6% (Eurostat, 2007); menor correspondência do diploma ao perfil dos empregos disponíveis: exigências de flexibilidade e polivalência (Teicher, 2007).

A acompanhar estas transformações, importa, por último, ter em conta os fenómenos actuais que contribuem para uma crescente vulnerabilidade das relações de emprego. Atente-se ao aumento significativo das modalidades de emprego sem vínculo permanente (a termo, prestação de serviços, sazonal, pontual ou ocasional) que representa 22,4% do emprego por conta de outrem, valor este superior à média europeia UE25 – 15,1% (Eurostat, 2007). Além disso, são comuns a fenómenos de subemprego, em particular emprego *em part-time* por sexo (constrangimento: 11,5% contra 18,8% UE25 (Eurostat, 2007).

3.4. Principais desafios da Euroregião

A par de medidas que garantam a coesão social, a igualdade dos cidadãos e o particularismo das culturas e dinâmicas nacionais, importa analisar os principais problemas e dificuldades que persistem e que explicam as assimetrias regionais ao nível do contexto sociopolítico. Estes estão patentes, como vimos, no desigual acesso aos níveis educativos, na insuficiente inovação e investimento no conhecimento, em particular nas tecnologias de informação e de comunicação (TIC), na elevada taxa de abandono escolar. Em articulação com estes traços, importa atender aos desafios relacionados com a educação e formação, com o desemprego, em especial juvenil e feminino e com a inclusão social.

Relativamente às principais linhas de actuação municipal na área social, verifica-se que há, de uma forma transversal, uma aposta na formação e educação com vista à integração social e laboral dos grupos mais desfavorecidos sociais. Contudo, salientam-se também as medidas de carácter preventivo para aqueles estratos da população em risco de exclusão social,

como sejam as minorias étnicas, culturais e religiosas, os imigrantes e as pessoas com problemas relacionados com a toxicodependência. Em concreto, salientamos:

- *Combater o abandono escolar precoce*

Apesar de no ponto precedente se apresentar indicadores que denotam uma importante dinâmica educativa, acompanhada de medidas sócio-políticas de modernização do sistema educativo, a verdade é que face às metas projectadas, para 2010 no conjunto da EU, persistem problemas comuns aos dois países. Um deles prende-se com o abandono escolar precoce. Tal cenário apresenta-se mais preocupante se atendermos às assimetrias persistentes na Euro-região. Come feito, verifica-se, para o caso português, que as zonas do país relativamente mais afectadas pelo abandono escolar e saída precoce são as zonas do Tâmega, do Ave, do Cavado e do Alto Trás-os-Montes, justamente municípios industrializados que integram a região Norte de Portugal. Dada a gravidade deste problema no contexto português e com o lema «Eu não Desisto», o PNAPAE tem como grande objectivo reduzir para menos de metade as taxas de abandono escolar e de saída precoce até 2010.

A filosofia que preside a este projecto de luta contra o abandono escolar assenta numa política de articulação inter-ministerial alargada, global e local, e de envolvimento da sociedade para a prevenção do abandono escolar. Em particular destacam-se o envolvimento necessário de agentes dos sectores público, social e privado: Ministérios; Autarquias; Empresas; Instituições Privadas de Solidariedade Social; Organizações Não Governamentais; Associações de Desenvolvimento Regional e Local, para uma política nacional e local de prevenção do abandono escolar.

- *Centragem nas competências básicas (leitura, matemática e ciência)*

Para que um país prepare de forma integrada e duradoura as gerações de hoje, importa que contemple igualmente outras condições e critérios para a construção da qualidade e da excelência a todos os níveis da sociedade. Uma dessas condições passarão certamente pela capacidade de promover o acesso e a expansão progressiva das gerações recentes às diferentes formações iniciais, flexibilizando as opções e os seus percursos por fileiras de estudo inovadoras e articuladas com as exigências de mercados de emprego no perfil de empregabilidade dos seus futuros trabalhadores.

Com base num estudo internacional PISA (Programme for International Student Assessment), torna-se crucial investir nas competências básicas –

literacia (leitura, matemática e ciência), de modo a cumprir igualmente um dos objectivos da Agenda de Lisboa a que a EU se propôs atingir. Para a situação portuguesa, sabe-se que os alunos de 15 anos têm um desempenho médio modesto em literacia de leitura, matemática e ciências, comparativamente com os restantes países da OCDE. De entre todos os 32 países que integram o estudo internacional (27 da Organização para a Cooperação e o Desenvolvimento Económico mais o Brasil, Letónia, Liechtenstein e Rússia, envolvendo 256 mil estudantes) e nos vários domínios considerados Portugal ocupa os últimos lugares nos desempenhos de leitura, matemática e ciência, sendo que Espanha apresenta uma situação mais favorável relativamente a Portugal.

- *Incentivo à aprendizagem “ao longo da vida”*

Trata-se igualmente de conceber o sistema educativo de modo a responder ao desafio de uma aprendizagem ao longo da vida, de permanentemente contribuir para a requalificação da população activa. O apelo à participação colectiva e cívica dos diferentes actores colectivos e individuais de cariz internacional, nacional e local, constitui uma outra das condições da construção do projecto educativo. Nesse sentido, um “espaço europeu de aprendizagem ao longo da vida” permitirá aos cidadãos europeus passar livremente de um ambiente de aprendizagem para um emprego, de uma região ou de um país para outro a fim de utilizar da melhor forma as respectivas competências e qualificações. Assim, as iniciativas a tomar devem apontar, simultaneamente, para uma aprendizagem desde o ensino pré-escolar até à pós-reforma, e abrange qualquer tipo de educação.

- *Prevenir e combater a info-exclusão*

Uma das vertentes de actuação tem sido a de combater a info-exclusão, isto é, a de promover a difusão e a aprendizagem das novas tecnologias de informação e de comunicação (TIC), respondendo, deste modo, aos objectivos da política comunitária traçados para 2010 para os Estados-Membros. Ao nível municipal é possível detectar já programas socioeducativos com essa finalidade. Do lado de Portugal, são vários os projectos em curso nessa área: “Internet nas Escolas”, “Apoio às Escolas. Trás-os-Montes-Digital”, “Navegar, navegar...” e cursos de “Internet para Jovens”. Mais recentemente temos a iniciativa “e-escolinhas” com a atribuição de um portátil “Magalhães”. Por sua vez, a *European Schoolnet* está a lançar pelo oitavo ano consecutivo o “Prémio eLearning”. Este prémio europeu premeia os melhores projectos no uso da tecnologia na educação (<http://elearningawards.eun.org>).

Em relação aos projectos desenvolvidos na Galiza, importa destacar alguns que se apresentam extremamente importantes a este nível. Um

deles é justamente o “Ciberlingua 2003-2004”¹⁰ (www.ciberlingua.org) que resulta da parceria de várias associações e concelhos da Galiza, entre os quais integram Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo. Pretende-se dinamizar em conjunto a comunidade escolar /professores, pais, alunos, entre outros) e a aprendizagem da língua galega através das TIC. Com várias acções de formação presenciais (e.g. “Iniciação à Internet”, “Aplicações Didácticas Multimédia”, “Sessões de navegação” e “Animação Informática”), este projecto é acompanhado de recursos didácticos disponíveis para toda a comunidade na respectiva página *Web* (e.g. “Paquete de programas em CD” e “Navegándonos, o primeiro manual de iniciação à Internet”).

- *Promoção da igualdade entre homens e mulheres*

Uma das vertentes dos planos nacionais de Portugal e Espanha tem sido o combate às desigualdades de género. Os progressos alcançados a este nível são significativos, mas persistem ainda flagrantes assimetrias quanto às oportunidades, direitos e deveres entre homens e mulheres que urge corrigir. Assim, a promoção da igualdade de oportunidades entre homens e mulheres a todos os níveis e em todas as áreas passou a ser uma prioridade dos governos europeus, nos quais se incluem Portugal e Espanha. A título ilustrativo, existem na Galiza alguns projectos que encerram esta temática: “Projecto alojamento – Casa de Acolhimento de Mulheres”, o “Plano@arroba solidário”, o “Projecto Casa da Mulher”.

- *Luta contra a pobreza*

A pobreza é um fenómeno complexo que pode ser interpretado e concebido de diferentes maneiras e que tem consequências graves no crescimento económico e desenvolvimento social de um país. De acordo com os dados disponibilizados, é possível constatar que as cidades que integram o Eixo Atlântico apresentam um leque muito diversificado de programas e projectos de combate à pobreza e à exclusão social. No que diz respeito às cidades portuguesas, com vários programas nesta área, importa destacar alguns deles. Por exemplo, o programa “Rede Social”¹¹ é uma medida de política social que reconhece e incentiva a actuação de solidariedade local no combate à pobreza e à exclusão social e na promoção do desenvolvimento social local. O projecto “Porto Feliz”¹² é,

10. A primeira edição realizou-se em 2001-02, tendo sido mais de 3500 pessoas que participaram (professores, pais, alunos, entre outros).

11. Resolução do Conselho de Ministros 197/97 de 18 de Novembro.

12. Plano municipal de combate à exclusão social aprovado pela Câmara Municipal do Porto, em 18 de Junho de 2002.

por sua vez, uma intervenção pró-activa que visa diminuir as zonas de exclusão social e melhorar a qualidade de vida dos cidadãos portueses, devolvendo a todos os mais elementares direitos decorrentes da sua cidadania. Na Galiza também são vários os programas/projectos nesta área: o “I Plano galego de Inclusão social”; “Plano Municipal de luta contra a pobreza e a mendicidade”; “Programa de inserção social”; “Programa de prevenção da marginalização e inserção social”; “Programa de prevenção e inserção social para a população geral” e “Programa de Emergência social”, entre outros.

De um modo geral, os programas referenciados são de combate à pobreza e à exclusão social e de promoção à integração sócio-económica dos segmentos populacionais mais desfavorecidos, quer a nível individual quer a nível comunitário.

- *Integração de minorias étnicas, culturais, religiosas e imigrantes*

A este nível, do lado das cidades que integram o Eixo Atlântico importa realçar a cidade do Porto, com o projecto “Porto sem Fronteiras” específico de integração de minorias étnicas e imigrantes. Este projecto visa a integração sócio-económica da população imigrante residente no Porto. Por sua vez, as cidades da Galiza apresentam um conjunto bastante diversificado de projectos nesta área de intervenção. Por exemplo, na cidade de Monforte de Lemos temos o “Programa de integração de minorias étnicas”, na cidade da Corunha o “Programa Municipal de Erradicação do Racismo”, que pretende dotar as famílias ciganas de recursos económicos e sociais para aceder a uma habitação num meio normalizado. Além deste, a cidade da Corunha possui também o “Programa municipal de Desenvolvimento cigano” para facilitar os processos de integração social prevenindo situações de marginalização das pessoas de etnia cigana que vivem nesta cidade.

- *Toxicodependência*

A Toxicodependência é um dos principais problemas que afecta as sociedades actuais. Neste contexto, são inúmeros os programas/projectos de apoio e prevenção da toxicodependência. Assim, através da informação recolhida nas cidades que integram o Eixo Atlântico é possível constatar que a maioria possui um Plano Municipal de prevenção e combate da toxicodependência. De um modo geral, este leque de programas de prevenção e combate da toxicodependência desenvolvem acções preventivas em diferentes âmbitos que permitam reduzir o número de pessoas que

consomem e os riscos associados aos que já consomem. Os programas municipais de prevenção da toxicodependência desenvolvem distintas acções em vários âmbitos:

- Escolar: Implantação de materiais didácticos de prevenção do consumo de drogas; Desenvolvimento de habilidades preventivas durante as aulas;
- Familiar: Criação de escolas de Pais e Mães nos Centros Cívicos dos Serviços Sociais em colaboração com os centros escolares de cada zona e a A.P.A.S.;
- Informação: Sensibilização Comunitária dos riscos associados ao consumo de álcool e de outras drogas;
- Prevenção Secundária: realização de diversas actividades com vista à redução de riscos para os toxicodependentes (intercâmbio de *kits* de seringas e preservativos para este colectivo, formação de ex-toxicodependentes como mediadores de saúde, etc.)

3.5. Algumas linhas de actuação sóciopolítica

Na base nas informações que se consubstanciaram na elaboração do Livro *Políticas Sociais e Cidadania*, podemos sistematizar as principais modalidades de apoio social em termos municipais (Marques e Moreira, 2005). Considerando as áreas da infância, família terceira idade, deficiência que foram apontadas como prioritárias, atente-se às linhas de actuação explicitadas sinteticamente no quadro que segue.


Quadro 8: Principais linhas de actuação dos municípios do Eixo Atlântico em diferentes áreas de Acção Social (2004)

Promoção da Igualdade entre Homens e Mulheres	• Promover a distribuição igualitária de oportunidades
Luta contra a pobreza	• Programa de Emergência social • Colmatar necessidades Básicas • Integração sócio-laboral das pessoas desfavorecidas • Formação e Emprego • Programas de inclusão social
Integração de Minorias étnicas, culturais e religiosas	• Programa de integração de minorias étnicas • Promoção escolar para menores de etnia cigana • Escolarização, formação, emprego e habitação. • Sensibilização da população em geral • Desenvolvimento de iniciativas sócio-culturais e educativas para promover o convívio inter-cultural

Integração de Imigrantes	• Programa de assessoria aos imigrantes • Formação e Habitação • Actividades de animação sócio-cultural • Apoio ao idioma
Toxicodependência	• Criação de centros de ensino sobre estas problemáticas • Unidade assistencial de Toxicodependências • Criação de Unidades de Inserção • Plano Municipal de prevenção primária das Toxicodependência
Apoio à Infância	• Programas de apoio a famílias monoparentais • Criação de centros municipais de apoio à infância • Prevenção do absentismo escolar • Programa de Educação familiar • Comissão de protecção de crianças e jovens em risco.
Apoio à Terceira Idade	• Iniciativas de integração social • Apoio financeiro e logístico • Programas de atenção integral: subsídios, ajudas ao domicílio, actividades de lazer e ocupação dos tempos livres. • Criação de Centros de Dia
Apoio a cidadãos inválidos ou deficientes	• Programas de ajuda ao domicílio • Eliminação de Barreiras arquitectónicas • Criação de associações de apoio familiar • Programas de atenção integral: subsídios, ajudas ao domicílio, actividades de lazer e ocupação dos tempos livres. • Apoio financeiro e logístico
Outras	• Apoio económico ao fundo de cooperação

Fonte: Marqus e Moreira (2005).

A complexidade dos problemas sociais que atravessam as sociedades contemporâneas faz com que actuação camarária promova e incentive a participação de outros agentes, de outros parceiros sociais, públicos e privados, organizações não governamentais (ONG's), entre outros. Neste contexto, os responsáveis pela acção social enlencaram um conjunto de parceiros/instituições que colaboram com os executivos camarários, desigualmente, Junta da Galiza, mais concretamente o Pelouro dos Assuntos Sociais da Junta da Galiza, a Cáritas, a Cruz Vermelha e o Ministério do Trabalho e dos Assuntos Sociais de Espanha, entre outros.



4. O EIXO ATLÁNTICO, UNHA COMUNIDADE EDUCADORA: REALIDADES E PERSPECTIVAS NO QUEFACER EDUCATIVO MUNICIPAL

Unha vez situadas as referencias contextuais, teóricas e normativas que caracterizan ao Eixo Atlántico como unha comunidade educadora, o apartado que introducimos presenta as análises das informacións recollidas no terreo para o desenvolvemento deste estudo. Máis concretamente, tras amosar os procedementos metodolóxicos empregados como parte do deseño da investigación, preséntanse os resultados que se extraen de tres abordaxes: a primeira deriva do cuestionario aplicado aos responsables das políticas educativas, a segunda toma as páxinas web municipais como expresión do quefacer local, e a terceira recorre ás iniciativas educativas que cabe considerar como boas prácticas de acción municipal.

Seguindo esta secuencia, a análise das percepcións, representacións e opinións expresadas polos responsables técnicos e políticos municipais conduciranos a caracterizar as relacións establecidas con distintos axentes da comunidade educativa. Este percorrido permitirá formular unha tipoloxía das prácticas de colaboración municipal e intermunicipal que predominan no territorio da Eurorrexión. En paralelo, posibilitará tamén trazar os tres círculos de parceiros que rodean e acompañan ao municipio no seu labor educador, definidos segundo o grao de coordinación establecida co ente municipal. As numerosas iniciativas educativas desenvolvidas da man destes colaboradores serán clasificadas segundo sexan máis ou menos comúns aos municipios estudados. Como resultado destas aproximacións, o apartado concluirá presentando unha matriz de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades presentes nas políticas educativas do territorio eurorrexional.

Dende outra abordaxe, esta vez baseada nos portais virtuais que serven de canle informativa e comunicativa entre administradores e administrados, analizamos a información recollida nos contidos web, en busca de tres bloques fundamentais para definir e caracterizar as políticas educativas locais: 1/ os documentos estratéxicos de planificación educativa, 2/ as actividades desenvolvidas e os servizos ofrecidos (en materia ambiental, educativa, social e cívica), e 3/ os equipamentos e recursos socioeducativos dispoñibles no municipio. Coa combinación destas informacións, ademais de contrastar e corroborar os datos procedentes do cuestionario, ponderamos cal é a relevancia da educación nas web municipais, e, por ende, a posición que a educación ocupa como canle das políticas locais de formación e benestar social. Finalizamos este apartado ollando tamén para a actividade educativa proxectada nas páxinas web de outras Eurorrexións que presenten propósitos homologables aos obxectivos do Eixo Atlántico, a fin de extraer ideas transferibles.

O apartado conclúe coas achegas dun catálogo de boas prácticas que procura exemplificar liñas de actuación consecuentes cos principios das Cidades Educadoras. Trátase de iniciativas impulsadas desde municipios con dife-

rente volume poboacional e recursos, tratando así de diversificar esta mostra en aras da súa transferibilidade aos contextos locais do Eixo Atlántico.

4.1. Apuntes metodolóxicos

Sinalabamos no limiar que a **finalidade** desta investigación consiste en facilitar as orientacións iniciais necesarias para que os municipios galegos e portugueses que configuran esta Eurorrexión poidan avanzar no deseño e na implementación de accións integrais e compartidas; accións que se derivan da asunción da educación, por parte do Eixo Atlántico, como un dos elementos centrais para a súa cohesión e desenvolvemento, camiñando na súa configuración como territorio educador e como comunidade educativa.

Para logralo, precísase partir do coñecemento das condicións sociodemográficas, económicas e culturais nas que se desenvolven as políticas educativas municipais, adentrándose nas súas dimensións lexislativa, política, técnica, orzamentaria, etc. É por iso que a propia complexidade do obxecto de estudo esixe a utilización dunha metodoloxía plural que, tanto na recollida como na análise dos datos, permita dar resposta aos seguintes **obxectivos**:

- Recompilar, sistematizar e analizar a documentación existente referida ás iniciativas educativas impulsadas tanto nos dez municipios do Eixo Atlántico asociados á AICE, como naqueles outros que contén con actuacións que respondan á filosofía de Cidades Educadoras.

Este obxectivo, no desenvolvemento do labor investigador, foi ampliado de modo tal que se abrangueu a totalidade dos municipios do Eixo Atlántico.

- Elaborar unha análise diagnóstica da situación na Eurorrexión que permita achegarse á realidade dos proxectos implementados nas Cidades Educadoras que a configuran e nas que se insiren.
- Diseñar un documento marco que, entroncando coas liñas estratéxicas do Eixo Atlántico para o período 2007-2013, esboce as directrices-guía para o desenvolvemento de actuacións compartidas e de estratexias coordinadas en materia de política socioeducativa municipal, consonte cos principios e finalidades das Cidades Educadoras.

Nesta publicación, este obxectivo concrétese nunha proposta de liñas de actuación consoantes coa filosofía das Cidades Educadoras; iniciativas, que, enmarcadas no curto, medio ou longo prazo, se orientan ben ao Eixo Atlántico, ben aos municipios que o integran.

- Diseñar propostas de acción ás que vincular aos concellos da rede Galicia-Norte de Portugal que teñen asumido a Carta de Cidades Educadoras e aos que, sen telo feito, compartan unha filosofía similar: bancos de boas prácticas, debates e seminarios, creación de plataformas participadas de coordinación, desenvolvemento de consultas á infancia e mocidade, elaboración dalgún proxecto-piloto con especial referencia ao segmento de poboación xubilada, etc.

A fin de acadar os obxectivos indicados, propónse un deseño metodolóxico que combine a perspectiva *cuantitativa* e *cualitativa*, facilitando o acceso a unha información diversificada, rica e contrastada. En función destas perspectivas, realizouse o deseño da investigación considerando os seguintes **instrumentos e estratexias de recollida de datos**:

- Cuestionarios específicos dirixidos ao persoal técnico (e, de non habelo, ao responsable político) que promove iniciativas educativas, en cada un dos 34 municipios do Eixo Atlántico, facendo especial fincapé naquelas que se enmarcan no proxecto de Cidades Educadoras. Á súa vez, este cuestionario incluía elementos para realizar unha técnica de análise DAFO.
- Grupos de discusión con informantes clave de perfil político dos municipios galegos e portugueses obxecto de estudo, a fin de afondar na análise de potencialidades, debilidades, fortalezas e ameazas para a posta en marcha de actuacións coordinadas.
- Ficha de recollida de datos, elaborada *ad hoc*, para sistematizar o contido presentado nas páxinas web dos municipios que integran a estrutura de cooperación transfronteiriza do Eixo.
- Ficha de recollida de datos, elaborada *ad hoc*, para a análise e catalogación de boas prácticas de Cidades Educadoras, en base aos criterios referidos ás dimensións organizativa, proxectiva, política, técnica e social.
- Fontes secundarias: busca de información complementaria en páxinas web, anuarios e informes, memorias de actividades dos departamentos municipais implicados, material divulgativo publicado polos propios concellos, etc.

Nos apartados correspondentes á análise da información recadada dáse conta con maior detalle dos aspectos metodolóxicos de cada instrumento, tanto da ficha de recollida de datos a través das páxinas web municipais, como do deseño dos cuestionarios dirixidos aos responsables técnicos de educación e, de non habelos, aos responsables políticos desta área.

A documentación e a información da que se dispón, tanto pola súa cantidade como pola súa calidade, posúe valor de seu para abordar a variedade e complexidade de situacións identificadas na acción educativa municipal, en converxencia cos antecedentes rexistrados nesta liña de estudos locais, tanto dentro como fóra do territorio da Eurorrexión. A maiores, as novas achegas teñen a virtualidade de actualizar o estado das realidades estudadas, caracterizándoas con elementos que diferencian o caso eurorrexional doutros contextos espaciais e doutros momentos temporais.

O estudo desenvolveuse conforme ao **cronograma** que presentamos:

	2008									
	xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out
Sinatura do convenio de colaboración										
Constitución do equipo e deseño da investigación										
Construción dos instrumentos de recollida de datos (cuestionario, fichas análise web e boas practicas)										
Recollida de datos das páxinas web										
Recollida de experiencias e boas practicas										
Aplicación do cuestionario e recollida de documentación										
Codificación e análise de datos										
Redacción do informe de investigación										
Maquetación, impresión e entrega do informe final										

Fonte: Elaboración propia.

4.2. O quefacer educativo dos municipios do Eixo Atlántico. Unha análise a partir das perspectivas de responsables técnicos e políticos

Unha das vías establecidas no deseño da investigación para explorar as realidades educativas dos municipios que integran a Eurorrexión do Eixo Atlántico era un cuestionario, construído con preguntas de carácter pechado e aberto, cun dobre obxectivo:

- Dunha banda, coñecer con maior exhaustividade a realidade educativa local, a partir das informacións facilitadas por responsables técnicos e políticos deste ámbito, mesmo tratando de acadar valoracións por parte destes responsables sobre o actual estado da cuestión e as perspectivas de futuro.
- Doutra, indagar e/ou propoñer liñas de actuación futuras mediante as que mellorar a acción educativa local, procurando a súa articulación no conxunto dos concellos pertencentes ao Eixo Atlántico en Galicia e no norte de Portugal.

Con este propósito, o cuestionario elaborado estrutúrase en torno a catro grandes bloques temáticos:

1. un primeiro bloque con datos de identificación, que achega o perfil da persoa que dá resposta ao mesmo;
2. un segundo con datos relativos á estrutura municipal, facilitador de información referida aos orzamentos e orientada a constatar se existe ou non un departamento educativo ou servizo municipal específico;
3. un terceiro centrado no coñecemento da situación educativa local actual (iniciativas, parceiros, dificultades, etc.);
4. e un cuarto que procura información en clave prospectiva (prioridades de futuro, previsións, etc.).
5. O cuestionario péchase cun apartado final destinado a recoller as observacións que a persoa que responde considere oportunas.

Pola súa especificidade no marco do cuestionario, cómpre presentar unhas breves anotacións metodolóxicas referidas á análise DAFO, unha estratexia que permite poñer en relación os recursos internos que poden mobilizarse dende unha entidade, coas posibilidades de mellora derivadas das condicións do contorno. Esta dupla análise, *interna* e *externa*, conduce a avaliar os factores que inciden -positiva e/ou negativamente- tanto na creación de

potencialidades e desafíos, como na xeración de limitacións e riscos, segundo se representa na seguinte táboa.

Matriz DAFO para a avaliación e formulación de estratexias		FACTORES EXTERNOS	
		OPORTUNIDADES (O)	AMEAZAS (A)
FACTORES INTERNOS	FORTALEZAS (F)	Potencialidades FO MAXI MAXI	Riscos FA MINI MAXI
	DEBILIDADES (D)	Desafíos DO MINI MAXI	Limitacións DA MINI MINI

Fonte: Forn, M. (1995): *La planificación estratégica territorial*. Barcelona: Diputació de Barcelona.

Baixo estas chaves, as interaccións que se producen na matriz DAFO quedarían representadas mediante a combinación de catro tipo de estratexias:

- A estratexia FO, referida ás *potencialidades*, xurde da combinación entre as fortalezas e as oportunidades, sinalando a prosperidade das liñas de acción e os piares que as fortalecen.
- A estratexia DA, relativa ás *limitacións*, revela a necesidade de afrontar as ameazas minimizando as debilidades, requirindo de estratexias defensivas.
- A estratexia DO sitúa os *desafíos* existentes tanto, a nivel interno, en termos de debilidades a superar, como a nivel externo, en tanto oportunidades existentes no contorno, capaces de ser aproveitadas para fortalecer a acción desenvolvida.
- A estratexia FA sinala os *riscos* que ameazan o fortalecemento da acción, requirindo unha afronta das posibles ameazas que proveñan do exterior en base ás forzas internas dispoñibles.

Polo que respecta á temporalización, o cuestionario foi enviado no mes de abril desde o Eixo Atlántico a todos os municipios que configuran a Euro-rrexión, solicitando a súa colaboración no cumprimento do mesmo e o envío de documentación complementaria referida á memoria de actividades da concellería e/ou departamento de Educación, correspondente ao ano 2007; ao *Proxecto educativo de cidade*, municipal ou similar; publicacións propias ou documentos que desen conta do quefacer educativo do concello e, por último, o programa electoral no ámbito educativo do partido con responsabilidades no concello e/ou pactos de goberno nese sector (se houbese).



- Municipios que envían documentación
- Municipios que non envían documentación

A teor da tipoloxía e do reducido volume de documentación recibida, e segundo elucidan as restantes informacións recollidas, todo indica que a meirande parte dos municipios carecen de documentos programáticos desta natureza (plans e programas educativos, memorias, informes, etc.). Non obstante, trátase dunha interesante vía de indagación secundaria, da que igualmente ofrecemos unha testemuña ao respecto.

No que se refire aos cuestionarios, do total de 34 municipios que na actualidade integran o Eixo Atlántico (17 da Comunidade Autónoma Galega e outros 17 do Norte de Portugal) obtívoase resposta de 27. Quince deles corresponden aos socios galegos (55,6%) e os restantes doce sitúanse do lado portugués (44,4%). Isto implica que a mostra representada é do 79,4 por cento, cunha lixeira inclinación cara as realidades galegas.



- Municipios que responden ao cuestionario
- Municipios que non responden ao cuestionario

Dende o punto de vista do tamaño poboacional dos municipios, tomando como criterio o número de habitantes rexistrado en 2007 nos correspondentes *Institutos Nacionais de Estatística*, na mostra destaca que o 63,0% dos mesmos son pequenos, mentres que o 37,0% corresponde ás grandes cidades, atendendo a unha clasificación na que se diferenciou a partes iguais entre as vilas e localidades con menos de 50.000 habitantes (50% do Eixo), e os municipios urbanos con máis de 50.000 habitantes (50% do Eixo). Así pois, os datos recadados atenderían cunha especial consideración aos pequenos municipios, sen que isto supoña unha desviación na tendencia que apuntan os datos e na súa interpretación.

Táboa 1: Distribución do universo de municipios asociados ao Eixo Atlántico

Pequenos municipios			Grandes cidades		
Municipio	Zona	Habitantes	Municipio	Zona	Habitantes
Sarria	GZ	13.422	Penafiel	PT	71.984
O Carballiño	GZ	13.838	Ferrol	GZ	75.181
O Barco de Valdeorras	GZ	13.943	Vila do Conde	PT	77.052
Verín	GZ	13.991	Pontevedra	GZ	80.202
Viveiro	GZ	15.706	Viana do Castelo	PT	91.390
Macedo de Cavaleiros	PT	16.897	Santiago de Compostela	GZ	93.712
Peso de Régua	PT	17.258	Lugo	GZ	93.853
Monforte de Lemos	GZ	19.311	Ourense	GZ	107.186
Lalín	GZ	20.867	Barcelos	PT	124.498
Mirandela	PT	25.559	Vila Nova de Famalicão	PT	127.567
Lamego	PT	26.177	Guimarães	PT	159.576
Riveira	GZ	27.181	Matosinhos	PT	169.122
Carballo	GZ	30.091	Braga	PT	175.063
Bragança	PT	34.750	Porto	PT	221.800
Vilagarcía de Arousa	GZ	36.743	A Coruña	GZ	244.388
Chaves	PT	43.667	Vigo	GZ	294.772
Vila Real	PT	49.957	Vila Nova de Gaia	PT	310.086

Fontes: *Padrón Municipal 2007* (INE.es) e *Censo de população 2007* (INE.pt).

No tocante ao perfil formativo das persoas enquisadas, cómpre caracterizalas polo seu elevado nivel educativo. En 23 dos 27 casos estudados (85,2%), as respostas proveñen de persoas que están en posesión de títulos universitarios, tanto ligados ás áreas das Ciencias da Educación (Mestre, Psico-pedagogía, Pedagogía, Educación Social, etc.), como a outras disciplinas afíns no eido das Ciencias Sociais e Humanas (Socioloxía, Ciencias Políticas, Ciencias Empresariais, Xeografía e Historia, Humanidades, etc.). A priori, esta circunstancia permite esperar un grao de cualificación das respostas consoante con este capital en formación superior.

Conforme xa foi anticipado, os cuestionarios dirixíronse preferentemente ao persoal técnico (dirección de servizo, xefaturas de división, per-

soal contratado, etc.), e, en caso de non existir a devandita figura, ao responsable político da área. Así, atendendo ás distintas responsabilidades das persoas consultadas, a mostra definitiva quedou conformada por 15 cargos políticos (55,5%) e 12 responsables técnicos (44,4%), cunha presenza política preponderante no caso galego, onde as respostas deste sector (10 casos) duplican ás achegas do eido profesional (5 casos). Ben pola inexistencia de profesionais ao cargo das cuestións educativa, ou ben polas posibles interferencias na actividade profesional dos servizos municipais de educación, a mostra representada remítese, tanto ás valoracións políticas como técnicas, observando unha maior abstención nas respostas ofrecidas polos responsables políticos (concelleiras, "vereadoras", alcaldes e alcaldesas, etc.), que pode atribuírse á orientación técnica do cuestionario.

Respecto do tipo de estruturas organizativas nas que se identificaron responsables municipais concernidos pola actividade educativa, as denominacións dos departamentos consultados informan de dúas notas características: 1) a case unánime constitución da materia educativa como Concellaría ou Pelouro do organigrama municipal con entidade autónoma -que non independente-; e 2) as ligazóns das competencias educativas a outras que permiten traballar en proxectos sociais e culturais de carácter transversal e integrado, asociándose a xestión educativa local (ensino, universidades, etc.) aos servizos de acción sociocultural, emprego, infancia e mocidade, lecer, deporte, igualdade, e outros. De novo, esta circunstancia fai albergar a expectativa de atopar unha realidade que posibilita a transversalidade das políticas educativas de benestar social.

Completando a caracterización do perfil municipal, estes departamentos ou servizos municipais dispoñen de contías orzamentarias que se cifran por debaixo dos 500.000 euros nas vilas máis pequenas, ata superar os cen millóns de euros que se declaran nas grandes cidades. En xeral, estímase que a franxa de investimento municipal en educación oscila entre un 5 e un 15 por cento do orzamento total, se ben non sempre se aproxima ao 12% de investimento na rede de centros de ensino, taxado pola FEMP no seu "Estudo sobre gastos municipais en Educación" realizado no ano 2006. Con todo, sinálase a necesidade de elaborar un estudio económico pormenorizado, ao respecto dunha cuestión de grande importancia e complexidade, como é a distinta atribución dos capítulos de gasto segundo o funcionamento instituído en cada Concello (gastos de persoal, gasto corrente, transferencias, investimentos, etc.).

4.2.1. *Compromisos educativos formalizados en documentos*

Unha parte importante do compromiso municipal coa acción educativa local reflíctese nas declaracións e cartas educativas que asentan tanto as bases dos principios políticos como as directrices orientadoras das propostas e das actuacións. Estes compromisos poden ser comúns ás vilas e cidades que comparten entre si unhas mesmas liñas xerais respecto aos fundamentos do seu proxecto educativo e aos modos de desenvolvelo. De xeito tal que estes compromisos poden observarse como un sinal da disposición a colaborar con outros municipios, con miras a desenvolver unha política local orientada nunha certa estratexia de común acordo. Máxime, considerando que a adopción destes documentos adoita realizarse no marco das prácticas de colaboración entre municipios, como sucede co exemplo da *Carta Internacional das Cidades Educadoras*, que xa no seu preámbulo compromete aos seus asinantes a colaborar, bilateral ou multilateralmente, para facer realidade o intercambio de experiencias.

No caso concreto desta *Carta* de compromisos co dereito á educación, menos da metade dos municipios asociados ao Eixo teñen formalizado a súa adhesión ao documento, cando menos a nivel formal, como integrantes da *Asociación Internacional das Cidades Educadoras* (AICE). En cifras, as municipalidades asinantes serían cinco de cada dez localidades galegas e tres de cada dez portuguesas, cunha presenza maioritaria das cidades de maior tamaño.

Respecto a outros documentos, oito de cada dez municipios portugueses declaran contar con documentos orientadores das súas políticas educativas; se ben, a teor das informacións recollidas no conxunto do cuestionario, cabe inferir que nesta cifra se inclúen as “cartas educativas” e os “mapas escolares”. No seu conxunto, resulta destacable que seis dos municipios enquisados declaren non contar con ningún tipo de documento de principios educativos que poida asemellarse (22,2%). Cinco deses seis casos corresponden a pequenos municipios.




- Municípios que assinaram a Carta de Cidades Educadoras
- Municípios assinantes doutros documentos

En consecuencia, convén propiciar que a totalidade dos municípios atlánticos comparta unhas mínimas bases que orienten o desenvolvemento do quefacer educativo municipal, como membros pertencentes a unha mesma identidade territorial e social. Dende logo, o punto de partida dese compromiso vén establecido pola lexislación vixente, tanto en materia comunitaria como no ámbito de cadansúa rexión nos seus respectivos países. E, sen deixar de observar a normativa local, pero considerando a pertenza á Eurorrexión como unha oportunidade para ampliar e complementar os elementos básicos da arquitectura educativa municipal, todo indica que sería acaída a sinatura dun *Compromiso Local coa Comunidade Educativa do Eixo Atlántico*, quer tendo como referentes os principios das Cidades Educadoras, quer acudindo tamén ás orientacións de outros compromisos municipais, como o das Cidades Patrimonio da Humanidade, o das Cidades Saudables, o das Cidades Sostíbles ou o das Cidades Amigas da Infancia, entre outros exemplos.


Gráfico 1

Compromisos asinados en materia educativa




Fonte: Cuestionario. Elaboración

Compromisos asinados en materia educativa



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

4.2.2. A colaboración municipal e intermunicipal

Os datos descriptivos amosan que entre os municipios do Eixo predomina un relativo nivel de colaboración coas administracións supramunicipais e unha maior colaboración intermunicipal cos Concellos xeograficamente máis próximos. De seguido, presentaranse as análises nas que se apoian estas conclusións, comezando polo caso da colaboración interadministrativa, non sen antes apuntar, a modo de nota metodolóxica, que o tratamento estatístico dos casos perdidos na resposta aos ítems analizados ("Si", "Non" e "Non procede") quedan incluídos dentro da categoría Ns/Nc (Non sabe/Non contesta).

Nótese que esta categoría foi especialmente sinalada polos inquiridos cando se lles preguntaba pola existencia de colaboración intermunicipal no ámbito internacional (92,6%). De maneira que este dato debe relativizar as conclusións que se deriven do ítem en cuestión; ao tempo que suxire un posible descoñecemento das posibilidades de colaboración intermunicipal existentes a nivel internacional, a través das plataformas constituídas ao efecto.

Pola súa vez, no tocante á colaboración municipal na provincia (44,4%) e na Comunidade Autónoma ou rexión (44,4%), cabe destacar que as baixas taxas de resposta afirmativa ou negativa son debidas á inexistencia deste tipo de colaboración dos municipios portugueses con outros entes administrativos supramunicipais (aínda que subestatais) con competencias educativas na materia. As diferenzas na organización político-administrativa dos Estados portugués e español explican esta circunstancia.

Táboa 2: Colaboración municipal cos entes administrativos

Colaboración		Zona				Tipo de municipio				Total	
		Galicia		Portugal		Pequenos municipios		Grandes cidades		Eixo	
		N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
coa Administración provincial	Si	9	60,0	0	,0	5	29,4	4	40,0	9	33,3
	Non	6	40,0	0	,0	4	23,5	2	20,0	6	22,2
	Ns/Nc	0	,0	12	100,0	8	47,1	4	40,0	12	44,4
coa Administración autonómica ou rexional	Si	14	93,3	0	,0	8	47,1	6	60,0	14	51,9
	Non	1	6,7	0	,0	1	5,9	0	,0	1	3,7
	Ns/Nc	0	,0	12	100,0	8	47,1	4	40,0	12	44,4

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Colaboración municipal interadministrativa

Por mor da distribución das competencias educativas, esta cuestión non se aplica ao caso portugués, polo que se prescinde aquí da lectura dos valores medios, entrando a analizar directamente o caso galego. En Galicia, a colaboración educativa municipal co ente administrativo provincial (60) é sensible menor que no caso autonómico (93,3), tal como corresponde co distinto réxime de competencias educativas que ostenta cada nivel da administración pública.

Seis de cada dez entes urbanos aparecen como colaboradores da administración autonómica ou rexional, e algo menos da metade dos pequenos municipios presenta o mesmo perfil, polo que as lóxicas cooperativas parecen menos asentadas nas vilas que nas cidades. Por ende, os datos poderían reflectir unha maior capacidade urbana para artellar iniciativas de colaboración, e/ou a necesidade de promover unha intervención máis centrada nos municipios de pequeno tamaño.

Cando se trata de cualificar o grao desa colaboración con outras administracións públicas (incluídas a Estatal e a Europea), o conxunto dos municipios inquiridos outorgan un valor medio de 3,16 nunha escala de 1 a 5. Case catro de cada dez municipios (37,0) valoran esa coordinación interadministrativa como “boa” ou “moi boa”, mentres que os restantes outorgan unha valoración menor (55,5) ou evitan pronunciarse ao respecto, sinalando a categoría “Non sabe” (7,4). Aínda que en ningún caso se valora como “moi mala”, a cuarta parte dos municipios maniféstase “insatisfeita” co estado das colaboracións interadministrativas (25,9).

Táboa 3: Colaboración con outras administracións


		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Mala	7	25,9	28,0	28,0
	Regular	8	29,6	32,0	60,0
	Boa	9	33,3	36,0	96,0
	Moi boa	1	3,7	4,0	100,0
	Total	25	92,6	100,0	
Perdidos	Ns	2	7,4		
Total		27	100,0		

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Cando se pregunta polas prioridades educativas que debe de afrontar o Concello, as respostas espontáneas dos inquiridos non refiren a colaboración interadministrativa máis que no único caso de quen se amosa partidario de incrementar a colaboración interinstitucional. Ao respecto, faise notar que o desigual grao de experiencia das distintas entidades -tanto públicas como privadas- dificulta ou limita as posibilidades de tender pontes de colaboración, constatándose a necesidade de desenvolver accións de formación para o conxunto da comunidade educativa, a fin de incrementar a súa capacidade de relación e cooperación. De feito, neste capítulo, os inquiridos botan en falta en máis de unha ocasión a participación das familias que, constituídas en Asociacións de nais e pais ou a título individual, deberían ser unha das principais fortalezas que sumar aos activos educativos do municipio.

Por outra banda, como pode observarse no gráfico que acompaña ao texto, as valoracións realizadas resultan paradóxicas. Así, quen non se pronuncia (Ns/Nc) sobre a colaboración do Concello coas outras administracións valora máis positivamente o grao de coordinación interadministrativa que o resto dos municipios. Ademais, e sempre por termo medio, as localidades que colaboran coa administración autonómica semellan estar máis satisfeitas coa coordinación interadministrativa que os municipios non colaboradores. Mentres que no caso provincial sucede o contrario, e os que non colaboran coas Deputacións realizan mellores valoracións globais da coordinación interadministrativa.

Gráfico 2



Certo é que a colaboración e a coordinación son dúas categorías administrativas distintas. A coordinación educativa entre o municipio e o nivel administrativo superior pode funcionar nos estritos termos da lei, sen que iso signifique que se produzan relacións de cooperación. Asemade, pode que as iniciativas que se realizan en colaboración estean descoordinadas. Sen embargo, parecería desexable que a colaboración derivase de xeito inequívoco nunha coordinación satisfactoria. Os datos, con todas as reservas que poidan facerse dada a súa casuística, non apoian esta idea, e poñen de manifesto o distinto coñecemento da cuestión que agochan as valoracións realizadas polos inquiridos.


Con todo, excluindo da análise a particular natureza administrativa local dos entes provinciais (no caso galego), hai unha evidencia inequívoca: a existencia de colaboración entre as administracións locais e autonómicas ou rexionais incrementa a satisfacción coa coordinación interadministrativa.

Colaboración intermunicipal

En termos porcentuais, a colaboración entre as localidades limítrofes ou xeograficamente próximas semella ser elevada tanto nas grandes cidades (70,0) como nos pequenos municipios (64,7). Con todo, cómpre subliñar que cando menos en tres de cada dez concellos non se produce ningún tipo de colaboración con outros municipios, con independencia da súa pertenza a comarcas, distritos, provincias, rexións... Isto sucede en oito ocasións (29,6), estando todos os casos localizados en Galicia, cinco deles en pequenas localidades e o resto nas grandes cidades.

A medida que se amplía o ámbito de colaboración, as cidades amósanse máis activas nos seus intercambios rexionais, estatais e internacionais. Posiblemente, parte destas colaboracións intermunicipais con parceiros alleos se produzan no marco de federacións rexionais, asociacións transfronteirizas, irmandades internacionais, etc. Só en cinco concellos (18,5) é constatada unha colaboración intermunicipal a distintos niveis (local, rexional e estatal). Catro dos cinco casos corresponden a grandes cidades. A situación máis colaborativa dáse por igual en Galicia -con tres municipios-, como no Norte de Portugal, con dous.

Gráfico 3



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Táboa 4: Colaboración intermunicipal


		Zona				Tipo de municipio				Total	
		Galicia		Portugal		Pequenos municipios		Grandes cidades			
		N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
no ámbito da provincia ou do distrito	Si	6	40,0	12	100,0	11	64,7	7	70,0	18	66,7
	Non	9	60,0	0	,0	6	35,3	3	30,0	9	33,3
	Ns/Nc	0	,0	0	,0	0	,0	0	,0	0	,0
no ámbito da rexión ou da Comunidade Autónoma	Si	5	33,3	5	41,7	5	29,4	5	50,0	10	37,0
	Non	9	60,0	4	33,3	10	58,8	3	30,0	13	48,1
	Ns/Nc	1	6,7	3	25,0	2	11,8	2	20,0	4	14,8
no ámbito do Estado	Si	3	20,0	2	16,7	1	5,9	4	40,0	5	18,5
	Non	12	80,0	6	50,0	14	82,4	4	40,0	18	66,7
	Ns/Nc	0	,0	4	33,3	2	11,8	2	20,0	4	14,8
no ámbito internacional	Si	2	13,3	0	,0	1	5,9	1	10,0	2	7,4
	Non	0	,0	0	,0	0	,0	0	,0	0	,0
	Ns/Nc	13	86,7	12	100,0	16	94,1	9	90,0	25	92,6

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Polo observado na distribución dos datos, cabería pensar que a proximidade representa un *plus* para a colaboración intermunicipal entre os concellos do arredor. Mentres que esa atracción resulta máis débil, e decrece ata atenuarse, cando se trata de colaboracións con municipios periféricos e xeograficamente distanciados. O gráfico adxunto confirma esta hipótese, amosando que as maiores porcentaxes de colaboración intermunicipal prodúcense nos ámbitos máis próximos ao municipio, mentres que os intercambios van decrecendo a medida se incrementa a distancia xeográfica entre as localidades, vilas ou cidades.

Gráfico 4

Proximidade da colaboración intermunicipal



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

A totalidade dos municipios portugueses declara colaborar con outros municipios do seu distrito. Unha colaboración semellante no marco das provincias galegas acontece apenas en catro de cada dez localidades. Se ben, cómpre considerar o diferente significado que posúen as delimitacións ou circunscricións dos distritos e das provincias.

Pola contra, en ningún dos casos portugueses é afirmada a existencia de colaboracións a nivel internacional. E tampouco o caso galego alcanza unha cifra considerable (apenas 2 casos). Os datos indicarían a inexistencia dun fluxo de intercambio, colaboración e cooperación nas políticas educativas locais entre os municipios de Galicia e do Norte de Portugal, ou entre estes e outras localidades foráneas.

En efecto, o conxunto das informacións complementarias obtidas na realización deste estudo confirman o escaso nivel de relacións educativas existentes no panorama internacional, aínda que apuntan cara a existencia dalgún tipo de iniciativa que si parece realizarse en parcería con outros municipios irmandados ou asociados a redes de cidades. Con todo, antes que cara ao exterior, semella que os responsables municipais identifican a necesidade de operar melloras cara ao interior, e refiren a urxencia de “mellorar a coordinación entre os distintos servizos municipais que ofrecen recursos educativos” e “fomentar unha cultura de transversalidade na organización municipal”.

Tipoloxía da colaboración intermunicipal


Ao cualificar o tipo de cooperación existente, mediante exemplos que poidan ser especialmente salientables, os municipios manifestan a súa participación en distintas modalidades de colaboración educativa, que se producen en diferentes planos administrativos e institucionais. Atendendo á función que polo xeral cumpren as relacións de colaboración, cabe diferenciar entre tres formas de cooperación:

1. *Compartir información e documentación educativa.* É a forma de colaboración nomeada con maior frecuencia polos municipios inquiridos, producíndose principalmente entre aqueles entes locais que se amosan activos nos grupos de traballo de asociacións, federacións e redes de municipios como a FEGAMP, a *Rede Estatal de Cidades Educadoras* (RECE) e o propio Eixo Atlántico (que apenas é nomeado en dúas ocasións). Tamén cabe citar aquí a *Rede de Cidades Patrimonio da Humanidade*, a *Rede de Cidades Saudables* (OMS) e a *Rede de Cidades Creativas* (UNESCO).
2. *Establecer convenios con entidades supramunicipais.* Este é un caso predominante nos concellos galegos, onde se observa a importancia da colaboración municipal no desenvolvemento das competencias educativas centralizadas na administración autonómica, nomeadamente, o uso dos centros escolares, a formación do profesorado, a mellora das instalacións ou o desenvolvemento de programas de actividades educativas e extraescolares (de natureza curricular e de carácter deportivo).

No caso portugués, alúdese especificamente á existencia de convenios asinados co Ministerio da Educación para o desenvolvemento de “Actividades de Enriquecemento Curricular” e a prestación de servizos complementarios.


3. *Colaborar no desenvolvemento de iniciativas concretas.* Esta forma de colaboración entre os municipios concrétese en determinados momentos para a realización de proxectos de relativa envergadura, como son as iniciativas para irmandar cidades, os intercambios escolares ou os protocolos conducentes á elaboración das cartas educativas. Tamén se contempla nesta categoría a participación, xunto con outras entidades parceiras, en proxectos de índole europea, como o programa comunitario Sócrates.

Gráfico 5



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Gráfico 6



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

En conxunto, as formas de colaboración intermunicipal que manteñen os membros do Eixo caracterízanse pola súa relativa sinxeleza. Onde se rexistran unhas políticas de maior complexidade, constátase que os pactos fican restrinxidos ao desenvolvemento de iniciativas puntuais. Así, semella que as colaboracións acaecidas para a consecución de obxectivos puntuais e a curto prazo teñen un sentido instrumental, cunha orientación sensiblemente diferente da estratexia educativa compartida que se require para o desenvolvemento social da Eurorrexión, tanto en materia de educación e formación, como noutras políticas de emprego, inclusión cultural e cohesión comunitaria.

Perspectivas de incrementar a colaboración intermunicipal

Incidindo de novo na importancia de motivar o sentido da colaboración intermunicipal, obsérvase con preocupación que as previsión de futuro expresadas polos representantes locais non auguran todas as melloras que serían desexables. De feito, tanto en Galicia como no Norte de Portugal, seis de cada dez municipios manifestan non ter intención de desenvolver accións educativas intermunicipais nos próximos tempos. Esta situación acúsase principalmente nas pequenas localidades, onde a cifra ascende ao 70,6 de municipios faltos deste tipo de de intencións cooperativas.

Nesta cuestión, os inquiridos que se decantan por responder positivamente, sen embargo, non son quen de referir outras formas de colaboración municipal distintas das xa existentes, ou que profunden nas mesmas. Aluden, de maneira xeral, ao “intercambio de experiencias e actividades”, ou o desenvolvemento das “accións que se planifiquen nos foros de colaboración”.


Táboa 5: Previsión de desenvolver accións educativas intermunicipais

		Si		Non		Ns/Nc	
		N	%	N	%	N	%
Zona	Galicia	6	40,0	9	60,0	0	,0
	Portugal	3	25,0	7	58,3	2	16,7
Tipo de municipio	Pequenos municipios	4	23,5	12	70,6	1	5,9
	Grandes cidades	5	50,0	4	40,0	1	10,0

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Gráfico 7

Previsión de colaborar en accións intermunicipais



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

A teor dos datos, as perspectivas existentes para artellar iniciativas conxuntas son escasas, sendo preciso instaurar protocolos que sirvan de marco para orientar esas colaboracións; e, paralelamente, cómpre que os responsables municipais tomen o exemplo das políticas de colaboración que xa están a dar bo resultado noutros territorios. Máxime, a teor da importancia que cabe outorgar ao sentido cooperativo de certas prácticas locais necesarias para fa-

cer fronte ao escenario global. Prácticas que procuran o tecido de relacións, a integración de redes e a transferencia de boas prácticas. Ou prácticas que buscan o achegamento aos parceiros do territorio e que dan sentido á existencia de plataformas de colaboración como a que representa o Eixo Atlántico.

4.2.3. A coordinación educativa no municipio relacional

Con anterioridade, a análise remitiuse ao estado da colaboración entre os municipios enquisados e as restantes Administracións, tanto locais como supralocais. Aludíase entón ás realidades da colaboración educativa a nivel intermunicipal e interadministrativo. Considerando agora o sentir das relacións con outros axentes da vida educativa local, explorárase o parecer expresado polos responsables locais (técnicos ou políticos) no tocante ao grao de coordinación entre o ente municipal e outros integrantes da comunidade educativa, incluíndo aquí a distintos actores e sectores relevantes no eido local.

Táboa 6: Coordinación e/ou colaboración con distintos axentes do ámbito educativo local

	Tipo de municipio		Zona			Perfil	
	Pequenos municipios	Grandes cidades	Galicia	Portugal	Eixo	Técnico	Político
	Media	Media	Media	Media	Media	Media	Media
Asociacións de Nais e Pais	3,53	4,00	3,50	4,00	3,71	3,91	3,54
Centros de Investigación	2,60	1,60	2,00	2,67	2,27	2,00	2,40
Colectivos de Renovación Pedagóxica	2,60	3,40	2,86	3,00	2,87	2,67	3,00
Corpos de protección e Seguridade	3,53	3,67	3,21	4,10	3,58	3,82	3,38
Empresas	2,75	2,86	2,58	3,00	2,78	2,55	3,00
Entidades culturais e recreativas	3,29	3,33	3,00	3,78	3,30	3,40	3,23
Entidades relixiosas	2,81	2,43	2,43	3,11	2,70	2,22	3,00
Fundacións	2,82	2,44	2,69	2,57	2,65	2,43	2,77
Medios de Comunicación	3,14	3,71	3,23	3,50	3,33	3,56	3,17
Organizacións non gobernamentais	2,92	2,88	2,67	3,25	2,90	3,10	2,70
Outras administracións	3,13	3,22	3,00	3,36	3,16	3,27	3,07
Outras concellarías ou departamentos municipais	3,94	3,50	3,50	4,08	3,77	3,92	3,64
Sindicatos	1,85	2,14	2,00	1,86	1,95	1,75	2,08
Universidades	3,27	2,60	2,69	3,33	3,00	3,00	3,00

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

En conxunto, os datos apuntan cara a moderada satisfacción dos responsables locais coas relacións de coordinación e/ou colaboración que teñen establecidas. Considerando a oscilación da escala tipo *Likert*, entre os valores 1 e 5, e tendo entón por medida central o valor 3, anótase que o promedio non sitúa a ningún dos axentes analizados nos extremos da distribución. E, polo tanto, non se observa que a colaboración sexa máxima ou mínima, altamente positiva ou altamente negativa, con ningún dos actores da comunidade educativa polos que se preguntaba.

Nesta mesma análise da tendencia central, as valoracións superiores a 3,5 representarían o sentido positivo da coordinación, mentres que as inferiores a 2,5 estarían no lado negativo. Así, e por esta orde de gradación, a colaboración establecida cos propios departamentos municipais (3,77), coas asociacións de nais e pais (3,71) e cos corpos de protección e seguridade (3,58) sería notablemente máis satisfactoria que o vínculo entre os municipios e outros axentes como os centros de investigación (2,27) ou os sindicatos (1,95). Pola súa banda, os restantes actores permanecerían en posicións intermedias.

De entrada, non se aprecia un sentido unívoco na busca de sectores colaboradores, pois os datos permanecen estatisticamente invariantes segundo pertencen ao sector público ou privado. De feito, a exploración das táboas de continxencia non se revela significativa para informar se a localización xeográfica ou o tipo de municipio afectan dalgún modo ás valoracións realizadas polos responsables municipais sobre a cuestión da coordinación. Con todo, é de salientar que, salvo en dous casos (Fundacións e Sindicatos), as valoracións portuguesas son sempre máis elevadas que as galegas, querendo significar con esta apreciación que a colaboración resultaría cuantitativa e cualitativamente máis intensa e efectiva, ou ben que a percepción dos responsables municipais que responderon ao cuestionario difire subxectivamente a un lado e outro da fronteira.

Atendendo ao tipo de municipio, polo xeral non se observa que as valoracións sexan significativamente dispares segundo se trate de grandes cidades ou de pequenos municipios. Non obstante, hai que apreciar as diferenzas. Por unha banda, as cidades do Eixo valoran a coordinación coas universidades e os centros de investigacións en menor grao que as vilas e outras localidades; mentres que os pequenos municipios outorgan puntuacións máis baixas que as urbanas no tocante á colaboración con colectivos de renovación pedagóxica e medios de comunicación. Pola outra, a partir dunha análise da desviación típica sobre os resultados obtidos para o conxunto do Eixo, cabe afirmar que os municipios (grandes ou pequenos, dunha zona ou doutra) coincidirían sobre todo valorando moderadamente a colaboración coas administracións, mentres que a súa maior discrepancia se produciría na

avaliación da coordinación cos colectivos de renovación pedagóxica e cos centros de investigación (cunha oscilación global dos resultados na gradación que varía entre 0,9 e 1,4).

Segundo o perfil das persoas enquisadas, políticos e técnicos están moi parellos nas súas respectivas valoracións tanto da *colaboración interna* (con outros departamentos ou servizos municipais) como da *colaboración externa* (con outros niveis das Administración Pública). A converxencia deste resultado pode considerarse un punto de partida para traballar de maneira conxunta na mellora das relacións de colaboración con outros actores da comunidade educativa. Se ben, cabe reflexionar sobre o dominio dunha percepción que leva aos enquisados a considerar que o concello se coordina mellor cos seus propios departamentos que co resto dos axentes da comunidade.

Neste mesmo ítem nótese tamén que os técnicos enquisados fan valoracións algo máis positivas que os seus respectivos mandatarios políticos, de xeito tal que oscilan entre un mínimo de satisfacción moderada de 3,07 (valoración política outorgada á coordinación con outras administracións) e unha satisfacción máxima de 3,92 (valoración técnica outorgada á coordinación dentro do propio Concello).

Pola contra, a maior discrepancia entre ambos perfís maniféstase na desigual percepción das relacións de colaboración coas entidades relixiosas, que os responsables políticos valoran cun 3, en maior grao que o persoal técnico (onde se rexistra unha media de 2,22). Nos restantes ítems, as valoracións medias oscilan entre tres e catro décimas unhas das outras.

A perspectiva do conxunto dos datos indicaría que os principais aliados dos municipios atlánticos para desenvolver o labor educativo que teñen encomendado serían, por orde de importancia: 1) os propios recursos dos que dispoñen os Concellos, 2) as familias que demandan a súa participación nas políticas educativas locais, e 3) os axentes de protección e seguridade que serven ao municipio no cumprimento de certas competencias obrigatorias, como a de garantir a escolaridade obrigatoria de todo o alumnado.

Táboa 7: Coordinación e/ou colaboración con axentes da comunidade educativa local

Axente da comunidade educativa local	Eixo Atlántico		Resposta descoñecida Ns	Escala <i>Likert</i> Valor positivo superior a 3*
	Media	Desviación típica	Porcentaxe (Perdidos)	Porcentaxe acumulado
Asociacións de Nais e Pais	3,71	1,1	11,1	62,5
Centros de Investigación	2,27	1,4	44,4	13,3
Colectivos de Renovación Pedagóxica	2,87	1,4	44,4	33,3
Corpos de protección e Seguridade	3,58	1,1	11,1	45,8
Empresas	2,78	1,2	14,8	21,7
Entidades culturais e recreativas	3,3	1,1	14,8	43,5
Entidades relixiosas	2,7	1,3	14,8	26,1
Fundacións	2,65	1,2	25,9	25
Medios de Comunicación	3,33	1,0	22,2	47,6
Organizacións non gobernamentais	2,9	1,0	25,9	25
Outras administracións	3,16	0,9	7,4	40
Outras concellarías ou departamentos municipais	3,77	1,1	3,7	61,5
Sindicatos	1,95	1,2	25,9	10
Universidades	3	1,2	7,4	32

* Expresa a porcentaxe de municipios que se declaran satisfeitos co grao de colaboración que manteñen cos distintos axentes do ámbito educativo local

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

En relación ao que se coñece como sociedade civil organizada, a pesar de ser colectivos que actúan en representación dunha parte da comunidade educativa, as entidades sociais, culturais e recreativas, así como as agrupacións que promoven actividades de lecer e tempo libre, ficarían relegadas a un segundo plano.

Por último, cabe anotar a baixa colaboración que semella atoparse no eido propiamente privado do terceiro sector, incluíndo aquí as empresas, as fundacións e as congregacións relixiosas. Mención a parte merece, pola súa notable importancia no quefacer educativo local, a reducida coordinación coa comunidade educativa universitaria, cos corpos de profesorado e cos pólos de investigación.


Con estes elementos de análise, todo indica que estaríamos ante municipios de baixa densidade relacional, que se amosarían desigualmente satisfeitos coas súas redes de colaboración, declarando que a súa coordinación é menos substantiva do desexable, moi especialmente, no que se refire aos axentes da comunidade educativa, que nalgúns casos poden ter unha presen-

za difusa en estruturas do sistema educativo escolar como o Consello Escolar, pero cun labor formativo e pedagóxico de amplo alcance para o conxunto da comunidade.

A lectura pormenorizada dos resultados anticipados ofrece unha mellor comprensión das dinámicas locais soportadas na capacidade do municipio para coordinar toda a oferta formativa do territorio, dende a súa relación de proximidade cos restantes axentes da comunidade educativa. Así, o primeiro que cabe destacar é a taxa de respostas perdidas, que aquí son interpretadas como informacións descoñecidas para os enquisados. Obsérvase que case a metade deles non se pronuncia sobre o grao de colaboración existente con colectivos de renovación pedagóxica e centros de renovación, e que arredor de unha cuarta parte tampouco o fai en relación aos sindicatos, ás organizacións non gobernamentais, ás fundacións e aos medios de comunicación. Estes actores educativos aparecerían aquí como axentes educativos “non considerados” para unha parte significativa dos integrantes do Eixo, que si amosan un coñecemento do estado das relacións a nivel administrativo, onde se rexistra a menor taxa de resposta na categoría de “non sabe ou non contesta”.

Gráfico 8

Grao de colaboración e/ou coordinación en materia educativa



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Considerando agora as respostas emitidas, o grao de coordinación dista de ser positivo na meirande parte dos Concellos enquisados. A colaboración, pola súa intensidade ou pola súa efectividade, só sería maioritaria nas relacións que vinculan aos municipios cos seus propios departamentos administrativos e coas asociacións de nais e pais. No resto dos casos, máis do cincuenta por cento dos responsables municipais (técnicos ou políticos) que responden a esta cuestión optan por atribuír un grao de colaboración intermedio (3) ou baixo (1 e 2). E, como representa a seguinte gráfica, os datos amósanse especialmente relevantes cando menos dunha cuarta parte dos municipios declara que as súas relacións de colaboración son positivas e/ou intensas con sindicatos, centros de investigación, empresas, organizacións non gobernamentais e fundacións.

Complementando esta panorámica xeral, a continuación ofrécese unha perspectiva pormenorizada do grao de colaboración establecido polos municipios da Eurorrexión con outros axentes da comunidade educativa. Nesta serie de resultados utilizaranse sempre os datos procedentes do cuestionario aplicado aos responsables técnicos e políticos municipais, segundo a seguinte codificación da escala *Likert*.





Gráfico 9: Outros departamentos municipais



A colaboración interna é ben valorada na metade dos municipios da Eurorrexión, decaendo na outra metade e sendo negativa en dous de cada dez. O clima de colaboración interna valórase case 5 décimas mellor nos pequenos municipios que nas grandes estruturas organizativas das cidades. É tamén case 6 décimas mellor valorado na zona portuguesa que na galega. Políticos e técnicos teñen un parecer parello, manifestándose moderadamente satisfeitos co grao de coordinación alcanzado no interior do ente municipal.

Gráfico 10: Outras administracións

Catro de cada dez municipios declaran ter boas relacións cos restantes niveis da Administración Pública. Non sucede así en tres de cada dez casos, sendo esta unha valoración independente das características dos municipios ou do perfil dos enquisados. De feito, un parecer parello é compartido tanto polos profesionais como polos cargos políticos enquisados, nos grandes e nos pequenos municipios, a ambos lados da fronteira. A satisfacción media é de 3,16 sobre 5, considerándose entón como “moderada”.





Gráfico 11: Universidades



No tocante ás universidades, as respostas non apuntan nun sentido unívoco. Nuns casos, as colaboracións amósanse positivas, especialmente cando se trata de valoracións que proveñen dos pequenos municipios e da zona portuguesa. Pero máis de 3 de cada 10 casos non acadan a mesma sorte, declarando un escaso grao de colaboración coas institucións de ensino superior. Aquí, técnicos e políticos coinciden en outorgar unha valoración intermedia de 3 sobre 5.

Gráfico 12: Sindicatos

A metade dos municipios da Eurorrexión valora moi negativamente a súa relación de colaboración cos axentes sindicais, a pesar de ser un sector da comunidade educativa de primeira orde na definición de políticas de formación profesional e continua. Só 1 de cada 10 Concellos parece ter nos colectivos sindicais un colaborador ben valorado. Cunha media de 1,95 (na escala *Likert* de 1 a 5), a colaboración cos sindicatos é a menos puntuada dos catorce ítems que presentaba o cuestionario.







Gráfico 13: Empresas

A colaboración co sector empresarial considérase igual de importante que a sindical, para acometer competencias como a participación na programación do ensino, a educación permanente de persoas adultas, a colaboración nos programas de garantía social e iniciación profesional, ou a oferta de formación profesional. A pesar deste destacado papel, só 2 de cada 10 Concellos valoran positivamente a súa relación co mundo empresarial. Portugueses e políticos fan unha valoración que supera en 5 décimas a galegos e profesionais, respectivamente.

Gráfico 14: Entidades relixiosas

Por termo medio, case a metade dos municipios perciben que a colaboración coas entidades relixiosas é escasa ou negativa. Do lado contrario, unha cuarta parte declara que as súas relacións de cooperación son positivas. A zona portuguesa e o sector político outorgan unha gradación entre 7 e 8 décimas máis positivas que os perfís de galegos e técnicos locais. A cooperación con esta tipoloxía de entidades tamén é considerada algo máis propicia nos pequenos municipios.

**Gráfico 15: Asociacións de Nais e Pais**

As ANPAs son un axente de colaboración educativa estratéxica para o desenvolvemento do quefacer municipal. En xeral, todas as informacións analizadas poñen de manifesto que este é o sentir predominante entre as persoas enquisadas, especialmente no colectivo de técnicos municipais. En consecuencia, non sorprende que dúas terceiras partes da Eurorrexión manifesten ser boas cooperantes das ANPAs. Se ben, case un 15% dos casos reclama unha maior participación das familias na problemática socioeducativa.

Gráfico 16: Entidades culturais e recreativas

Dende a perspectiva dos enquisados, os municipios que realizan prácticas de colaboración coas entidades culturais e recreativas duplicarían aos Concellos menos avezados nesta materia. A proporción sería de 4 a 2, aos que cabe engadir case outros catro municipios onde non se supera a puntuación intermedia. O lado portugués autopercebe que o seu entendemento coa sociedade civil é moi considerable, mentres que as percepcións galegas non arrojan unha autoimaxe tan positiva. Técnicos e políticos coinciden en valorar moderadamente a coordinación con este sector da comunidade educativa.





Gráfico 17: Organizacións non gubernamentais



As ONGs -que polo xeral teñen un nivel de actuación de carácter estatal, máis que municipal- parecen estar algo distanciadas das redes locais de cooperación educativa. Dada a distribución das respostas, e a importante porcentaxe de valoracións que non se decanta a ningún lado da escala *Likert*, cabe conxectar que existen dificultades para identificar a este tipo de organizacións como parte colaboradora. De feito, a media das puntuacións outorgadas (2,9) quédase a unha décima dos valores positivos da escala.

Gráfico 18: Corpos de protección e Seguridade

Competencias locais como a vixilancia dos centros docentes ou o cumprimento da escolaridade obrigatoria adoitan ser exercidas coa axuda da policía local. Sen embargo, na metade dos municipios non se rexistra unha especial colaboración con estes axentes. Exceptuando casos illados, a outra metade da mostra parece coordinarse cos corpos de protección e seguridade. Principalmente no caso portugués, onde a media das valoracións é a máis elevada dos catorce ítems, situándose nun 4,1 na escala de 1 a 5.







Gráfico 19: Colectivos de Renovación Pedagógica

A colaboración cos Movements de Renovación Pedagógica (MRP) nas grandes cidades é oito décimas superior á das pequenas vilas. Un terzo dos enquisados considera que ten unha relación positiva con estes grupos de ensinantes. Outro terzo non percibe que a súa coordinación sexa especialmente positiva ou negativa. Mentres que o terzo restante fai notar a súa desconformidade co estado das relacións establecidas, parecendo oportuno atender ás problemáticas que están a dificultar estas prácticas de colaboración.

Gráfico 20: Fundacións


Catro de cada dez localidades, e as grandes cidades -onde están maioritariamente afincadas estas institucións-, botan en falta unha maior colaboración das fundacións, de quen se agarda unha contribución substantiva no apartado dos recursos que o sector privado pode mobilizar. Unha cuarta parte das persoas enquisadas parece entendela deste xeito, coordinándose en alto grao cos directivos e xerentes das fundacións. Sen embargo, este é un dos tres axentes máis afastados do eido de colaboracións establecidas arredor do ente municipal.

**Gráfico 21: Medios de Comunicación**

Case a metade dos representantes locais enquisados ve nos medios de comunicación un aliado para proxectar a actividade educativa do Concello e, con carácter xeral, outras ofertas formativas promovidas na localidade. A percepción é máis positiva nas grandes cidades, que posiblemente contan con canles de difusión máis activas. O perfil político valora a presenza nos medios de comunicación catro décimas por debaixo da valoración técnica.

Gráfico 22: Centros de Investigación


Seis de cada dez municipios ofrece unha imaxe negativa das súas relacións cos centros de investigación. Esta percepción é particularmente incisiva no caso das grandes cidades, onde se rexistra a valoración media máis baixa de todas as recollidas na enquisa (1,6). Mentres que o grao de colaboración coas Universidades acada un valor equidistante (3), os centros de investigación quédanse sete décimas (2,27) por debaixo da franxa positiva. As experiencias satisfactorias non alcanzan ao 15% do territorio eurorrexional, reclamándose unha intervención neste sentido.



Resumindo todo o anterior, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal cabe falar de municipios con tres círculos de colaboración educativa. Por orde de interacción co ente municipal, e segundo se representa na gráfica, son os seguintes:

1. Un círculo de parceiros próximos á actividade municipal, integrado polos propios Departamentos e Servizos Educativos do Concello, polas Asociacións de Nais e Pais (ANPAs) e pola axuda da policía local. Pode conxecturarse que os entes locais saen ao encontro de colaboración nestes axentes da comunidade educativa coa finalidade de exercer as súas competencias obrigatorias, en materias ligadas ao cumprimento da escolaridade e ao mantemento da seguridade nos centros docentes, prestando unha especial atención ao dereito á educación da infancia escolarizada, que corresponde garantir ás Administracións Públicas de acordo coa vontade das familias.
2. Un segundo ámbito de influencia no que o Concello atopa colaboración está integrado por medios de comunicación locais, entidades culturais e sociedades recreativas, outros niveis da Administración Pública e -aínda que en menor medida- outros axentes privados, como as Universidades, as Organizacións Non Governamentais, os Movementos de Renovación Pedagóxica e o sector empresarial. Neste segundo círculo de colaboracións parece apoiarse a extensión da actividade educativa e formativa, para dar cabida a todo un abano de programas e iniciativas de índole comunitaria, que achega equipamentos, recursos e servizos orientados a proxectar a formación ao longo da vida a través da educación do lecer no tempo libre, das artes e das ciencias, do deporte e da saúde, etc.

3. Por último, os municipios parecen estar algo afastados dun terceiro grupo de potenciais colaboradores, formado polas entidades relixiosas, as fundacións, os centros de investigación e os axentes sindicais. Ao respecto das relacións con estes axentes, os Concellos non se manifestan plenamente satisfeitos coa situación actual, atribuíndo esta desafección tanto á independencia de funcións sociais prevalecente entre o sector público e o privado, como á escasa pluralidade de actores que tradicionalmente interveñen na concertación das políticas e estratexias municipais. Mesmo sendo sectores que contan coas súas propias lóxicas institucionais de participación na sociedade, non obstante, a súa corresponsabilización co proxecto educativo da cidade pode verse notablemente incrementada, deparando unhas relacións de colaboración máis frutíferas.

Gráfico 23

4.2.4. Iniciativas educativas nos municipios da Eurorrexión


Para a súa presentación, agrupamos as iniciativas en catro categorías que se circunscriben ás liñas de acción desenvolvidas en torno á temas ambientais, á educación en sentido xeral -entendendo por tal aquelas que se cinguen máis fielmente ao marco normativo-, iniciativas de carácter social con diferentes colectivos (mocidade, familias, persoas inmigrantes), e, por último, estratexias de activación da participación cidadá.

Iniciativas ambientais


Case a cuarta parte dos concellos que integran o Eixo declara contar cunha *Axenda 21 Local*, que polo xeral axuda a trazar as directrices para favorecer o desenvolvemento sustentable do territorio. Asemade, case seis de cada dez municipios contan con equipamentos ambientais que teñen -ou poden ter- un uso educativo. Sen embargo, a existencia dun marco de planificación estratéxica e infraestruturas nas que actuar non se presenta igualmente reflectida na realización de iniciativas pedagóxicas consecuentes con esta orientación, como son os programas de educación ambiental e os plans de coñecemento didáctico do contorno. No primeiro caso, a metade dos municipios expresa carecer deste tipo de programas, cunha distribución equiparable da súa existencia a ambos lados da fronteira. No segundo caso, o labor para o coñecemento do contorno é exíguo nos municipios galegos e chega a ser nulo nos seus homólogos portugueses.

Non obstante, cómpre sinalar que da ausencia de plans, proxectos ou programas específicos, nalgún dos posibles ámbitos de actuación municipal, non se deriva que os concellos desatendan esas parcelas da vida local. En ocasións, pode que o seu quefacer neste eido existise dun xeito esporádico, discontinuo ou experimental, non chegando a consolidarse. Noutras, quizais se trate de aspectos nos que non se detecte unha necesidade de actuación prioritaria ou unha posible demanda de intervención municipal. Por último, hai ámbitos de traballo específico que poden estar incluídos en experiencias de amplo alcance, como poden ser os programas comunitarios. De aquí en diante, esta consideración é aplicable á análise de todo tipo de iniciativas.

Gráfico 24



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Iniciativas educativas

Entre as iniciativas catalogadas como educativas, predominan as actuacións ligadas ao desenvolvemento competencial da normativa local. Como semella razoable, as prácticas municipais adscriben a súa realización ao marco lexislativo que as regula. Con todo, é de salientar que aínda existan algúns concellos que declaren non estar a actuar en ámbitos con *carácter obrigatorio* (por exemplo: garantir a escolaridade obrigatoria fronte ao absentismo escolar), así como tamén a escasa actividade educativa rexistrada no desenvolvemento das competencias de *carácter voluntario* (por exemplo: a formación profesional e a educación de persoas adultas).

Ao respecto, os datos inducen a facer unha dobre lectura: dun lado, a que leva a distinguir a desigual realización das iniciativas educativas desenvolvidas nos municipios atlánticos, permitindo a identificación daqueles plans e programas (escolares e non escolares) que cómpre activar, en prol do seu mellor desenvolvemento; doutro, a que observa a existencia dunha forte actividade municipal concentrada nun determinado tipo de iniciativas (cunha grande compoñente escolar), que debe permitir a transferencia de procesos e resultados entre os municipios, dando cabida a programacións que poidan ser compartidas, quer nas súas temáticas, quer nas súas metodoloxías.


En primeira instancia, hai que anotar a preeminencia dunha actividade municipal orientada cara a ampliación do labor educativo nos tempos extraescolares ou, con maior precisión, nos tempos non lectivos. Así, máis do oitenta por cento dos municipios conta con programas de actividades extraescolares, que aparecen moi ligados á promoción do deporte como vía de educación para a saúde. Estes municipios tamén son altamente dinámicos na oferta de actividades de animación á lectura, asociada á promoción das bibliotecas, do libro e da lectura.

A estes ámbitos lígase o quefacer educativo no eido do lecer e das artes, aínda que aproximadamente catro de cada dez concellos declara non contar con iniciativas pedagóxicas desta natureza. Máis concretamente, e a pesar de ser elementos vertebradores de toda política de desenvolvemento comunitario, no 55,6% dos municipios non se rexistran iniciativas de “Educación do lecer”, e o mesmo sucede con outro 37,0% dos casos no sector da “Educación artística”. Pola contra, alí onde existen iniciativas culturais cun sentido educativo, a teor das informacións cualitativas recollidas a través do cuestionario, parecen predominar as actividades de carácter musical (escolas municipais, conservatorios, grupos, etc.) e as de carácter lúdico nos tempos vacacionais ou festivos.

Outro importante sector da iniciativa municipal está focalizado no labor de apoio á actividade propiamente escolar. Aquí, predomina a oferta de bolsas e axudas ao estudo en tres cuartas partes dos municipios, que están directamente encamiñadas a propiciar a igualdade de oportunidades entre o alumnado, cando menos no acceso á escolaridade. Esta compoñente escolar da actividade municipal tamén se fai notar no desenvolvemento doutras iniciativas de apoio escolar (como os cursos de técnicas de estudo e as actuacións de carácter compensatorio) e de servizos complementarios de transporte, comedor, etc. Así o confirman as informacións cualitativas recollidas ao preguntar polas principais iniciativas educativas desenvolvidas nos últimos tres ou catro anos.

Gráfico 25

Experiencias municipais en funcionamento




Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Pola contra, escasean aqueloutras accións de achegamento ao resto da comunidade educativa (profesorado, pais e nais, etc.); en particular, aquelas que cumpren a función de incentivar a innovación pedagóxica, fornecendo recursos, arquivos e fondos que favorezan e recoñezan a mellora do ensino. Apenas a cuarta parte dos municipios declara contar con experiencias deste tipo ou similares. Así mesmo, as accións destinadas á intervención funcional do sistema educativo, tales como: apoiar a elaboración de plans de seguridade nos centros escolares; o deseño dos patios de recreo; a dotación de servizos complementarios como aulas de informática e obradoiros; a mellora da estética; o adecentamento das áreas de influencia dos colexios; en definitiva, aquelas cuestións vinculadas ás infraestruturas e dotacións, poderían axudar considerablemente á calidade e extensión da oferta educativa no municipio. Entender que existen liñas de acción municipal que abranguen a públicos non exclusivamente “infantís” e “regrados” ampliaría positivamente a nómina de oportunidades educativas a outros moitos cidadáns e cidadás que precisan, tamén, dun apoio educativo.

Por último, a interpretación dos datos recadados a través do cuestionario coincide coa análise realizada a partir das páxinas web municipais presentada no punto 4.3. desta publicación, no sentido de confirmar a maioritaria carencia dun proxecto educativo de cidade que vertebre o conxunto das experiencias en funcionamento. De novo aquí o caso é observado con maior acentuación nos concellos galegos que nos portugueses, sendo estes primeiros nos que se constata unha menor presenza de planeamentos estratéxicos; se ben, todo o diagnóstico do conxunto da Eurorrexión reflicte a falta de orientacións esclarecedoras para unha política educativa que facilite a integración das súas liñas de acción.

Experiencias municipais en funcionamento


Iniciativas educativas



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Experiencias municipais en funcionamento

Iniciativas educativas



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.


Iniciativas sociais

No plano do quefacer socioeducativo, aproximadamente unha metade dos concellos actuaría en materia de formación para o emprego, fronte á outra metade que parecería desprovista de experiencias que anotar neste sentido. Ligado a este ámbito de actuación estaría o das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), cun labor que parece ser parello cando menos en sete concellos galegos e outros sete portugueses. Sen embargo, a situación pode verse agravada, ao tomar en consideración que apenas en catro dos vinte e sete casos se rexistra a existencia dun consello municipal de formación profesional.

Por outra banda, cómpre destacar a prominencia do caso galego na actuación centrada en colectivos ou grupos sociais como os conformados por mulleres, persoas inmigrantes e xente nova. Así, o número de concellos galegos que actúan en materia de igualdade, integración e mocidade supera sempre á cifra portuguesa, que resulta deficitaria en experiencias como o “Plan de acollida a persoas e familias inmigrantes” e o “Plan de igualdade de xénero”.


Gráfico 26 Experiencias municipais en funcionamento

Iniciativas sociais



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Experiencias municipais en funcionamento



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.


Iniciativas de participación cidadá

No tocante ás iniciativas de participación cidadá, cabe salientar o contraste entre as iniciativas que adoitan levarse a cabo na vida municipal, e aquelas outras que resultan máis anovadoras. Entre as primeiras, poden situarse tanto a constitución de consellos municipais de carácter consultivo, como os programas de voluntariado, estando ámbalas dúas medidas amparadas e previstas na normativa local. Neste caso, tres cuartas partes dos municipios do Eixo declaran ter en funcionamento un ou máis *Consellos Municipais*, manifestando a súa existencia no cen por cen da parcería lusófona do Eixo; mentres que a promoción do voluntariado parece estar distribuída dun xeito máis homoxéneo, alcanzando á metade dos municipios atlánticos de Galicia e do Norte de Portugal.

En relación aos *Consellos Escolares Municipais*, pode apuntarse que parecen estar activos na meirande parte dos municipios. De feito, estarían na súa totalidade no caso portugués e nas tres cuartas partes do caso galego. A distribución en función do tamaño do municipio amosaría que estes órganos consultivos existirían en todas as grandes cidades (tal e como determina a lei), e o seu funcionamento sería frecuente en máis do 75 dos pequenos municipios. En conxunto, case dous de cada dez concellos da Eurorrexión carecerían deste tipo de instrumentos de orientación e planificación da política educativa local, que ao tempo son tamén espazos de participación da comunidade educativa.

Gráfico 27


Concellos con Consello Educativo Municipal en funcionamento



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Gráfico 28

Concellos con Consello Educativo Municipal en funcionamento



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Máis aló do seu funcionamento, convén examinar o volume da súa actividade, a partir do número de veces que se reúnen ao longo do ano. A este respecto, máis dun terzo dos concellos afirma convocar este órgano consultivo tres ou catro veces ao ano, mentres que case tres de cada dez faríano en menor medida -entre unha e dúas veces por ano-, e unha cuarta parte superaría estas frecuencias, reuníndose máis de cinco veces ao ano. A teor das cifras, estas reunións serían polo común ordinarias, e virían determinadas estatutariamente. En todo caso, resulta notorio que os Consellos constituídos en case un de cada dez municipios non se reúnan nin tan sequera unha vez ao ano (8,3).

Táboa 8: Reunións realizadas dende o ano 2007

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Ningunha	2	7,4	8,3	8,3
	1 a 2	7	25,9	29,2	37,5
	3 a 4	9	33,3	37,5	75,0
	5 e máis	6	22,2	25,0	100,0
	Total	24	88,9	100,0	
Perdidos	Ns/Nc	3	11,1		
Total		27	100,0		


Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Respecto a outras iniciativas que entroncan coa filosofía participativa das Cidades Educadoras, non se rexistra unha existencia máis que anecdótica de medidas que fomentan a ampliación das marxes da democracia local, como é o caso dos orzamentos participativos e da consideración dos nenos e das nenas como suxeitos de dereito facultados para participar en plenos infantís e xuvenís.

Gráfico 29

Experiencias municipais en funcionamento


Iniciativas de participación cidadá



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Experiencias municipais en funcionamento

Iniciativas de participación cidadá



Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

Perfil das iniciativas educativas promovidas na Eurorrexión

En síntese, no que respecta ás experiencias municipais existentes na Eurorrexión, cabe sinalar que, tanto polos datos extraídos do cuestionario como polas informacións observadas nas web municipais que pormenorizaremos no seguinte epígrafe, a actividade educativa dos concellos de Galicia e do Norte de Portugal caracterízase por:

- a) unha baixa densidade en canto ás experiencias en funcionamento que sexan comúns ao conxunto dos municipios;
- b) unha orientación focalizada, case en exclusiva, na actividade escolar e extraescolar e, por tanto, centrada na poboación infantil e xuvenil;
- c) unha notable falta de planificacións estratéxicas que soporten a articulación de toda a actividade municipal;
- d) unha aposta escasa pola activación de propostas anovadoras no eido do socioeducativo.

En consecuencia, as conclusións derivadas das análises realizadas permiten afirmar que é preciso esbozar unha política educativa común para a Eurorrexión, non só polas disparidades intermunicipais existentes, senón tamén polas diferenzas rexistradas no cumprimento das obrigas competenciais e, sobre todo, no desenvolvemento de todas as posibilidades que ofrece a normativa local. Ao respecto disto, as iniciativas xa emprendidas en moitos dos municipios asociados ao Eixo reforzaríanse de estar contextualizadas nun marco de actuación máis integrador, ao que tamén puidesen incorporarse outros municipios, por analoxía territorial ou proximidade xeográfica.

Táboa 9: Experiencias municipais en funcionamento rexistradas nos concellos que integran o Eixo Atlántico

(indícase entre paréntese o número de casos para cada iniciativa)

Tipo	En poucos ou case ningún	Nalgúns casos	En moitos ou case todos
	Menos do 33%	Entre o 33% e o 66%	Máis do 66%
Ambiental	Plan de coñecemento do contorno (6)	Equipamentos e recursos didáctico-ambientais (16) Programa de Educación Ambiental (14)	Axenda 21 Local (29)
Educativo	Camiños escolares (2) Consello de Formación Profesional (4) Oficina municipal de escolarización (0) Plan de convivencia escolar (7) Premios a proxectos de renovación e innovación pedagóxica (7) Programa municipal de alfabetización dixital (7) Proxecto educativo de cidade (8) Fondo Municipal de Recursos Educativos (7)	Programa municipal de absentismo escolar (16) Programa municipal de educación de persoas adultas (15) Programa municipal de saúde escolar (15) Educación do lecer (12) Educación viaria (16) Labor editorial (10) Educación artística (17)	Bolsas e axudas ao estudo (20) Programa municipal de actividades extraescolares (23) Programa municipal de deporte escolar (19) Animación á lectura (24)
Social	Banco de tempo (4) Programa municipal de mediación comunitaria (3)	Plan de acollida a persoas e familias inmigrantes (13) Plan de igualdade de xénero (17) Programa municipal de transición ao emprego (15) Iniciación ás TIC (14)	Centro de Información Xuvenil (19)
Participación cidadá	Pleno infantil e/ou xuvenil (4) Orzamentos participativos (3)	Programa municipal de voluntariado (15)	Consellos Municipais (21)

Fonte: Cuestionario. Elaboración propia.

4.2.5. Horizonte da acción socioeducativa local nos municipios do Eixo Atlántico

Ata o de agora, os resultados presentados atendían á análise de realidades educativas específicas dos casos galego e portugués, e á exploración das problemáticas detectadas no territorio educador do Eixo Atlántico. Máis concretamente, indagouse no funcionamento das iniciativas municipais (educativas, ambientais, sociais e cidadás) e no modo no que se articulan, coordinando a acción local en colaboración cos restantes axentes da comunidade educativa (administracións, entidades privadas e sociedade civil). De aquí en diante, os elementos identificados nesa fotografía axudarán a cotexar o estado das realidades observadas coas posibilidades que se suxiren para mellorar os logros educativos do territorio eurorrexional e propiciar así o seu avance en materia social e cultural.

Con este propósito, segundo figura na descrición do proceder metodolóxico do cuestionario, a análise dos datos apoiárase na aplicación da técnica DAFO, que servirá para clasificar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades sinaladas polos enquisados. Previamente, presentarase a secuencia que se establece entre:

- 1) as problemáticas da realidade actual identificadas polos responsables municipais,
- 2) as iniciativas que na actualidade se están a desenvolver dende o ente local para atallar esas situacións problemáticas,
- 3) as prioridades que se prevén afrontar nos vindeiros anos para atender as necesidades e demandas educativas da comunidade,
- 4) as perspectivas a longo prazo que resultan da definición desa política educativa municipal.

Numa primeira fase, o projecto foi concebido com a ajuda de especialistas (e.g. historiadores, arquivistas, entre outros) e foram escolhidas as fórmulas para fazer a colecta de testemunhos (em alguns casos através de entrevistas orais, noutros, através da redacção por parte dos próprios intervenientes). A partir de então, fez-se a divulgação do projecto junto das bibliotecas, dos centros sociais e dos idosos dos bairros. Uma vez identificados os depoimento

procedeu-se, em primeiro lugar, à condução das entrevistas que foram gravadas em formato digital e, posteriormente, convidaram-se os participantes a seguir alguns *workshops* de formação para aprender a escrever as suas memórias através do computador. Actualmente, foram recolhidos mais de 150 testemunhos e está-se em processo divulgação dos resultados.

Neste projecto intervêm a Biblioteca de Barcelona, as bibliotecas públicas da cidade de propriedade municipal, em consórcio com o governo da província. Os recursos utilizados foram os das próprias bibliotecas, além da colaboração de estudantes de história da Universidade Autónoma de Barcelona. Também foi possível contar com a assessoria de historiadores do Arquivo Municipal de Barcelona e de numerosos organismos sedeados nos bairros da cidade.

Contexto social e urbano da experiência

Os projectos foram realizados em diversas bibliotecas da cidade, em bairros com diferentes características sociais: a partir de um subúrbio, mas com um elevado nível social, uma antiga área veraneio que, com a disseminação da urbanização foi incorporada na cidade, até aos bairros de auto-construção que tiveram a sua grande expansão nos anos 40-60 do século XX. Basicamente, este projecto foi concebido para pessoas com mais de 65 anos, que viveram os acontecimentos que se pretendiam registar. Mas, também, este projecto foi concebido para toda a população, uma vez que o material colectado será disponibilizado a todos os cidadãos.

Avaliação

A avaliação da participação dos testemunhos foi muito positiva. Através da análise dos documentos obtidos importará fazer uma avaliação mais detalhada do conteúdo. Trata-se de um trabalho muito valioso que envolve a recolha de materiais que, se não tivessem sido tomadas estas acções, teriam sido irremediavelmente perdidos.

Princípios da Carta das Cidades Educadoras

Este projecto/ experiência incorpora quatro princípios educativos que integram a Carta das Cidades Educadoras:

I – O Direito da Cidade Educadora

P 3 - Cidade Educadora deverá encorajar o diálogo entre gerações, não somente enquanto fórmula de coexistência pacífica, mas como procura de projectos comuns e partilhados entre grupos de pessoas de idades diferentes.

Estes projectos deverão ser orientados para a realização de iniciativas e acções cívicas, cujo valor consistirá precisamente no carácter intergeracional e na exploração das respectivas capacidades e valores próprios de cada idade.

II – Compromisso Cidade

P 7 - A cidade deve saber encontrar, preservar e apresentar sua identidade pessoal e complexa. Esta a tornará única e será a base dum diálogo fecundo com ela mesma e com outras cidades. A valorização dos seus costumes e suas origens deve ser compatível com os modos de vida internacionais. Poderá assim oferecer uma imagem atraente sem desvirtuar o seu enquadramento natural e social. À partida, deverá promover o conhecimento, a aprendizagem e a utilização das línguas presentes na cidade enquanto elemento integrador e factor de coesão entre as pessoas.

III – Ao serviço integral das pessoas

P 12 - O projecto educador explícito e implícito na estrutura e no governo da cidade, os valores que esta encoraja, a qualidade de vida que oferece, as manifestações que organiza, as campanhas e os projectos de todos os tipos que prepara, deverão ser objecto de reflexão e de participação, graças à utilização dos instrumentos necessários que permitam ajudar os indivíduos a crescer pessoal e colectivamente.

P 19 - O município deverá garantir uma informação suficiente e compreensível e encorajar os seus habitantes a informarem-se. Atenta ao valor que significa seleccionar, compreender e tratar a grande quantidade de informação actualmente disponível, a Cidade Educadora deverá oferecer os recursos que estarão ao alcance de todos. O município deverá identificar os grupos que necessitam de uma ajuda personalizada e colocar à sua disposição pontos de informação, orientação e acompanhamento especializados. Ao mesmo tempo, deverá prever programas formativos nas tecnologias de informação e comunicações dirigidos a todas as idades e grupos sociais a fim de combater as novas formas de exclusão.

Fonte: Banco Internacional das Cidades Educadoras (BIDCE), 2008

AS MULHERES E OS MOVIMENTOS URBANOS NOS MUNICÍPIOS DE BARCELONA

Las mujeres y los movimientos urbanos en los Distritos de Barcelona

Local: Barcelona

País: Espanha

Início do projecto: 1996

Grupos-alvo – População da província de Barcelona (19-25, 26-40, 41-65, +65 anos)

Áreas de actuação:

- 1) Artes e Humanidades
- 2) Associativismo e participação
- 3) Bem-estar social
- 4) Cultura e lazer
- 5) Desenvolvimento urbano
- 6) Informação e documentação

Enquadramento

A reduzida presença de mulheres nos registos públicos municipais e, especificamente, no fundo municipal de fotografia, conduz a uma operação de recuperação de fotografias provenientes de álbuns de família a partir do Arquivo Municipal Distrital. Estes documentos recuperados constituem o testemunho do papel das mulheres na construção da cidade contemporânea. Embora algumas das fotografias familiares fossem recuperadas através de palestras/ workshops em que participaram associações de mulheres e escolas de adultos, procurou-se estudar a possibilidade de utilizar estes documentos como uma fonte histórica e como proceder à sua documentação. Através das imagens recuperadas dos álbuns de família e com os testemunhos das próprias mulheres, pretendeu-se reconstruir o papel da mulher nos movimentos urbanos contemporâneos durante a construção da cidade e seus bairros: em casa, no trabalho, no âmbito político e reivindicativo e através do seu papel na imigração. Também foi abordado o papel da mulher na história da instituição municipal, a partir da recuperação de documentos do Arquivo Municipal. Além disso, analisou-se a integração das primeiras mulheres nas actividades dos municípios em serviços especializados como enfermeiras, professoras, bibliotecárias, etc., e a sua escassa participação política nas décadas de 1920 até à II República.

Por outro lado, as publicações, exposições e actividades que foram produzidas constituirão uma ferramenta para a divulgação dos documentos dos arquivos e da história das mulheres na cidade, que foi promovida a partir do Arquivo Distrital Municipal, em colaboração com outros equipamentos de carácter cultural (e.g. Centro Cívico, escolas, entre outros).

Objectivos

- Recuperar o protagonismo das mulheres, a partir de experiências individuais ou colectivas.
- Contextualizar as experiências na história social da localidade.
- Assumir que as mulheres foram e são sujeitos históricos e também historiadoras.
- Fomentar o intercâmbio e a relação entre os diversos Colectivos de mulheres em cada distrito.
- Enriquecer o arquivo municipal com documentos fotográficos e textuais, testemunhos da história das mulheres.

Metodologia

Em cada distrito, apresentou-se o projecto aos grupos de mulheres, propondo-lhes um plano de trabalho, com orientações sobre as fontes a serem utilizadas, bem como o método de pesquisa e documentação, definido por um historiador especializado em colaboração com o arquivista do distrito, que também organiza com elas uma visita especial ao arquivo.

Posteriormente, convocam-se reuniões regulares dos grupos, para acompanhar de perto o trabalho dos participantes na análise sistemática das fontes documentais, sejam estes documentos públicos municipais, ou fotografias pessoais cedidas pelas participantes. Actualmente, o projecto foi desenvolvido nos municípios de Sant Martí Sants-Montjuic, Sant Andreu, Horta e Guinardó Ciutat Vella, onde têm ocorrido actividades, publicações e exposições. Também foi desenvolvida uma exposição itinerante sobre a história da Mulher na Câmara Municipal que recorreu a vários arquivos distritais, ao Arquivo Municipal administrativo e a diferentes equipamentos municipais. Este projecto envolveu a participação do Arquivo Municipal de Barcelona, Sector dos Serviços Pessoais (CIRD - Centro de informações e recursos para as mulheres) e os Municípios.

Contexto social e urbano da experiência

Situada no litoral mediterrânico, a nordeste da Península Ibérica, Barcelona é a maior cidade de uma área metropolitana que tem 4 milhões de habi-

tantes. A sua população ronda 1.605.602 habitantes. É uma cidade compacta com uma área de 10.096 hectares e uma densidade média de 156 habitantes por hectare. Administrativamente, encontra-se dividida em 10 municípios, que se correlacionam com antigos núcleos urbanos que foram integrados na cidade desde o século XIX.

A experiência tem lugar em diferentes bairros da cidade de Barcelona. Aí trabalha-se com a população adulta feminina, geralmente acima de 50 anos e que participam em associações de mulheres ou de escolas de adultos em alguns bairros da cidade. Em cada distrito, elegeu-se um grupo representativo de determinados movimentos sociais históricos como a imigração, entre outros.

Avaliação

Foi conseguida, por um lado, uma aproximação entre os arquivos municipais do distrito com determinados grupos sociais de mulheres e, por outro, os arquivos contribuíram para a difusão do papel das mulheres no desenvolvimento urbano e na instituição municipal, reforçando também a presença de documentos sobre mulheres no acervo municipal.

Princípios da Carta das Cidades Educadoras

Este projecto/ experiência incorpora cinco princípios educativos que integram a Carta das Cidades Educadoras:

I – O Direito da Cidade Educadora

P 1 - Todos os habitantes de uma cidade terão o direito de desfrutar, em condições de liberdade e igualdade, os meios e oportunidades de formação, entretenimento e desenvolvimento pessoal que ela lhes oferece. O direito a uma Cidade Educadora é proposto como uma extensão do direito fundamental de todos os indivíduos à educação. A Cidade Educadora renova permanentemente o seu compromisso em formar nos aspectos, os mais diversos, os seus habitantes ao longo da vida. E para que isto seja possível, deverá ter em conta todos os grupos, com suas necessidades particulares. Para o planeamento e governo da cidade, tomar-se-ão as medidas necessárias tendo por objectivo o suprimir os obstáculos de todos os tipos incluindo as barreiras físicas que impedem o exercício do direito à igualdade. Serão responsáveis tanto a administração municipal, como outras administrações que têm uma influência na cidade, e os seus habitantes deverão igualmente comprometerem-se neste empreendimento, não só ao nível pessoal como através de diferentes associações a que pertençam.

P 6 - Com o fim de levar a cabo uma actuação adequada, os responsáveis pela política municipal duma cidade deverão possuir uma informação precisa sobre a situação e as necessidades dos seus habitantes. Com este objectivo, deverão realizar estudos que manterão actualizados e tornarão públicos, e prever canais abertos (meios de comunicação) permanentes com os indivíduos e os grupos que permitirão a formulação de projectos concretos e de política geral. Da mesma maneira, o município face a processos de tomada de decisões em cada um dos seus domínios de responsabilidade, deverá ter em conta o seu impacto educador e formativo.

II – Compromisso Cidade

P 7 - A cidade deve saber encontrar, preservar e apresentar sua identidade pessoal e complexa. Esta a tornará única e será a base dum diálogo fecundo com ela mesma e com outras cidades. A valorização dos seus costumes e suas origens deve ser compatível com os modos de vida internacionais. Poderá assim oferecer uma imagem atraente sem desvirtuar o seu enquadramento natural e social. À partida, deverá promover o conhecimento, a aprendizagem e a utilização das línguas presentes na cidade enquanto elemento integrador e factor de coesão entre as pessoas.

P 9 - A Cidade Educadora deverá fomentar a participação cidadã com uma perspectiva crítica e co-responsável. Para este efeito, o governo local deverá oferecer a informação necessária e promover, na transversalidade, as orientações e as actividades de formação em valores éticos e cívicos. Deverá estimular, ao mesmo, a participação cidadã no projecto colectivo a partir das instituições e organizações civis e sociais, tendo em conta as iniciativas privadas e outros modos de participação espontânea.

III – Ao serviço integral das pessoas

P 19 - O município deverá garantir uma informação suficiente e compreensível e encorajar os seus habitantes a informarem-se. Atenta ao valor que significa seleccionar, compreender e tratar a grande quantidade de informação actualmente disponível, a Cidade Educadora deverá oferecer os recursos que estarão ao alcance de todos. O município deverá identificar os grupos que necessitam de uma ajuda personalizada e colocar à sua disposição pontos de informação, orientação e acompanhamento especializados. Ao mesmo tempo, deverá prever programas formativos nas tecnologias de informação e comunicações dirigidos a todas as idades e grupos sociais a fim de combater as novas formas de exclusão.

Fonte: Banco Internacional das Cidades Educadoras (BIDCE), 2008

4.4.4. Transferabilidade das experiências para o contexto da Euro-região

Com base nas experiências educativas analisadas e com a finalidade de promover o intercâmbio de ideias e “boas práticas” educativas para o contexto das cidades do Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, apresentam-se algumas linhas orientadoras de estratégias para o desenvolvimento de actuações integradas em matéria da política socioeducativa municipal que importa reter:

- **A cidade como espaço de aprendizagem** – incluem-se as experiências em que a cidade seja o principal foco para a aprendizagem. Como tal, as experiências a desenvolver pelos municípios devem ser capazes de resgatar a dimensão das políticas públicas, levando em conta o seu papel educador e o papel do gestor público, incluindo práticas que envolvam o urbanismo como força educadora, os desafios que se apresentam quotidianamente, como a dicotomia entre os espaços público e privado, a preservação e a valorização do património cultural. Exemplos disso são as ‘boas práticas’ identificadas nos projectos *Crianças protagonistas do município por um dia*, *Centro de lazer e actividades recreativas de Montánchez* e a *Universidade da Terceira Idade*.
- **Cidadania, identidade e diversidade no contexto urbano** – tornar a cidade num espaço dedicado ao debate de práticas que contribuam para a compreensão de uma cidade multicultural. Aqui devem ser abordados temas relativos à diversidade e ao respeito pela diferença (e.g. migração, género, etnia, religião e cultura). Tudo isso poderá estar estritamente relacionado com o combate à discriminação, ao mesmo tempo deverá-se procurar discutir a preservação da memória e da identidade da cidade e/ou região, conceitos essenciais na formação dos jovens, além de promover valores de pertença em uma sociedade plural e diversa. Ao nível das ‘boas práticas’ considera-se que os projectos que enquadram estes propósitos são: *Memória oral nas Bibliotecas em Barcelona*, *As mulheres e os movimentos urbanos nos municípios de Barcelona*, *Crianças protagonistas do município por um dia*, *Processo de participação e urbanização da esplanada de Canigó* e *Fórum participativo do município de Albacete*.
- **Governança e cooperação na cidade** – incluem-se projectos que fomentem a governança e o partenariado no espaço urbano, através de redes (e.g. Associações, ONG’s, Instituições públicas ou privadas, Organismos públicos locais, regionais ou internacionais) com vista a fomentar acções de suporte a iniciativas integradas no âmbito das Cidades Educa-

doras. Pode-se identificar como 'boas práticas' nesta área os projectos *MONDOARTE* e *Regionet Integra*.

- **A cidade com espaço ambientalmente sustentável** – integram-se projectos com vista à aquisição de novos conhecimentos e ao aumento da consciência ambiental que contribuam para um desenvolvimento sustentável do espaço urbano. Neste âmbito deverão ser abordadas as questões relativas ao meio ambiente, à sustentabilidade e às diferentes iniciativas para promover a convivência e a cultura da paz. As experiências identificadas como "boas práticas" nesta área são *Walk to School* e *Horticultura terapêutica*.
- **A cidade como espaço de inclusão, equidade, direitos sociais** - integram-se todas as experiências que incluam diagnósticos mas também propostas para a solução dos conflitos do quotidiano citadino (e.g. população sem-abrigo, combate à pobreza e às desigualdades sociais). Aqui englobam-se as experiências relativas aos direitos da criança e do adolescente, com vista à co-responsabilização e aos deveres de cada cidadão dentro de uma sociedade, além dos processos cumulativos de educação formal e informal e as diferentes alternativas de participação e diálogo social. A título de exemplo refere-se como 'boa prática' o projecto *Regionet Integra*.
- **Cidades no rumo da sociedade da Informação e conhecimento** – inserem-se experiências/ projectos de promoção e difusão das TIC, bem como da criação de espaços que facilitem o acesso às novas tecnologias de informação e comunicação aos grupos ou a pessoas em risco de info-exclusão. Estas actividades podem englobar processos de formação e reciclagem profissionais em TIC, sensibilização para a importância do acesso à sociedade da informação, para melhorar o desempenho profissional e participar na prevenção e luta contra a exclusão social. Nesta área específica, destaca-se a importância do projecto *Punto Omnia*.
- **Cidades abertas ao Saber** – neste contexto, importa destacar a importância dos diversos tipos de conhecimentos e saberes quer sejam de origem certificada e científicos (nomeadamente através do recurso a profissionais, docentes e investigadores de universidades ou instituições/ associações de desenvolvimento local), quer sejam de origem informal e fruto da experiência e diversidade intercultural e interétnica. A título de exemplo refere-se como 'boa prática' os projectos *Universidade da Terceira Idade* e *Memória oral nas bibliotecas de Barcelona*.

5. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS PARA A ACCIÓN

En maio de 1972, a *Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura* (UNESCO), a través da Comisión Internacional para o Desenvolvemento da Educación, proxectaba na obra colectiva *"Aprender a ser"*, liderada por Edgar Faure (1973), o que entón xa se nos mostraba como un verdadeiro presaxio dos devires polos que debería orientar a educación o seu futuro, nunha sociedade cada vez máis urbanizada e globalizada: a cidade educativa.

A expresión, na que se resumía a vontade inequívoca de abrir a educación e a sociedade a novas estratexias formativas, propón unha idea rectora para as políticas educativas que se adopten no futuro: *"todo individuo debe ter a posibilidade de aprender durante toda a súa vida"* (Faure, 1973: 265).

Con este antecedente, case dúas décadas máis tarde, adoitaríase unha variante léxica, conceptual e mesmo filosófica do potencial que facer educativo das cidades, materializada no termo Cidade Educadora. E, con el, o desexo de defender o compromiso político, institucional, pedagóxico e social das cidades cos seus cidadáns, habilitando iniciativas e prácticas educativas mediante as que se posibilita unha convivencia máis harmónica e inclusiva.

A "Cidade Educadora" conforma un novo paradigma educacional e cívico, no que o seu núcleo fundamental vén constituído polo coñecemento, a consciencia e o desenvolvemento de novas opcións para a educación-formación das persoas e a mellora da súa cotidianidade. O seu concepto e as súas accións están directamente relacionadas con procesos que afectan á vida en común: equidade, xustiza, tolerancia, cidadanía, inclusión, participación, sustentabilidade e paz. Neste sentido, a *Carta de Cidades Educadoras* remítese a tres ideas principais: o dereito á Cidade Educadora, o compromiso da cidade e o servizo integral ás persoas.

No horizonte destes logros son moitos os concellos que traballan en diferentes fronte de actuación educativa, diversificando as súas iniciativas e programas en contidos relativos á cidadanía, á ética pública e aos valores cívicos, no que presupón de promover a igualdade de oportunidades a través da aprendizaxe ao longo de toda a vida, a apertura da escola á comunidade, así como de todas aquelas accións que poñen a educación ao servizo da inclusión social, da equidade e dunha maior xustiza social.

Nesta dirección, fóronse avanzando conclusións nos capítulos precedentes, ao tempo que se esbozaron liñas de acción vencelladas, tanto ao marco teórico-lexislativo no que se sitúa esta investigación, como ao traballo de campo desenvolvido a través de cuestionarios, análise das páxinas web municipais ou revisión de boas prácticas. Preséntanse agora, de forma sintética, aqueles aspectos máis relevantes nos que ancoran as propostas de actuación.

Dun modo xeral, e partindo das visibles diferenzas que nos aspectos demográficos, económicos, sociais e educativos teñen os trinta e dous concellos que integran a estrutura de cooperación transfronteiriza do Eixo Atlántico, cómpre sinalar que:

- Aínda recoñecendo a súa importancia, a educación -en liñas xerais- continúa a ocupar un papel secundario nas políticas municipais da Eurorrexión. Así se constata nas diversas fontes de información manexadas, sendo un exemplo visible a escasa presenza que esta área ten nas páxinas web dos municipios. Cómpre, pois, acentuar a centralidade da cuestión educativa nos ámbitos de desenvolvemento económico, social e cultural do territorio; avanzando na definición dunha Eurorrexión do coñecemento e da aprendizaxe que poña en valor os recursos, equipamentos e servizos existentes no territorio mediante mapas de recursos, cartas de servizos, creación de redes territoriais e sectoriais, programas educativos integrais, etc.
- As iniciativas promovidas circunscribíense, maioritariamente, ás competencias educativas locais de carácter obrigatorio. Conscientes da necesidade de avanzar na definición dun marco normativo que recoñeza ás administracións locais como Administracións Educativas, cómpre poñer en valor a atribución voluntaria de competencias para transcender os ámbitos da acción educativa, cinguida á realidade escolar. Trátase, en definitiva, de garantir a autonomía e a descentralización do quefacer educativo municipal, acompañando o recoñecemento xurídico das competencias coa transferencia financeira dos recursos necesarios para desenvolver unha política educativa local eficaz. Neste sentido, apóstatase por avanzar na introdución dunha dimensión socioeducativa na aplicación das competencias municipais en materia de servizos sociais, políticas de emprego, transporte, mobilidade e comunicacións, etc.
- En relación ao anteriormente exposto, constátase un claro predominio da actividade de carácter escolar e extraescolar sobre outros ámbitos ou procesos educativos. Sendo así, vése necesario incrementar o desenvolvemento das funcións sociais da educación, ligada aos eidos do lecer, da cultura, do deporte, do medio ambiente, etc. valorando as posibilidades de coordinar e potenciar a oferta formativa de todo territorio, na lóxica das axendas educativas eurorrexionais.
- Os responsables municipais acostuman utilizar os seus coñecementos para identificar as problemáticas educativas existentes nos límites territoriais do seu Concello. Neste sentido, semella necesario proporcionar unha formación de carácter especializado, acorde ás funcións e tarefas

municipais que a cadaquén corresponde realizar, con achegas ás posibilidades da intermunicipalidade. Iniciativas como o deseño e posta en marcha dun plan de accións formativas (cursos, seminarios, visitas para coñecer boas prácticas, etc.), acompañado da edición de materiais de carácter didáctico (manuais, guías...) pretenden dar resposta a esta inquietude.

- En xeral, os municipios carecen de documentos de planificación, xestión e avaliación que orienten a súa actividade educativa (plans e programas educativos, memorias, informes, auditorías etc.). Afrontar esta insuficiencia, require a formulación dunha estratexia eurorrexional a medio-longo prazo, que oriente a elaboración de proxectos comúns ás vilas e cidades (plans estratéxicos, proxectos educativos de cidade, etc.). Nesta liña, propónse a promoción de mesas territoriais e rexionais, a creación de comisións políticas e técnicas, puntos de encontro, grupos de investigación-acción, foros de participación da comunidade educativa, así como outras modalidades de traballo integrado para a elaboración de propostas e plans de acción.
- Os organigramas dos servizos educativos municipais aparecen moi departamentalizados, ligándose puntualmente -e de forma moi diversa- a outros eidos da acción sociocultural (artes, saúde, deporte, benestar, emprego, medio ambiente, etc.). Véase, necesario adecuar as estruturas actuais ás características dun labor transversal, integrado, intermunicipal, estratéxico, relacional, interdisciplinar e multiprofesional, etc. Unificar, no posible, as denominacións das áreas, establecer os servizos educativos mínimos e favorecer a aproximación entre as áreas de acción municipal -a través do traballo en comisións mixtas, posta en marcha de plans integrais, etc.- son algúns dos posibles pasos a dar.
- Nesta liña, constátase que as políticas educativas e culturais locais apenas se interrelacionan, polo que cómpre procurar unha maior interdependencia entre senllas políticas públicas locais. Algunhas das posibles directrices de traballo céntranse na promoción de encontros, foros ou seminarios, que xunto coa creación de materiais divulgativos, exemplifiquen a necesidade e os modos de conquistar tal interdependencia.
- Todo indica que as relacións entre a Administración e a cidadanía son meramente instrumentais, cando a promoción de iniciativas baseadas na cooperación entre o municipio e as diferentes institucións e asociacións comunitarias contribúe á construción *“dunha sociedade que eduque e dunha educación que socialice”* (Ortega, 1999: 19), favorecendo o desenvolvemento e a integración social. Algunhas propostas

que axudan a concretar esta liña de traballo son a constitución dun Consello Educativo do Territorio ou a convocatoria dun *Foro Atlántico das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos*.

- As experiencias de traballo compartido en materia educativa por parte dos municipios que integran a Eurorrexión é escasa e descontinua, polo que se fai necesario facer converxer os elementos comúns ás diferentes realidades locais -segundo se trate de vilas ou cidades- para poñer en marcha iniciativas en colaboración. Como punto de partida, estímase conveniente a elaboración e aprobación dunha *Carta de principios educativos da Eurorrexión* que, a modo de decálogo, concrete os compromisos mínimos a asumir neste eido polos municipios do Eixo e oriente as actuacións a desenvolver.
- En liña co anterior, a colaboración intermunicipal prodúcese, sobre todo, entre os Concellos xeograficamente máis próximos, polo que cómpre avanzar cara a niveis de colaboración interinstitucional que amplíen o radio de acción, superando o mero intercambio de informacións. Neste sentido, trátase de fomentar a intermunicipalidade, creando redes asociativas municipais que contribúan a promover a cooperación territorial e a ampliar o labor educativo no eido local. O traballo en rede na planificación de experiencias xa iniciadas, e na proxección de novas iniciativas piloto de natureza itinerante, pode ser unha alternativa para concretar este desafío.
- O nivel de colaboración coas administracións supramunicipais é especialmente escaso, cinguíndose ás transferencias e ao financiamento. Ante esta constatación propónse aos municipios posicionarse como unha rede competente para intervir nas distintas dimensións das políticas educativas do territorio (deseño e planificación, desenvolvemento e xestión, avaliación e seguimento, etc.); promovendo a constitución de comisións interadministrativas de planificación educativa, constituídas por técnicos das administracións autonómicas ou rexionais, e representantes supralocais e locais.

Na perspectiva do xa anticipado, a distintos niveis e con diferentes percorridos, estimamos de gran interese comprometer as iniciativas municipais dos concellos que integran o Eixo Atlántico co paradigma das “cidades educadoras”, para o que propoñemos a adopción do lema “O Eixo Atlántico: un territorio educador, unha comunidade educativa”. Nesta liña deben ser entendidas as propostas de acción que se suxire no que segue.

5.1. Propostas de acción socioeducativa local para o Eixo Atlántico

Consonante ás directrices expostas e ás conclusións asociadas ás mesmas, distinguimos dous bloques principais de actuación: o primeiro deles toma como referencia o Eixo Atlántico no seu conxunto; o segundo, os concellos que integran a Eurorrexión.

No primeiro caso, distínguese entre as propostas de:

- articulación e desenvolvemento da comunidade educadora eurorrexional,
- edición e difusión de materiais,
- investigación e estudos pedagóxicos eurorrexionais,
- participación dos axentes educativos e sociais da Eurorrexión.

No segundo caso, incídese na presentación de propostas encamiñadas a desenvolver actuacións coordinadas entre os municipios do Eixo, que intensifiquen a súa relación e posibiliten a concertación de iniciativas, como base de traballo para unha estratexia educativa intermunicipal.

En ambos casos, esta batería de propostas é complementaria do recoñecemento ao labor que xa realizan os municipios atlánticos, así como doutras posibilidades de traballo exploradas ao longo deste estudo, tomando como principal referente as boas prácticas de xestión educativa local que se revelaron ausentes en numerosas localidades do espazo eurorrexional (camiños escolares, bancos de tempo, plenos infantís, escolas de artes, etc.).

5.1.1. Articulación e desenvolvemento da comunidade educadora eurorrexional

a) Convocatoria do I Congreso Europeo de Cooperación Educativa Transfronteiriza



Exemplo: Conferencia Anual da Asociación de Rexións Fronteirizas Europeas (<http://www.aebr.net/>), que en 2008 tivo lugar Plauen / Euregio Egrensis (Alemaña), co tema “Cooperación en Investigación e Docencia a través das Fronteiras - A Oportunidade de Desenvolvemento Rexional dos veciños europeos”.

b) Realización bianual dun Ciclo de Conferencias para Técnicos e Políticos responsables de Educación na Administración Local

O primeiro podería articularse en torno ao título “Da descentralización á cooperación na acción educativa municipal”

Exemplo: Simposio de política educativa local *Ciutat.edu: nuevos retos, nuevos compromisos*, organizado pola Área de Educación da Deputación de Barcelona (<http://www.diba.es/cjs/>).



c) *Programación dun seminario itinerante de intercambio de experiencias de educación e formación no eido local*



Exemplo: Intercambio de experiencias entre os centros integrados de formación profesional de Galicia e os Centros de Recoñecemento, Validación e Certificación de Competencias do Norte de Portugal, en colaboración co CEDEFOP: a Axencia Europea promotora do desenvolvemento da educación e formación profesional (<http://www.cedefop.europa.eu/>).

d) *Máster virtual no Espazo Interuniversitario Eurorrexional sobre Comunidades Educadoras e Territorios de Aprendizaxe*

Exemplo: *Postgrado en Xestión de Políticas de Educación na Administración Local* da IL3-Universitat de Barcelona, en colaboración coa área de educación da Deputación de Barcelona <http://diputacio.formacio.ubvirtual.com/>.



e) *Difusión de boas prácticas e organización de viaxes guiadas para coñecer e visitar in situ experiencias educativas municipais relevantes*



Exemplo: Visita guiada e almorzo de traballo cos coordinadores da Rede de Museos Científicos Coruñeses (<http://www.casaciencias.org/>), seguido dun percorrido cos responsables da rede de centros socioculturais de Santiago de Compostela (<http://www.santiago-sociocultural.org/>).

Exemplo: Visita guiada polos municipios de Cangas do Narcea (Asturias), Benavente (Zamora) e/ou Plasencia (Cáceres), cos promotores das vilas de cultura científica asociadas ao proxecto *Ciencia en la Ciudad* (<http://www.cienciaenlaciudad.es/>), lanzado no Ano da Ciencia 2007 polo Consello Superior de Investigacións Científicas e pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.



5.1.2. Edición e divulgación de materiais

a) Elaboración e distribución do “Manual básico de Política Educativa local na Eurorrexión do Eixo Atlántico”



Exemplo: Velázquez Andrés, J. M., & Díaz Peña, J. (2008). *Guía del concejal de educación: Manual de consulta para gobernantes y técnicos*. Madrid: Federación Española de Municipios y Provincias.

b) Edición e difusión da Guía de recursos, equipamentos e servizos educativos de titularidade municipal do Eixo Atlântico

Exemplo: Proxecto *European Resources Manager of School-Cities* (<http://www.schoolatthecity.eu/>), financiado pola acción Minerva do Programa comunitario Sócrates, co obxecto de crear unha plataforma para a xestión dos recursos educativos das cidades participantes.



5.1.3. Investigación e estudos pedagóxicos eurorrexionais

a) Introducción dun sistema de indicadores educativos locais no Sistema de Información Urbano Transfronteirizo do Eixo Atlántico (SIUTEA)



Exemplo: *R3L Project - Indicators* (<http://r3l.euproject.net/>) da Dirección Xeral de Educación e Cultura, orientado a desenvolver e aplicar un conxunto de indicadores de aprendizaxe permanente para axudar a supervisar os progresos das rexións europeas, co apoio do Comité das Rexións e do Parlamento Europeo.

b) Realización dun Estudo diagnóstico e avaliativo das necesidades e demandas formativas dos axentes educativos locais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Exemplo: *Informe das necesidades e demandas formativas dos profesionais da acción cultural pública en Galicia*, elaborado no ano 2007 para a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, polo equipo de investigadores das tres universidades galegas que coordinou Héctor M. Pose Porto (<http://viacultura.net/>).



c) *Proxecto dun Sistema de recoñecemento, validación e certificación de competencias no espazo empresarial da Eurorrexión*

Exemplo: Sistema de transferencia das cualificacións profesionais (VQTS) desenvolvido polo 3S Research Laboratory, nun total de 37 socios de oito países (AT, CZ, DK, DE, HU, IT, NL, UK), no marco do *Programa de acción no ámbito da aprendizaxe permanente LEONARDO DA VINCI*.



d) *Creación do Observatorio de Políticas Educativas Municipais no contexto Eurorrexional do Eixo Atlántico*



Exemplo: *Observatorio de Políticas Educativas Locais* da Deputación de Barcelona (<http://www.diba.es/educacio/>), para apoiar e articular as iniciativas de investigación, formación e publicación en materia de acción educativa municipal.

e) *Desenvolvemento das medidas da Axenda Estratéxica para crear incentivos á realización de teses de doutoramento e premios á excelencia académica de proxectos de investigación eurorrexional*



Exemplo:
Axenda Estratéxica
do Eixo Atlántico.

5.1.4. Participación dos axentes educativos e sociais da Euro-rrexión

a) *Creación do Consello Educativo do Eixo Atlántico*



Exemplo: Comisión de Cultura e Educación do Comité das Rexións da Unión Europea.

b) Elaboración e sinatura dunha “Declaración para a Eurorrexión da Aprendizaxe e do Coñecemento no Eixo Galicia-Norte de Portugal”

Exemplo: *Declaración conxunta sobre a Eurorrexión Universitaria Pirineos-Mediterráneo*, subscrita polos responsables da política de educación superior e investigación dos gobernos da Eurorrexión Pirineos-Mediterráneo, para desenvolver os principios da *Carta Europea das fronteiras e das rexións transfronteirizas*, no tocante ás medidas de cooperación entre Universidades, institutos de investigación, escolas e centros de formación profesional.



c) Convocatoria dun Certame de Boas Prácticas de Cooperación Transfronteiriiza en Centros Educativos do Eixo Atlântico, e elaboración dun Banco de Experiencias Educativas da Eurorrexión (be³)



Exemplo: Premios de carácter nacional para o fomento da convivencia escolar, promovidos polo Observatorio Nacional da Convivencia (<http://www.convivencia.mec.es/>) do Ministerio de Educación.



Exemplo: O BIDCE (<http://w10.bcn.es/APPS/edubidce/>): Banco Internacional de Documentos e Experiencias da *Asociación Internacional de Cidades Educadoras* (AICE).

5.2. Propostas de acción socioeducativa local para os municipios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

a) Ampliación das iniciativas de cooperación intermunicipal no eido cultural e deportivo do Eixo Atlântico

Exemplo: Feiras de mostras, xogos do Eixo, certames e trofeos, carné cultural, etc. e outras actividades con carácter educativo do Eixo Atlántico.



b) Extensión do programa de intercambio intermunicipal “Coñece o Eixo”



Exemplo: Programa de intercambio escolar “Coñece o Eixo” do Concello de Santiago de Compostela, para facilitar a mobilidade dos escolares e promover o coñecemento entre cidades.

c) Lanzamento dun Programa para irmandar as escolas da Eurorrexión

Exemplo: Proxecto de irmandiños electrónicos *Twinning* (<http://www.twinninggame.net/>), co patrocinio do programa comunitario Comenius, para a cooperación estudantil entre os centros educativos de Polonia e Grecia.



Exemplo: Redes nacionais, rexionais e locais do Plan de Escolas Asociadas da UNESCO (redPEA), comunmente coñecida como Escolas Asociadas da UNESCO <http://www.aecid.es/unesco/escuelas.htm>.

d) *Convocatoria anual dun Foro Atlántico das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos con sede itinerante polos municipios do Eixo Atlántico*



Exemplo: O Forum Orienta para a difusión da oferta de ensino superior en Galicia entre o alumnado de bacharelato e de formación profesional dos centros de educación secundaria (<http://www.forumorienta.es/>).

e) *Creación do Feriado Escolar da Eurorrexión (16 de outubro)*

Exemplo: Iniciativa para celebrar o *Día de Europa nas escolas* (9 de maio), organizado en colaboración coas rexións e cidades da Unión (http://ec.europa.eu/europeaid/9-may-initiative/index_en.htm).



f) *Xeneralización dun sistema de BookCrossing entre as bibliotecas municipais da Eurorrexión*



Exemplo: Iniciativa *BookCrossing vai á escola* (<http://www.bookcrossing.com/schools>) para compartir libros e experiencias de aprendizaxe de idiomas, alfabetización, animación á lectura, etc.

g) Participación municipal en programas educativos da campaña de verán España-Portugal

Exemplo: Programa de *Estancias Científicas de Verán ESCIVE* (<http://www.escive.fecyt.es/>) da Fundación Española de Ciencia e Tecnoloxía (FECYT) e da Axencia Nacional para a Cultura Científica e Tecnolóxica (Ciencia Viva), dirixido a estudantes españois e portugueses de Ensino Secundario e Bacharelato (15-17 anos) especialmente interesados pola ciencia e a tecnoloxía.



Exemplo: Programa *Universidade Junior* da Universidade do Porto (<http://universidadejunior.up.pt/>), para a iniciación dos escolares do ensino básico e secundario no ambiente universitario, coa finalidade de promover o coñecemento en áreas como as ciencias e as enxeñarías, as letras, o deporte e as artes.

h) Extensión de programas de recepción á comunidade educativa



Exemplo: Educação na cidade: viver em segurança. Concelho de Palmela (Portugal) (www.cm-palmela.pt).

Pretende presentar e informar aos novos profesores e profesoras e, en xeral, a toda a comunidade educativa, a oferta de servizos e actividades para o novo curso académico que empeza no Concello de Palmela. Todo elo, complementado con un mes de seminarios, obradoiros, visitas guiadas, conferencias, etc.

i) Implementar ás iniciativas da Eurorrexión en materia de educación para a cultura de paz e a sustentabilidade

Exemplo: iniciativas da UNESCO no marco da *Década de Educación para o Desenvolvemento Sostible* (2005-2014).



Finalizamos o informe coa presentación da temporalización prevista para as liñas de acción propostas, dando conta na súa situación nos curtos, medios e longos prazos; entendendo que os primeiros supoñen unha acotación temporal que non supera os dous anos, os segundos abranguen unha duración que se sitúa entre os tres e os cinco anos, e o longo prazo refire actuación cun percorrido que vai máis alá dos seis anos.

Cadro 14: Temporalización das liñas de acción socioeducativas propostas

	Iniciativas	Temporalización		
		curto	medio	longo
Propostas de acción socioeducativa local para o Eixo Atlántico	Articulación e desenvolvemento da comunidade educadora eurorrexional			
	Convocatoria do I Congreso Europeo de Cooperación Educativa Transfronteiriza		x	
	Realización bianual dun Ciclo de Conferencias para técnicos e políticos responsable de educación na Administración Local	x		
	Programación dun seminario itinerante de intercambio de experiencias de educación e formación nos contextos locais	x		
	Máster virtual no Espazo Interuniversitario Eurorrexional sobre Comunidades Educadoras e Territorios de Aprendizaxe			x
	Difusión de boas prácticas e organización de viaxes guiadas para coñecer e visitar in situ experiencias educativas municipais relevantes	x		
	Edición e difusión de materiais			
	Elaboración e distribución do <i>Manual de política educativa municipal no territorio da Eurorrexión</i>		x	
	Edición e publicación da Guía de recursos, equipamentos e servizos educativos do Eixo Atlántico.		x	
	Investigación e estudos pedagóxicos eurorrexionais			
	Introdución dun sistema de indicadores educativos locais no <i>Sistema de Información Urbano Transfronteirizo do Eixo Atlántico</i>	x		
	Realización dun Estudo diagnóstico e avaliativo das necesidades e demandas formativas dos axentes educativos locais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal		x	
	Proxecto dun Sistema de recoñecemento, validación e certificación de competencias no espazo empresarial da Eurorrexión		x	
	Creación do Observatorio de Políticas Educativas Municipais no contexto Eurorrexional do Eixo Atlántico			x
	Desenvolvemento das medidas da Axenda Estratéxica para crear incentivos á realización de teses de doutoramento e premios á excelencia académica de proxectos de investigación eurorrexional	x		
	Participación dos axentes educativos e sociais da Eurorrexión			
	Creación do Consello Educativo do Eixo Atlántico, con especial incidencia na Administración Local		x	
	Elaboración e sinatura dunha <i>Declaración para a Eurorrexión da Aprendizaxe e do Coñecemento Galicia-Norte de Portugal</i>	x		
	Convocatoria dun Certame de Boas Prácticas de Cooperación transfronteiriza en Centros educativos do Eixo Atlántico, e elaboración dun Banco de Experiencias Educativas da Eurorrexión	x		

Cadro 14: Temporalización das liñas de acción socioeducativas propostas

	Iniciativas	Temporalización		
		curto	medio	longo
Propostas de acción socioeducativa local para os municipios da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	Ampliación das iniciativas de cooperación intermunicipal no eido cultural e deportivo do Eixo Atlántico.	x		
	Extensión do programa de intercambio municipal <i>Coñece o Eixo</i>	x		
	Lanzamento dun Programa para irmandar as escolas da Eurorrexión	x		
	Convocatoria anual dun <i>Foro Atlántico das Asociacións de nais e pais de alumnos</i> con sede itinerante polos municipios do Eixo Atlántico		x	
	Creación do Feriado Escolar da Eurorrexión		x	
	Xeneralización dun sistema de Bookcrossing entre as bibliotecas municipais da Eurorrexión		x	
	Participación municipal en programas educativos da campaña de verán España-Portugal	x		
	Extensión de programas de recepción á comunidade educativa	x		
	Impulsar as iniciativas da Eurorexión en materia de Educación para Cultura de Paz e a Sustentabilidade	x		

REFERENCIAS DOCUMENTAIS

- Ajuntament de Barcelona (1990): *La ciudad educadora*. Barcelona: Ajuntament de Barcelona.
- Ajuntament de Barcelona (1991): *Primer Congreso Internacional de Ciudades Educadoras: documentos finales*. Barcelona: Ajuntament de Barcelona.
- Ajuntament de Barcelona (1998): *Proyecto Educativo de Ciudad*. Barcelona: Institut d'Educació do Ajuntament de Barcelona.
- Ajuntament de Barcelona (1999): *Por una ciudad comprometida con la educación*. Barcelona: Institut d'Educació do Ajuntament de Barcelona (2 vols.).
- Afonso, Natércio (2008). Parecer. Novo regime de gestão das escolas.
En: http://jn.sapo.pt/2008/01/13/dossier/Novo_regime_de_gestao_das_escolas.html
- Alvarez, E. (2006), "A FEMP ante a LOE", *Interea Visual*, Janeiro, 75-80.
- Alves, J. M. (2005): "Educação e Formação". *NORTE 2015, Grupo de Prospectiva: As Instituições*, Documento de Enquadramento Preliminar
En: <http://www.ccr-norte.pt/regnorte/doc2015.php>
- Ander-Egg, E. (2008): *La ciudad educadora como forma de fortalecimiento de la democracia y de una ciudadanía activa y convivencial*. Córdoba-Argentina: Editorial Brujas.
- Augé, M. (2006): *Los no lugares: espacios del anonimato*. Barcelona: Gedisa.
- Batista, I. (2005): *Dar rosto ao futuro – a educação como compromisso ético*. Porto: Profedições.
- Barbero, J. M. e Cortés, F. (2005): *Trabajo Comunitario, organización y desarrollo social*. Madrid: Alianza Editorial.
- Barbier, J. (1993): *Elaboração de projectos de acção e Planificação*. Porto: Porto Editora.
- Barroso, J. (2008). Parecer. Projecto de Decreto-Lei 771/2007-ME
En: http://jn.sapo.pt/2008/01/13/dossier/Novo_regime_de_gestao_das_escolas.html
- Caballo, M.B. (2001): *A Cidade Educadora. Nova perspectiva de organização e intervenção municipal*. Lisboa: Instituto Piaget.
- Cabezudo, A. (2004): "Cidade Educadora: uma proposta para os governos locais". Varios *Cidade Educadora, princípios e experiências*. São Paulo: Instituto Paulo Freire, Cortez Editora, 11-14
- Cabral Pinto, F. (2004): *Cidadanía, sistema educativo e Cidade Educadora*. Lisboa: Instituto Piaget.
- Caride, J. A. (1997): "Acción e intervención comunitarias". En Petrus, A. (coord.): *Pedagogia Social*. Barcelona: Ariel, pp. 221-247.

- Caride, J. A. (1999): "Do rural ó urbano: problemas e desafios para a educação". Em Varios Autores: *As cidades e os rostos da exclusão*. Porto: Universidade Portucalense, pp. 21-38.
- Caride, J. A. (2000): *Estudar ambientes: a análise de contextos como prática educativo-ambiental*. Oleiros: Xunta de Galicia-Concello de Oleiros.
- Caride, J. A. (2001): "Las redes del desarrollo: conceptos, enfoques y perspectivas". En Lucio-Villegas, E. (ed.): *Espacios para el desarrollo local*. Barcelona: Editorial PPU, pp. 17-61.
- Caride, J. A. (2003): "Educación Social, ciudadanía y desarrollo en el escenario de las comunidades locales". En García Molina, J. (coord.): *De nuevo, la Educación Social*. Madrid: Dykinson, pp. 69-88.
- Caride, J. A. (2006): "La Educación Social en la acción comunitaria". En Úcar, X. e Llena, A. (coord.): *Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria*. Barcelona: Graò, pp. 157-194.
- Caride, J. (2006): "Entre o público e o privado: un difícil equilibrio no quefacer socioeducativo e cultural", *Interea Visual*, 2006, 32-35.
- Caride, J. A.; Freitas, O. e Vargas, G. (2007): *Educação e desenvolvimento comunitario local: perspectivas pedagógicas e sociais da sustentabilidade*. Porto: Profedições.
- Caride, J.A., Pereira, O.M. e Vargas, G. (2007): *Educação e desenvolvimento comunitário local. Perspectivas pedagógicas e sociais da sustentabilidade*. Porto: Profedições.
- Carneiro, R. (1998): *Educação para a Cidadania e Cidades Educadoras*. Macau: Edição do Leal Senado de Macau.
- Carol, L. (2005): "Educación-Escuela-Territorio-Comunidad". *Aula de Innovación Educativa*, nº 145, pp. 77-81.
- Colom, A. J. (2001): "Ciudadanía y educación: el desarrollo de nuevos modelos socio-educativos". En Santos, M. A. e Lorenzo, M. (eds.): *A construcción educativa da cidade: unha perspectiva transversal*. Santiago de Compostela: Litonor, pp. 35-50.
- Comissão Europeia (2001): *Governança Europeia: Um Livro Branco*. Bruxelas: 25.07.2001. COM (2001) 428 final.
- Costa, J. (2007): *A planificação educativa dos municípios da Área Metropolitana do Porto segundo o conceito de Cidade Educadora*. Porto, Tese de mestrado aprovada na Universidade Portucalense.
- Del Pozo, J. M. (2008): "El concepto de ciudad educadora, hoy". En Asociación Internacional de Cidades Educadoras: *Educación y vida urbana: 20 años de Cidades Educadoras*. Madrid: Santillana, pp. 25-33.
- Delgado, P. (2006): *Os Direitos da Criança. Da participação à responsabilidade. O sistema de protecção e educação das crianças e jovens*. Porto: Profedições.

Domínguez, L. e Pardellas, X. (dirs., 2007): *Sete ideias para sete anos decisivos. Agenda Estratégica do Eixo Atlântico*. Porto: Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular.

EUROSTAT (2007): *Key data on Higher Education in Europe*. Luxemburgo: Serviço de Publicações Oficiais da Comissão Europeia.

Faure, E. (1973): *Aprender a ser*. Madrid: Alianza Editorial.

Fernandes, A. (2005a): "Contextos de intervenção educativa local e a experiência dos municípios portugueses". Formosinho, J., Fernandes, A., Machado, J. e Ferreira, F.: *Administração da Educação. Lógicas burocráticas e lógicas de mediação*. Porto, Edições ASA, 193-224.

Fernandes, A. (2005b): "Descentralização, desconcentração e autonomia dos sistemas educativos: uma panorâmica europeia". Formosinho, J., Fernandes, A., Machado, J. e Ferreira, F.: *Administração da Educação. Lógicas burocráticas e lógicas de mediação*, Porto, Edições ASA, 53-90.

Figueras Bellot, P. (2008): "Ciudades Educadoras".

En: http://www.bcn.es/edcities/aice/estatiques/espanyol/sec_educating.html [consulta en 15 de octubre de 2008].

Fonseca, M. Pires da (2004): "A política regional da União Europeia: uma utopia viável?", *E-topia: Revista Electrónica de Estudos sobre a Utopia*, n.º 2 (2004). ISSN 1645-958X

<http://www.letras.up.pt/upi/utopiasportuguesas/e-topia/revista.htm>

Formosinho, J. (1999): "Um novo conceito de escola". Machado, J. (coord.): *Actas do Seminário Autonomia, Flexibilidade e Associação*. Braga: Centro de Formação de Associação de Escolas Braga/Sul, 29-34.

Formosinho, J. (2005): "A construção da autonomia das escolas: lógicas territoriais e lógicas afinitárias". Formosinho, J., Fernandes, A., Machado, J. e Ferreira, F.: *Administração da Educação. Lógicas burocráticas e lógicas de mediação*. Porto: Edições ASA, 307-319.

Gómez, C. e outros (2001): *La ciudad como proyecto educativo*. Barcelona: Octaedro.

Gómez de la Iglesia, R. (2001): "Prólogo: Hacia la ciudad del encuentro, la ciudad de la emoción". En Varios Autores: *Cultura, desarrollo y territorio*. Vitoria-Gasteiz: Xabide, pp. 13.19.

Jurado, J. R. (2003): "Ciudad educadora. Aproximaciones contextuales y conceptuales". *Estudios Pedagógicos*, n.º 29, pp. 127-142.

- Longas, J., Civis, M. e Riera, J. (2008): "Asesoramiento al desarrollo de redes socioeducativas locales: funciones y metodología". *Cultura y Educación*, vol. 20, nº 3, pp. 303-321.
- Maragall, P. (2008): "La ciudad de las personas". En Asociación Internacional de Ciudades Educadoras: *Educación y vida urbana: 20 años de Ciudades Educadoras*. Madrid: Santillana, pp. 13-16.
- Marques, A. P. (2005): "Educação e cidadania na Euro-região", em Bouzada, X. (coord.), *Livro II. Políticas Sociais e Cidadania, Segundos Estudos Estratégicos do Eixo Atlântico*, INTERREG III A – Subprograma Norte de Portugal – Galiza. Fundo Europeu de Desenvolvimento regional. Ourense: Planeta (CD-Rom).
- Marques, A. P. e Moreira, R. (2005). "Igualdade na diversidade na Euro-região", em Bouzada, X. (coord.), *Livro II. Políticas Sociais e Cidadania, Segundos Estudos Estratégicos do Eixo Atlântico*, INTERREG III A – Subprograma Norte de Portugal – Galiza. Fundo Europeu de Desenvolvimento regional. Ourense: Planeta (CD-Rom).
- Merino, A. e Plana, J. (coord.): *La ciudad educa: aportaciones para una política educativa local*. Barcelona: Ediciones del Serbal.
- Molina, S. (2005): "Retos de las ciudades educadoras asturianas". *Magister: Revista miscelánea de investigación*, Nº 21, 7-26.
- Moll, J. (2008): "La ciudad y sus caminos educativos: escuela, calle e itinerarios juveniles". En Asociación Internacional de Ciudades Educadoras: *Educación y vida urbana: 20 años de Ciudades Educadoras*. Madrid: Santillana, pp. 217-226.
- Petit, A.; Badosa, J. e Mampel, J. (2002): "Educación y escuela. El nuevo papel de la escuela dentro de una concepción educativa más amplia. Los Proyectos Educativos de Ciudad y sus actores". En Subirats, J. (coord., 2002): *Gobierno Local y Educación: la importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela*. Barcelona: Ariel, pp. 199-221.
- Plana, J. (2007): "Apuntes para una reflexión sobre política educativa, territorio y familias". En Merino, A. e Plana, J. (coord.): *La ciudad educa: aportaciones para una política educativa local*. Barcelona: Ediciones del Serbal, pp. 139-153).
- Plandiura, R., e Perdigó i Solà, J. (2002): "Los condicionantes jurídicos en España: ¿pueden los ayuntamientos intervenir en política educativa?: Límites y oportunidades". Subirats, J (Ed.): *Gobierno local y educación: La importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela*. Barcelona: Ariel, 161-198.
- Pose, H. (2006): *La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico-social*. Barcelona: Graó.

- Riba i Romeva, C., Alsinet i Caballería, J., e Ribera, M. (2002): "¿Cuál es el nivel de gobierno adecuado para ocuparse del sistema educativo?: La situación en europa". Subirats, J. (Ed.), *Gobierno local y educación: La importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela*. Barcelona: Ariel, pp. 113-160.
- Ríos González, M. F. (2002): "Evolución de la Educación Permanente. Perspectiva de la UNESCO". *Diálogos*, vol. 3, nº 31-32, pp. 87-92.
- Rodríguez-Posé, Andrés & Ugo Fratesi (2004): "Between Development and Social Policies: the Impact of European Structural Funds in Objective 1 Regions". *Regional Studies*, nº 38.1. pp. 97-113. <http://w10.bcn.es/APPS/eduportal/pubPortadaAc.do>
- Subirats, J. (2002): *Gobierno local y educación: La importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela*. Barcelona: Ariel.
- Subirats, J. (2002): "Educación y territorio. El factor proximidad y de comunidad en las políticas educativas". En Subirats, J. (coord., 2002): *Gobierno Local y Educación: la importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela*. Barcelona: Ariel, pp. 23-50.
- Subirats, J. (coord., 2002): *Gobierno Local y Educación: la importancia del territorio y la comunidad en el papel de la escuela*. Barcelona: Ariel.
- Tate, W. (2008): "Geography of opportunity: Poverty, place and Educational Outcomes". *Educational Research*, vol. 37, nº 7, 3779-411.
- Teichler, U. (2007): *Careers of University Graduates. Views and Experiences in Comparative Perspectives*, «Higher Education Dynamics, nº 17». London: Springer
- Trilla, J. (1990): "Introducción". En Ajuntament de Barcelona: *La ciudad educadora*. Barcelona: Ajuntament de Barcelona, pp. 15-21.
- Trilla, J. (1999): "A educação non formal e a Cidade Educadora. Dúas perspectivas (unha analítica e outra globalizadora) do universo da educación". *Revista Galega do Ensino*, nº 24, pp. 199-211.
- Trilla, J. (2005): "La ciudad educadora: Municipio y educación". Peiró i Gregory, S. (Ed.): *Nuevos espacios y nuevos entornos en educación*. Alicante: Editorial Club Universitario, 19-42.
- Varios autores (2008): *Educación y vida urbana. 20 años de Ciudades Educadoras*. Madrid: Santillana.
- Vilar, J. (2008): "Implicaciones éticas del trabajo en red y la acción comunitaria". *Cultura y Educación*, vol. 20, nº 3, pp. 267-277.
- Vintró, E. (2001): "Educación, escuela, ciudad: el Proyecto Educativo de la ciudad de Barcelona". En Gómez-Granell, C. e Vila, I. (coord.): *La ciudad como proyecto educativo*. Barcelona: Octaedro, pp. 33-52.

PÁXINAS WEB

<http://w10.bcn.es/APPS/eduportal/pubPortadaAc.do>

<http://www.eixoatlantico.org/index.php>

Anexo 1

GLOSARIO

De seguido preséntase unha escolma dos conceptos máis frecuentes e salientables nas políticas educativas locais. Preténdese, dunha banda, achegarse aos significados da terminoloxía máis empregada a cotío e xerar consensos sobre os contidos e os conceptos de política educativa. Por outra, procúrase axudar a dominar unha linguaxe propia que unifique criterios.

Abandono escolar

Concepto que se utiliza para referirse ao feito de deixar de asistir de forma permanente á escola por parte da poboación que, estando en idade escolar, non completou o ciclo educativo obrigatorio e non cursa outro tipo de estudos ou formación.

Absentismo escolar

Fenómeno que responde ás dificultades de integración na vida escolar que presentan algúns rapaces e rapazas en idade de escolarización obrigatoria. Maniféstase co progresivo e reiterativo afastamento do centro educativo, cunha inhibición das actividades da aula e/ou a non asistencia repetida ás clases, xa sexa pola vontade do menor, dos pais ou pola expulsión reiterada.

Acción socioeducativa

Actividade ou conxunto de actividades e procesos socioeducativos, planificados e intencionais, que procuran ben a interiorización dun determinado coñecemento, ben sensibilizar diante dunha problemática. Neste caso, promóvese un posicionamento crítico diante dela e a adquisición de novos hábitos que permitan contribuír á solución do problema.

Actividades complementarias

Constitúen o conxunto de actividades dirixidas aos centros educativos, durante o horario escolar, para colaborar na educación integral do alumnado, aportando determinados contidos científicos e/ou sociais -en concordancia co seu proxecto curricular- que a escola non pode ofrecer internamente.

Actividades extraescolares ou extracurriculares

Actividades encamiñadas a potenciar a apertura do centro escolar ao seu contorno fóra do horario lectivo. De carácter voluntario para ao alumnado, procuran a implicación activa de toda a comunidade educativa. Adoitan estar organizadas e apoiadas polos municipios e as ANPAs, fundamentalmente.

Administración educativa

Órgano de goberno responsable de asegurar o dereito á educación de todos os cidadáns, así como de garantir o correcto funcionamento de todos os elementos do sistema educativo.

Alfabetización

Proceso continuo de aprendizaxe de competencias cognitivas que oscilan dende un nivel básico ata un máximo indeterminado, e que capacitan para utilidades sociais espazo-temporais recoñecidas pola comunidade.

Animación Sociocultural

Conxunto de métodos e prácticas sociais que ten como finalidade estimular a iniciativa e a participación das comunidades no proceso do seu propio desenvolvemento, así como na vida sociopolítica na que están integradas.

Aprender a aprender

Principio de intervención educativa que consiste en facilitar un conxunto de recursos para desenvolver estratexias e habilidades que faciliten aprendizaxes futuras de forma autónoma.

Aprendizaxe ao longo da vida

Actividade de aprendizaxe realizada ao longo do ciclo vital co obxectivo de mellorar os coñecementos, as competencias e as aptitudes cunha perspectiva persoal, cívica, social ou relacionada coa ocupación. Denomínase tamén Aprendizaxe Permanente. Trátase dun concepto que se utiliza para expresar que a adquisición de coñecementos e competencias e a mellora das aptitudes e actitudes non finaliza ao rematar a formación básica, media ou superior, senón que continua ao longo de toda a vida.

Aprendizaxe – servizo

Actividade educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto, ben articulado, no que os participantes aprenden de forma integral traballando en necesidades reais do contorno coa finalidade de melloralo.

Axenda 21 Local

A Axenda 21 Local foi aprobada en Río de Janeiro en 1992. Trátase dun plan estrutural municipal de actuacións encamiñadas a conseguir que un territorio concreto teña un futuro sostible. No ámbito local foi posta en marcha durante os anos noventa en bastantes concellos. Normalmente conleva un proceso de participación, xa sexa na fase de diagnóstico ou na elaboración do plan de acción. A Axenda 21 recoñece a importancia da educación e incorpora elementos educativos para fomentar a sostibilidade.

No ano 2004 aprobouse a Axenda 21 da Cultura en Barcelona, documento que procura achegar respostas aos desafíos do desenvolvemento cultural dende o compromiso de acadar acordos que promovan a diversidade cultural, a multidimensionalidade da cultura e a importancia da creación e participación cultural.

Axentes culturais

Conxunto de actores (individuos relevantes na comunidade, grupos sociais, institucións e persoas vecelladas ao sector produtivo, profesionais dos distintos ámbitos da cultura...) que desempeñan funcións de liderado na dinámica cultural, tanto no que se refire ao ámbito da creación como no da promoción e difusión cultural.

Axentes socioeducativos

Conxunto de persoas, grupos sociais, entidades ou institucións de diversa índole que, desde calquera dos ámbitos da sociedade inflúen ou participan en actuacións de carácter social e educativo.

Axudas ao estudo

Programa de carácter compensatorio para familias e/ou alumnado desfavorecido social e economicamente. Consistente en outorgar bolsas de diversa contía económica para gastos derivados do seguimento de determinados estudos regrados: axudas para adquirir libros e material escolar, para o transporte, comedor, etc.

Boa práctica

Actuación innovadora e sostible que conseguiu optimizar unha forma de facer en calquera dos ámbitos das políticas locais. En xeral, as boas prácticas pódense tomar como referencia para impulsar procesos de mellora e de aprendizaxe.

Camiños escolares

Alternativa de mobilidade cidadá que articulan aquelas comunidades máis sensibles á educación da infancia e da adolescencia. Consiste en crear itinerarios seguros e agradables para que os nenos e as nenas poidan desprazarse a pé, e dunha maneira autónoma, da casa á escola, así como a outros equipamentos educativos de proximidade.

Carta de servizos

Documento público, elaborado e difundido por cada concello, servizo ou equipamento municipal no que se informa á cidadanía e ás persoas usuarias sobre os servizos que teñen encomendados, sobre os dereitos que lles asisten en relación a aqueles, así como sobre os compromisos de calidade na súa prestación.

Centro educativo

Establecemento organizado no cal se poden levar a cabo actividades educativas e de aprendizaxe de carácter regrado ou non regrado, pero que adoitan conducir á obtención de diplomas e cualificacións recoñecidas polo sistema educativo.

Cidade amigable

Denomínase así a unha cidade, ou a calquera sistema local de goberno, que se compromete a respectar os dereitos da infancia, polo que a opinión, as necesidades, as prioridades e os dereitos deste colectivo forman parte integrante das políticas, os programas e as decisións públicas.

Cidade Educadora

É unha idea/forza que concibe o medio urbano como contorno, axente e contido educativo, tanto desde unha perspectiva descritiva (a forma en que educan as cidades) como desde unha perspectiva proxectiva (criterios e tipos de intervención que optimicen a educación das cidades).

Cidade inclusiva

Comunidade urbana que se entende como espazo de relación entre minorías e maiorías traballando para unha cidadanía común co obxecto de consolidar unha adscrición identitaria por encima doutras identidades específicas dos grupos que a compoñen. Cidade, xa que logo, que abrangue e non exclúe por razóns de raza, crenza, status social ou ideoloxía.

Cidade sostible

É aquela que mantén unha visión integral do desenvolvemento urbano, enfatizando tal desenvolvemento como incremento da riqueza material, o aumento da calidade de vida e a reprodución das condicións sociais, económicas e institucionais para garantir o seu progreso, sen comprometer por elo a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas. Supón a implicación do territorio nos procesos de xestión e de explotación das actividades, garantindo así ao máximo a distribución dos efectos positivos, directos e indirectos, que puideran xerarse. Unha cidade sostible é aquela que é planificadora, racionalmente dotada, xusta, sostible co patrimonio de seu, creativa e diversa, ecolóxica, bela, promotora de espazo público, compacta e policéntrica.

Coeducación

Educación que fomenta a igualdade de oportunidades entre os nenos e nenas, opoñéndose ao sexismo educativo.

Comisión de escolarización

Órgano que garante o cumprimento das normas sobre admisión do alumnado e a participación dos diferentes sectores educativos no seguimento do

proceso de asignación de prazas escolares. As comisións de escolarización que actúan no ámbito territorial do municipio son parte integrante da oficina municipal de escolarización.

Competencia social e cidadá

Ter capacidade de coñecemento dos problemas, ser quen de priorizar, de escoller as vías e de xestionar os recursos para afrontalos, preferentemente de xeito colectivo.

Competencias básicas

Son unha combinación de coñecementos, aptitudes e actitudes apropiados a unha situación determinada. Refírense a aquelas que posibilitan a todos os individuos a súa realización como persoas, a inclusión social, a cidadanía activa e a ocupación, no marco dunha sociedade da información ao longo da vida.

Competencias educativas locais

Conxunto de ámbitos de acción atribuídos aos gobernos locais pola lexislación vixente, definindo os campos e niveis de responsabilidade dos concellos en materia educativa.

Comunidade educativa

Tendo como obxectivo común o interese pola calidade do ensino, refírese ao ámbito de carácter territorial dun centro educativo como espazo privilexiado para a potenciación de novas vías de participación e de implicación de persoas, colectivos de pais e nais, equipos directivos, xestores políticos e técnicos, así como doutras entidades socioculturais na educación.

Comunidade de aprendizaxe

Consiste na transformación social e cultural dun centro educativo -ou de varios- e do seu contorno, baseándose na aprendizaxe dialóxica. Isto supón apostar por unha reorganización integral, dende a aula ata a organización dos propios centros e a súa relación coa comunidade, rueiro ou vila, en base ao diálogo con institucións, colectivos e persoas desa localidade.

Concellaría de Educación

Órgano de goberno municipal de asistencia ao alcalde ou á alcaldesa, cun concelleiro ou concelleira ao fronte da mesma e con encomendas vinculadas á educación. Ten como principais obrigas ás de cumprir a lexislación educativa vixente, mais pode desenvolver outras que amplíen os seus labores en termos de servizos, programas e actividades dirixidas tanto ao ensino regrado como á alfabetización e á aprendizaxe permanente.

Consello Educativo Municipal

Máximo órgano consultivo do municipio en educación. Lexislado pola Lei Orgánica da Educación (1985), está presidido polo alcalde ou alcaldesa e con-

fórmano representantes políticos dos partidos con presenza no Pleno Local, da dirección e do profesorado dos centros, dos pais e das nais, do alumnado, do persoal de servizos, dos sindicatos e das asociacións dese municipio. Así mesmo, adoita cumprir unha función consultiva, de participación, de proposta e de estudo para todas aquelas cuestións con incidencia educativa nesa comunidade local.

Consello Escolar de Centro

Órgano de participación no control e xestión do centro educativo, aberto aos diversos sectores da comunidade educativa. Formula propostas sobre a programación, a convivencia, a colaboración con outros centros, entidades e organismos; aproba o regulamento de réxime interno e os presupostos, informa o proxecto educativo, coñece a resolución de conflitos disciplinarios, promove a renovación e conservación das instalacións e equipamentos e analiza e valora o funcionamento do centro, así como o rendemento escolar e os resultados da avaliación.

Consellos educativos territoriais

Organismos colexiados de consulta e participación que teñen como obxectivo potenciar e facer máis efectiva a implicación dos sectores afectados na programación xeral do ensino non universitario. Estes son o consello escolar, os consellos escolares territoriais e os consellos escolares municipais.

Corresponsabilidade

Modo de liderar e desenvolver os procesos participativos que se caracteriza porque o nivel de implicación -tanto do goberno municipal como dos axentes sociais e/ou cidadáns- na responsabilidade que corresponde a cada un deles, mostra a viabilidade e cualidade das respostas ao plan establecido.

Dereito á educación

Ámbito específico do Dereito recollido na lexislación e referido ao dereito a unha praza escolar para cada neno e nena, sen discriminación. Tamén se refire a dispor dun ensino de calidade onde, ademais da formación necesaria, a educación estea baseada nos dereitos humanos, respectando as características propias e diversas dos cativos.

Descentralización educativa

Proceso que trata da transferencia de poder de decisión e xestión aos órganos e niveis de goberno máis próximos á cidadanía, así como ás persoas usuarias dos servizos educativos. Pode darse entre a Administración central e a Autónoma, ou desta última á Local.

Educación de persoas adultas

Conxunto de procesos de aprendizaxe, regrados ou non, polos cales as persoas ás que o seu contorno social considera adultos, desenvolvan as súas capa-

idades, enriquezan os seus coñecementos e melloren as súas competencias técnicas ou profesionais, a fin de reorientalas para atender as súas propias necesidades e as da sociedade.

Educación en valores

Proposta educativa que persigue fomentar actitudes que favorezan a felicidade de todas as persoas, no seu conxunto, nun marco de respecto polo contorno natural, social e cultural. Así, lévanse a cabo programas que fan referencia aos dereitos humanos, ao desenvolvemento social, á paz, á igualdade de oportunidades, á diversidade, ao medio ambiente, ao consumo responsable, etc.

Educación inclusiva

Conxunto de orientacións, prácticas e metodoloxías que fan da educación un instrumento de cohesión e de integración social. No ámbito escolar, enténdese como o deseño e a aplicación de procesos de adaptación curricular e organizativa mediante as cales, unha escola ou un sistema educativo, atende ás necesidades de todo o alumnado ou de persoas concretas, nomeadamente as máis vulnerables ou con necesidades educativas especiais, de cara a evitar situacións de exclusión social.

Educación intercultural

Proposta de intervención educativa baseada nuns procesos de ensino-aprendizaxe que teñen como finalidade conseguir unha sociedade integrada, sen exclusións e con capacidade de respectar a diversidade cultural interna.

Educación para a cidadanía

Conxunto de procesos e de actividades de ensino e aprendizaxe que teñen por obxectivo fomentar o respecto dos dereitos humanos, a educación en valores democráticos e a cidadanía.

Educación permanente

Designa un proxecto global que trata de favorecer a conexión entre os diversos contornos de aprendizaxe dunha comunidade para facilitar a mobilidade das persoas dun a outro, así como dar unha resposta satisfactoria ás necesidades e demandas educativas de cadaquén.

Equipamentos socioculturais

Edifícios e instalacións onde se deseñan e/ou desenvolven programas, proxectos e actividades de acción sociocultural. A súa diversidade tipolóxica responde a diferentes criterios construtivos, de uso e de xestión, mais talvez a máis comunmente aceptada sexa a de “centralidade” e “de proximidade”.

Escolas de segunda oportunidade

Trátase dunha acción destinada a facilitar a inserción laboral de persoas con problemas de fracaso escolar, dotando dunha cualificación básica a aquela mocidade que, por diferentes motivos, non rematou o ensino obrigatorio con éxito. Baséase no deseño de itinerarios integrados en inserción, que inclúen: módulo de habilidades sociais, cursos de formación ocupacional, obradoiro de busca activa de emprego, realización de prácticas concertadas, etc.

Escolas municipais de artes

Iniciativas de promoción da creatividade, dirixidas á poboación en xeral, destinadas a ofrecer oportunidades de encontro, relación e formación básica en especialidades artísticas de toda índole (música, plástica, fotografía, danza, teatro, artes do movemento, etc.).

Espazos educativos

Lugares físicos (centros escolares, patios, equipamentos especializados...), comunicativos (programas de televisión, de radio, webs...) ou oportunidades para educar e educarse.

Formación profesional

Conxunto de ensinanzas que capacitan para o exercicio cualificado de diversas profesións, proporcionando ao alumnado a formación necesaria para adquirir a competencia específica de cada título, ademais de comprender a organización e as características do sector correspondente.

Igualdade de oportunidades

Termo referido a unha forma de xustiza social que propugna que un sistema é socialmente xusto e equitativo cando todas as persoas, potencialmente, teñen idénticas posibilidades de acceder ao benestar social e posúen os mesmos dereitos políticos e civís.

Inserción sociolaboral

Denominación utilizada para dar conta de distintos procesos transición, adaptación e/ou incorporación das persoas ao mundo laboral, favorecendo a súa transición ou inclusión desde diferentes situacións ou contextos de natureza formativa ou social (desemprego, discapacidade, vulnerabilidade, etc.).

Integración escolar

Conxunto de medidas e de actuacións (ordenación académica, recursos didácticos, actividades de formación e cambios de actitude) dirixidas a facer posible a escolarización e educación do alumnado con necesidades educativas especiais -ou con necesidades específicas- nos centros ordinarios.

Lecer

Experiencia humana complexa que se centra en actuacións elixidas libremente polas persoas, caracterizadas pola satisfacción que producen e por ser autotélicas (posúen un fin en si mesmas). Poñen en xogo a autonomía persoal e grupal, resultando vivencias con importantes implicacións nestes dous planos, podendo repercutir no desenvolvemento individual e comunitario. Sendo así, considérase un dereito humano básico do que ninguén debería ser privado.

Mapa de recursos educativos

Instrumento que recolle o conxunto da oferta educativa, regrada e non regrada, existente nun territorio concreto. O resultado da construción e análise deste mapa permite identificar aos actores educativos, as actividades e programas e as redes e espazos relacionados, articulados de forma estable no territorio.

Mapa escolar

Instrumento de planificación educativa do que se dota a administración pública para garantir unha oferta educativa de calidade, dirixida ao conxunto da poboación escolarizada en todas as etapas educativas.

Mediación educativa

Procedemento para resolver conflitos no que as partes, axudadas por unha persoa neutral -o mediador ou mediadora, que non decide por elas- procuran chegar a un acordo. A mediación escolar é unha boa ferramenta de prevención, xa que favorece os procesos de integración educativa dos escolares.

Necesidades educativas especiais

Atención educativa adaptada, temporal ou permanente, que pode ter un alumno ou alumna para desenvolver o máximo das súas posibilidades, así como para acadar os obxectivos establecidos no currículo da educación obrigatoria para o conxunto dos estudantes. Tamén fai referencia á educación especial.

Necesidades educativas específicas

Termo que alude ás necesidades educativas especiais, aos superdotados intelectuais, ás persoas estranxeiras e ás minorías étnicas; alumando cunhas necesidades ben concretas e que precisa -co obxectivo de acadar o máximo desenvolvemento posible- atención pedagóxica individualizada de persoal especializado nas distintas problemáticas.

Necesidades sociais

Concepto polisémico que alude a diferentes lecturas da situación de benestar social dunha comunidade, grupo ou individuo. Poden ser necesidades sociais: a diferenza entre os resultados desexados respecto dun estado ou activida-

de e os observados ou previstos; o cambio social desexado pola maioría do grupo de referencia; a dirección na que se pode predicir unha mellora social considerando a información dispoñible; aquel estado ou recurso tal que a súa ausencia ou deficiencia é prexudicial para a sociedade. O coñecemento das necesidades sociais (a través de procesos avaliativos), presenta unha referencia chave nas decisións vencelladas ao deseño de programas de intervención social que pretendan a mellora da calidade de vida.

Oficina Municipal de Escolarización

Servizo municipal creado entre a Consellería ou Delegación de Educación e os concellos -en colaboración- para facilitar o proceso de escolarización do alumnado do municipio nos niveis de infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria. As Oficinas Municipais de Escolarización traballan para velar polo cumprimento da legalidade nos procesos de matriculación, orientar e informar adecuadamente ás familias e procurar unha distribución equilibrada do alumnado con necesidades educativas específicas, de xeito que se posibilite a integración, se facilite a cohesión social e se favoreza unha calidade educativa adecuada.

Pacto local pola educación

Iniciativa dun goberno local para favorecer o diálogo e a participación da comunidade educativa e do conxunto da cidadanía sobre o futuro da educación nese contexto. Significa a expresión dun compromiso por mellorar a calidade das oportunidades educativas dun territorio.

Participación cidadá

Conxunto de actividades, procesos e técnicas polos que a poboación intervéñ nos asuntos públicos que lle afectan. O obxectivo de alentar e facilitar tal implicación social non é outro que o de darlle contido e ampliar a democracia participativa.

Pedagogía urbana

Conxunto de actividades educativas desenvolvidas no marco da administración local que pretende aproveitar á cidade como medio e como fin educador. Baixo tal filosofía, os concellos organizan unha batería de propostas de sensibilización e adquisición de coñecementos, tendo como destinatarios fundamentais aos nenos e as nenas en idade escolar. Polo xeral, desenvólvense fóra da aula.

Plan de acollida

Conxunto de medidas, recursos, equipamentos e estratexias didácticas que, dunha forma organizada, teñen como obxectivo acoller ao alumando novo dentro do sistema educativo. Trasladado ao ámbito municipal, o plan de aco-

llida é unha ferramenta para facilitar a integración educativa e social das persoas.

Plan de convivencia escolar

Proxecto conformado por orientacións, estratexias e material didáctico que procura a posta en práctica da educación na convivencia, a prevención de conflitos escolares e o desenvolvemento de habilidades sociais, axudando ao alumnado na súa transición á vida adulta, á educación superior ou ao mercado laboral.

Planeamento estratéxico

Concepto que, extraído do eido militar e empresarial, comezou a utilizarse como instrumento analítico e decisorio na xestión pública, nomeadamente na planificación e xestión urbana, para procurar un futuro desexable a medio-longo prazo. Parte da análise coparticipada de axentes sociais das fortalezas e ameazas dun territorio, de cara a tomar as decisións oportunas.

Política educativa local

Dimensión específica do poder político que determina, no caso dos gobernos locais, as directrices das actuacións a desenvolver no marco das súas atribucións, co obxectivo de dar resposta ás necesidades educativas do seu territorio e potenciar o seu desenvolvemento.

Programa de coñecemento do contorno

Iniciativa de sensibilización sobre o patrimonio cultural e medioambiental local dirixida normalmente ao alumnado de escolaridade obrigatoria dun municipio. Consiste en actividades diversas (obradoiros, saídas, charlas, exposicións...), deseñadas cun alto grao de consenso con profesorado implicado e que serven de apoio á formación curricular que se imparte nos centros escolares. Adoita ser unha proposta educativa deseñada e implementada dende o departamento de educación do municipio.

Proxecto educativo de centro

Documento que diseña as estratexias, vinculadas á realidade social, cultural e económica do alumnado, para poder lograr tanto os obxectivos que marca a lexislación educativa como aqueles que a comunidade educativa considera avances, ben na formación académica, profesional e cultural, ben en valores de cidadanía.

Proxecto educativo de cidade

Instrumento metodolóxico de tipo estratéxico que, fundamentándose nun modelo de cidade, ten por obxecto establecer un plan de actuación específica adaptada ao territorio e ás necesidades sociais. Como ferramenta de planea-

mento, parte do marco ideolóxico e programático do goberno local para desenvolver un proceso de traballo en diversos estadios, que se concretan nunhas accións adaptadas á realidade e as peculiaridades do contorno. Dito instrumento servirá para establecer as liñas xerais de intervención das políticas municipais de acordo a un modelo de participación e corresponsabilidade da cidadanía.

Rede de centros

Iniciativa de coordinación entre centros educativos como modo de impulsar procesos de innovación e renovación pedagóxica a través do intercambio de coñecementos, experiencias e recursos.

Servizos educativos municipais

Son aqueles servizos prestados polos concellos de forma regular e permanente, que teñen por finalidade satisfacer as necesidades educativas e proporcionar oportunidades aos membros dunha comunidade local.

Sistema educativo

Conxunto de medios a través dos que se concreta unha determinada ordenación da educación e dos seus niveis de ensino, e onde a acción formativa está orientada a favorecer o desenvolvemento global da persoa, así como o progreso social e democrático da sociedade.

Sociedade educadora

Filosofía pedagóxica que comparte o afán pola mellora da educación, das ensinanzas e das aprendizaxes que procura. Asume como obxectivo permitir a formación integral e integradora das persoas e das comunidades nas que se desenvolven acotío, aspirando a que sexan máis cultas, máis cívicas e con valores democráticos, facilitándolles oportunidades para adquirir saberes humanísticos, científicos e tecnolóxicos, tanto para un desempeño laboral como para o exercicio da condición de cidadán. Trátase dunha tarefa á que se foron asociando distintas propostas e iniciativas con outras denominacións: sociedade educativa, sociedade pedagóxica, Cidade Educadora, etc.

Tempos educativos

Aluden a un amplo conxunto de tempos sociais, nos que existe implícita ou explicitamente unha intencionalidade educativa ou formativa. Articulados en diferentes ritmos e secuencias, ademais de dar resposta a determinadas necesidades ou dereitos das persoas (entre eles, e de xeito prioritario, os que teñen como soporte a escolaridade obligatoria e o lecer), exercen un labor regulador da vida en común, respecto da que desempeñan un importante papel na planificación e xestión das oportunidades sociais. Nesta perspectiva deben ser entendidos os debates e decisións que se están adoptando nas últimas décadas arredor da conciliación da vida laboral e familiar, dos calendarios e horarios escolares, dos bancos de tempo, da educación do ocio, etc.

Traballo en rede

A rede é a forma de organización máis habitual da actividade humana a pequena escala. O traballo en rede en educación non supón coordinación total, mais axuda a superar o illamento entre axentes; é posible a especialización, pero buscando a colaboración e a relación; permite a permanencia e a flexibilidade, o aproveitamento dos recursos existentes e a creación e adaptación doutros; e, sobre todo, fai posible a coordinación sen xerarquización. Todas as iniciativas locais que procuren o traballo en rede (entre concellos, concelle-rías, departamentos, axentes...) optimizan tempo e esforzos.

Transversalidade

Representa un conxunto de valores e actitudes que deben ser asumidos e abordados dende as diversas políticas públicas locais a través dos seus órganos e recursos. Actuar transversalmente, co que conleva de coordinación e colaboración entre equipos, é expresión de innovación e de maior eficacia na xestión política.

Universidade Popular

Iniciativa de desenvolvemento educativo e cultural, auspiciada e sustentada -maioritariamente- polo municipio, co obxectivo de promover a participación social, a educación, a formación e a cultura, mellorando a calidade de vida das persoas e da comunidade. Xurdiron ao abeiro do *Instituto Libre de Enseñanza*, na II República, e acadaron o seu punto álxido na década dos anos oitenta.

Voluntariado

Conxunto de persoas que, por elección propia, adican unha parte do seu tempo á acción solidaria, altruista, sen percibir remuneración por iso. Adoitan intervir nos ámbitos social, educativo, medioambiental, cultural, deportivo, dereitos humanos e solidariedade, saúde, etc.

Xestión directa

Unha das formas de xestión dos servizos públicos locais. Na xestión directa o ente local ten a titularidade e exerce de forma exclusiva as potestades de dirección, de control e de xestión do servizo. Pode adoptar unha das modalidades seguintes: xestión ordinaria dos entes locais, a través dunha organización especial desconcentrada, un organismo autónomo local, unha entidade pública empresarial ou unha sociedade mercantil de capital integramente público.

Xestión indirecta

Outra das formas de xestión de servizos públicos locais. Na xestión indirecta o ente local ten a titularidade e as potestades de dirección e de control, pero

a xestión é exercida por terceiros. Esta forma de xestión pode levarse a cabo a través dalgunha das seguintes modalidades: unha concesión, unha xestión interesada, un concerto ou unha sociedade mercantil de capital mixto.

Xestión mixta

Resulta de combinar a xestión directa coa indirecta.



EIXO ATLÂNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR



Portugal-España
Cooperação Transfronteiriça
INTERREG III A
Cooperação Transfronteiriça
Especial Portugal
SUBPROGRAMA NORTE DE PORTUGAL - GALIZA



UNIÃO EUROPEIA
Fundo Europeu
de Desenvolvimento Regional